

IES PLURILÍNGÜE DE AMES

Departamento de Matemáticas

Programación Didáctica. Curso 2021-2022

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	5
2	CONTEXTUALIZACIÓN	7
3	O DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS	9
4	O CURRÍCULO: DEFINICIÓN E ELEMENTOS QUE O FORMAN.	11
5	AS COMPETENCIAS CLAVE.	12
5.1	RELACIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE E DEFINICIÓN	12
5.2	CONTRIBUCIÓN DAS MATEMÁTICAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE	12
5.3	PERFÍS DAS COMPETENCIAS CLAVE	14
6	OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	18
6.1	INTRODUCCIÓN.	18
6.2	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN EN TÓDALAS MATERIAS DA PROGRAMACIÓN	18
7	A AVALIACIÓN	21
7.1	CARACTERÍSTICAS DA AVALIACIÓN NA ESO	21
7.2	CARACTERÍSTICAS DA AVALIACIÓN NO BACHARELATO	22
7.3	GRAO MÍNIMO DE DESENVOLVEMENTO DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE	23
7.4	MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NUNHA MATERIA	24
7.5	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	25
7.6	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	26
7.7	CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.	27
7.7.1	CON DOCENCIA PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL	28
7.7.2	CON DOCENCIA NON PRESENCIAL	29
7.8	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR SEGUNDO OS RESULTADOS.	29
7.8.1	INTRODUCCIÓN	29
7.8.2	OBXECTIVOS	30
7.8.3	TEMPORALIZACIÓN	30
7.8.4	INSTRUMENTOS	30
7.8.5	ASPECTOS FUNDAMENTAIS A DIAGNOSTICAR INDIVIDUALMENTE	31
7.8.6	ASPECTOS FUNDAMENTAIS A DIAGNOSTICAR GLOBALMENTE EN CADA GRUPO	31
7.8.7	MEDIDAS	31
8	A PROGRAMACIÓN NA ESO	33
8.1	FINALIDADE DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	33
8.2	OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	33
8.3	METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	34
8.4	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	37
9	CURRÍCULO DE MATEMÁTICAS DE 1º ESO	38
9.1	LIBRO DE TEXTO	38
9.2	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.	38
9.3	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES.	39
9.4	TAMAÑO DO PERFIL DE CADA COMPETENCIA CLAVE NA MATERIA.	49
9.5	PERFÍS COMPETENCIAIS NA MATERIA E PESO COMPETENCIAL DA MESMA. PONDERACIÓNS E COMPARATIVAS NO MESMO NIVEL	50
9.6	ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA MANEIRA DE CONTRIBUÍR A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	51
9.7	CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA.	52
9.8	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.	54
10	CURRÍCULO DE MATEMÁTICAS DE 2º ESO	56
10.1	LIBRO DE TEXTO	56
10.2	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.	56
10.3	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES.	57
10.4	TAMAÑO DO PERFIL DE CADA COMPETENCIA CLAVE NA MATERIA.	69

10.5 PERFÍS COMPETENCIAIS NA MATERIA E PESO COMPETENCIAL DA MESMA. PONDERACIÓNS E COMPARATIVAS NO MESMO NIVEL	70
10.6 ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA MANEIRA DE CONTRIBUÍR A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	71
10.7 CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA	72
10.8 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.	74
11 CURRÍCULO DE MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS ACADÉMICAS DE 3º ESO	76
11.1 LIBRO DE TEXTO	76
11.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.	76
11.3 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES.	77
11.4 TAMAÑO DO PERFIL DE CADA COMPETENCIA CLAVE NA MATERIA.	88
11.5 PERFÍS COMPETENCIAIS NA MATERIA E PESO COMPETENCIAL DA MESMA. PONDE RACIÓNS E COMPARATIVAS NO MESMO NIVEL	89
11.6 ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA MANEIRA DE CONTRIBUÍR A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	91
11.7 CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA	92
11.8 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.	93
12 CURRÍCULO DE MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS ACADÉMICAS DE 4º ESO	96
12.1 LIBRO DE TEXTO	96
12.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.	96
12.3 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES.	97
12.4 TAMAÑO DO PERFIL DE CADA COMPETENCIA CLAVE NA MATERIA.	106
12.5 PERFÍS COMPETENCIAIS NA MATERIA E PESO COMPETENCIAL DA MESMA. PONDERACIÓNS E COMPARATIVAS NO MESMO NIVEL	107
12.6 ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA MANEIRA DE CONTRIBUÍR A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	108
12.7 CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA	109
12.8 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.	111
13 CURRÍCULO DE MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSinANZAS APLICADAS DE 4º ESO	113
13.1 LIBRO DE TEXTO	113
13.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.	113
13.3 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES.	114
13.4 TAMAÑO DO PERFIL DE CADA COMPETENCIA CLAVE NA MATERIA.	123
13.5 PERFÍS COMPETENCIAIS NA MATERIA E PESO COMPETENCIAL DA MESMA. PONDERACIÓNS E COMPARATIVAS NO MESMO NIVEL	123
13.6 ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA MANEIRA DE CONTRIBUÍR A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	125
13.7 CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA	126
13.8 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.	128
14 A PROGRAMACIÓN NO BACHARELATO	129
14.1 FINALIDADE DO BACHARELATO	129
14.2 OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO	129
14.3 METODOLOXÍA DIDÁCTICA NO BACHARELATO	130
14.4 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	132
15 CURRÍCULO DE MATEMÁTICAS I DE 1º BACHARELATO	134
15.1 LIBRO DE TEXTO	134
15.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.	134
15.3 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES.	135
15.4 TAMAÑO DO PERFIL DE CADA COMPETENCIA CLAVE NA MATERIA.	146
15.5 PERFÍS COMPETENCIAIS NA MATERIA E PESO COMPETENCIAL DA MESMA. PONDERACIÓNS E COMPARATIVAS NO MESMO NIVEL	147
15.6 ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA MANEIRA DE CONTRIBUÍR A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	148
15.7 CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA	150
15.8 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.	152
16 CURRÍCULO DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I DE 1º BACHARELATO	154
16.1 LIBRO DE TEXTO	154

16.2	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.	154
16.3	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES.	154
16.4	TAMAÑO DO PERFIL DE CADA COMPETENCIA CLAVE NA MATERIA.	166
16.5	PERFÍS COMPETENCIAIS NA MATERIA E PESO COMPETENCIAL DA MESMA. PONDERACIÓNS E COMPARATIVAS NO MESMO NIVEL	166
16.6	ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA MANEIRA DE CONTRIBUÍR A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	168
16.7	CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA	170
16.8	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRES A MATERIA.	172
17	CURRÍCULO DE MATEMÁTICAS II DE 2º BACHARELATO	173
17.1	LIBRO DE TEXTO	173
17.2	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.	173
17.3	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES.	174
17.4	TAMAÑO DO PERFIL DE CADA COMPETENCIA CLAVE NA MATERIA.	184
17.5	PERFÍS COMPETENCIAIS NA MATERIA E PESO COMPETENCIAL DA MESMA. PONDERACIÓNS E COMPARATIVAS NO MESMO NIVEL	185
17.6	ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA MANEIRA DE CONTRIBUÍR A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	187
17.7	CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA	189
17.8	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRES A MATERIA.	190
18	CURRÍCULO DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II DE 2º BACHARELATO	191
18.1	LIBRO DE TEXTO	191
18.2	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.	191
18.3	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES.	192
18.4	TAMAÑO DO PERFIL DE CADA COMPETENCIA CLAVE NA MATERIA.	201
18.5	PERFÍS COMPETENCIAIS NA MATERIA E PESO COMPETENCIAL DA MESMA. PONDERACIÓNS E COMPARATIVAS NO MESMO NIVEL	201
18.6	ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA MANEIRA DE CONTRIBUÍR A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	203
18.7	CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA	205
18.8	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRES A MATERIA.	206
19	ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO PARA O PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE DE 2º ESO	207
19.1	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	207
19.2	OBXECTIVOS DA ETAPA	208
19.3	METODOLOXÍA	211
19.4	CURRÍCULO DO ÁMBITO CIENTÍFICO – TECNOLÓXICO DE 2º PMAR	213
19.5	A AVALIACIÓN	220
19.5.1	INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN	220
19.5.2	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	221
19.5.3	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	222
19.6	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	222
19.7	RÚBRICAS PARA A AVALIACIÓN	223
20	MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS DE 2º ESO	226
20.1	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	226
20.2	OBXECTIVOS	227
20.3	METODOLOXÍA	228
20.4	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES	228
20.5	A AVALIACIÓN	234
20.5.1	RÚBRICAS PARA A AVALIACIÓN	235
21	MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS DE FP BÁSICA II	238
21.1	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	238
21.2	ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS	238
21.3	COMPETENCIAS DO MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS II E LIÑAS DE ACTUACIÓN	239
21.4	OBXECTIVOS XERAIS DO MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS II	240
21.5	CONTIDOS DO MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS II	241

21.6 UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN	245
21.7 METODOLOXÍA DIDÁCTICA	245
21.8 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	246
21.9 RESULTADOS DA APRENDIZAXE E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	247
21.10 AVALIACIÓN DO MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS II	252
21.10.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	252
21.10.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	252
21.10.3 PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS PENDENTES	253
21.10.4 SUPERACIÓN DE MÓDULOS PENDENTES	253
21.11 MEDIDA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	253
21.12 ACTIVIDADES DESTINADAS AO FOMENTO DA LECTURA	254
21.13 EMPREGO DAS TICS	254
22 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	256
22.1 INTRODUCCIÓN	256
22.2 PLANIFICACIÓN DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	256
22.3 REFORZOS EDUCATIVOS FORA DA AULA	258
22.4 APOIOS NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	258
22.5 MEDIDAS DE ATENCIÓN ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO CON TDAH	259
22.6 MEDIDAS DE ATENCIÓN ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO CON SÍNDROME DE ASPERGER	260
22.7 MEDIDAS DE ATENCIÓN ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES	261
22.8 MEDIDAS DE ATENCIÓN ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE TARDÍA INCORPORACIÓN AO CENTRO	265
23 PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	267
23.1 INTRODUCCIÓN	267
23.2 INFORMACIÓN INICIAL	267
23.3 PLAN DE TRABALLO	267
23.4 PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	268
24 ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO	269
24.1 INTRODUCCIÓN	269
24.2 PROCEDEMENTO	269
25 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	271
26 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO	272
26.1 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC	272
26.2 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR	273
27 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	275
28 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	277
29 APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN	279

1. Introducción

Esta programación está deseñada conforme ás instrucións recollidas no artigo 29, da resolución do 30 de xullo 2020, polo que se dictan as instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. Tódolos elementos incluídos nas citadas instrucións son recollidos na redacción deste documento, se ben a súa orde foi adaptada á estrutura que se lle pretendeu dar a esta programación.

O **marco normativo básico** no que se encadra entón o presente documento é o seguinte:

- Orde de 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Circular 9/1999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na Educación Secundaria Obrigatoria.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE).
- Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.
- ORDE do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE. (DOG 21/12/2011).

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.
- Real Decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación de la Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- ORDE do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 17 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.

2. Contextualización

O IESP de Ames está situado no extrarradio da localidade de Bertamiráns, no concello de Ames. Nel impártense os catro cursos da Educación Secundaria Obrigatoria, os Bacharelatos de Ciencias e o de Humanidades e Ciencias Sociais e dous cursos de Formación Profesional Básica de informática de oficina. É un instituto que recolle unha gran variedade de alumnado, de extracción rural e cidadá, de diferentes situacións sociais e económicas, de orixes nacionais e tamén alleas. Todos eles teñen intereses escolares moi diferentes e, na medida das nosas posibilidades, o noso obxectivo é tratar de que a súa formación matemática sexa a mellor posible para cada un deles.

Neste curso 2021-22 o número de alumnos e alumnas do centro vai estar polos setecentos cincuenta e unha moi grande porcentaxe deles van estudar, dun ou doutro xeito, materias de matemáticas. Evidentemente de xeito diverso. Por un lado temos ao alumnado da ESO, que a súa vez podemos dividir en dous grupos: aqueles que van a estudar Bacharelato e os que farán Formación Profesional e, por outro lado, temos ao alumnado de Bacharelato, nas súas modalidades de Ciencias ou Humanidades e Ciencias Sociais, que tamén teñen intereses moi diversos de cara ao seu futuro.

Atender a esta diversidade, ao tempo que se respecta a programación, non sempre é doado e máis se temos en conta os prexuízos que acompañan ás matemáticas no eido do ensino. Trataremos de levar a cabo esta tarefa con esforzo, procurando graduar as dificultades, apelando á intuición e introducindo a abstracción pouco a pouco. Sabemos tamén que unha grande parte do alumnado non ten unha actitude axeitada e que determinadas situacións sociais xogan en contra do noso traballo; ser docente esixe unha certa dose de realismo, que tampouco debe levar á melancolía.

O escenario que nos atopamos este curso con respecto á medidas de atención sanitaria serán similares ao do curso pasado polo que a metodoloxía será similar ao do pasado curso. Si ben os contidos non impartidos o curso anterior non son moi distintos a un curso académico normal polo que, agás a maior utilización da aula virtual do centro, as diferencias con un curso normal son pequenas. Os intereses e preocupacións do noso alumnado seguirán na liña do curso pasado, ao igual que a iteración con eles e entres eles. As aulas seguirán na liña do curso pasado, separados de forma individual e sen poder facer grupos de traballo e a lousa da preocupación e benestar social seguirá presente nas nosas aulas.

Ao seguir coa posibilidade de cuarentenas entre o noso alumnado, os membros do Departamento, ao igual que no curso pasado, terán matriculado a todo o seu alumnado nun curso da aula virtual do centro e, a través del, farán o seguemento do alumnado que poida estar confinado,

facendo actividades, solicitando terefas, colgando o material didáctico necesario para a adquisición dos contidos e destrezas (videos propios e de terceiros, presentacións, material interactivo, ...), con instruccións claras e fomentando o traballo colaborativo entre eles, sacándolle partido aos foros de axuda que ten esta plataforma.

A administración pública comprometeuse a dotar de material informático e conectividade a todo aquel alumnado que o precisase, para así paliar a fenda dixital existente entre eles. Así que, se o alumnado carente de material avisa ao centro educativo, éste fai o propio coa Consellería e ésta cumple o dito, ningún/ha alumno/a debería ter problema para facer un seguimento telemático do curso, no que a material físico corresponde. As actividades irán organizadas de forma que ese seguimento poida ser flexible no referente a horarios, pois a organización familiar e de conciliación tamén serán variadas, seguindo a liña metodolóxica que a materia require e se reflicte

Nestes momentos as matemáticas non constitúen, máis aló dos inevitables casos particulares, un atranco para o noso alumnos. A porcentaxe de aprobados está perto do 80% e aínda así os resultados da selectividade son bos. Evidentemente hai alumnado que suspende ou repite, pero en conxunto podemos dicir que aqueles que demandan uns coñecementos matemáticos dun nivel axeitado poden conseguilo, e de feito lógrano. Ese segue a ser o noso obxectivo.

3. O Departamento de Matemáticas

Coma tódolos departamentos docentes dos Institutos de Educación Secundaria de Galicia, a súa organización e funcionamento está regulado pola seguinte normativa:

- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do citado Decreto 324/1996.
- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifica parcialmente a Orde do 1 de agosto de 1997.

Neste curso 2021-22, o Departamento reduce considerablemente o número de persoal con respecto ao curso anterior. O cadro de profesorado deste curso é:

PROFESOR/A	SITUACIÓN ADMINISTRATIVA NO CENTRO
Carreira Rodríguez, Julio	Destino definitivo
Giménez Insua, Miguel	Funcionario en expectativa de destino. (Módulo de Ciencias Aplicadas)
López Álvarez, Sara María	Destino definitivo - Xefatura de Departamento
Mosquera Pérez, Lila Beatriz	Destino definitivo
Pérez Fernández, Alba	Funcionaria en expectativa de destino. (Ámbito Científico e Matemático)
Raposo Rodríguez, Fernando	Destino definitivo – Secretario do centro
Rodríguez Fernández, Ana María	Destino definitivo – Coordinadora TIC do centro
Rodríguez Pereira, Laura	Funcionaria con destino definitivo noutro centro, en comisión de servizo
Santiago Díaz, Lucía	Funcionaria en expectativa de destino
Vázquez López, Marta	Destino definitivo

Neste curso 2021 – 2022, o Departamento imparte as materias aos grupos da seguinte forma:

	1º ESO Matemát.	2º ESO Matemát.	Matemát. manipulativas	2º PMAR Ámbito cient-tec.	3º ESO Matemáticas académicas	4º ESO Matemát. académicas	4º ESO Matemát. aplicadas	4º ESO TIC	Ámbito FPB II	1º BAC Matemát. I	1º BAC Matemát. aplicadas I	2º BAC Matemát. II	2º BAC Matemát. aplicadas II	2º BAC Afondamento Matemát. II
Carreira Rodríguez, Julio		2º ESO E 2º ESO F				4º ESO C 4º ESO D								
Giménez Insua, Miguel				2º ESO G	3º ESO B 3º ESO D 3º ESO E									
López Álvarez, Sara Mª			2º ESO C 2º ESO D		3º ESO C							2º BAC A 2º BAC D		2º BAC A 2º BAC D
Mosquera Pérez, Lila Beatriz	1º ESO A 1º ESO B (tit)					4º ESO A 4º ESO B								
Pérez Fernández, Alba	1º ESO F (tit) 1º ESO G								FPB 2º					
Raposo Rodríguez, Fernando								4º ESO						
Rodríguez Fernández, Ana Mª	1º ESO C												2º BAC B 2º BAC C	
Rodríguez Pereira, Laura	1º ESO D 1º ESO E	2º ESO A 2º ESO B												
Santiago Díaz, Lucía		2º ESO C 2º ESO D			3º ESO A		4º ESO E(tit)							
Vázquez López, Marta										1º BAC A 1º BAC B 1º BAC C	1º BAC D 1º BAC E			

Durante este curso o Departamento non dará, como en cursos anteriores, reforzos de matemáticas para alumnado da ESO, por ser asignados a outros departamentos e sí impartirá o ámbito científico do segundo curso da Formación Profesional Básica.

O Departamento de Matemáticas celebrará unha reunión mensual. Na primeira reunión do curso establécese a distribución entre o profesorado dos distintos grupos e materias asignadas ao Departamento e na última redáctase e apróbbase, se procede, a memoria final de curso. En cada unha das demais reunións, entre outros temas, tratarase o desenvolvemento desta programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, se é o caso, se estimen necesarias. De cada unha destas reunións, a Xefatura de Departamento levantará a correspondente acta, que será aprobada, se procede, na seguinte reunión. Ademais das reunións ordinarias anteriormente citadas, serán frecuentes, pola súa operatividade, as reunións entre profesores de cursos concretos, sobre todo por niveis académicos.

4. O Currículo: definición e elementos que o forman

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece no apartado 2 do artigo 2º que o currículo dunha materia “está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliáveis, e pola metodoloxía didáctica”. No seu artigo 3º, define cada un dos elementos que conforman os currículos do seguinte xeito:

- **Obxectivos:** referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- **Competencias:** capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- **Contidos:** conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.
- **Criterios de avaliación:** referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecemento coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.
- **Estándares de aprendizaxe avaliáveis:** especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- **Metodoloxía didáctica:** conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

5. As competencias clave

5.1. Relación de competencias clave e definición

Segundo recolle o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición xeral III, considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar dende tódalas materias de coñecemento, en particular, dende as matemáticas.

Tal e como establece o decreto anteriormente citado, as competencias clave son as seguintes:

- **Comunicación lingüística (CCL).**
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**
- **Competencia dixital (CD).**
- **Aprender a aprender (CAA).**
- **Competencias sociais e cívicas (CSC).**
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

A descrición das mesmas ven recollida na Orde ECD/65/2015 de 21 de xaneiro (BOE do 29 de xaneiro)

5.2. Contribución das matemáticas ás competencias clave

As matemáticas facilitannos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e

argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

Os distintos bloques que conforman os currículos de cada unha da materia de Matemáticas que se imparte na etapa teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe entenderse como un conxunto de bloques independentes. É necesario traballalo de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o

pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

5.3. Perfís das competencias clave

Polo feito de que as competencias clave sexan comúns en tódolos niveis educativos e para tódalas materias de ditos niveis, temos que considerar en ditas competencias distintos perfís. A Orde ECD/65/2015 pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación do sistema educativo fala de dous perfís a ter en conta:

O perfil da materia: como conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia. Ao estar os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través de dita materia.

O perfil da competencia clave: como o conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis de tódalas materias de tódolos niveis nos que se relacionan coa mesma competencia. A elaboración deste perfil facilitará a avaliación competencial do alumnado.

Tal e como se definen estes perfís e como a relación entre as competencias clave e os estándares de aprendizaxe avaliábeis veñen dados polo Decreto 86/2015 que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e “relativamente fácil” dalos de forma explícita agora ben, ser capaces de concluir o grao no que as distintas materias contribúen ás distintas competencias clave e incluso dar o grao de adquisición das distintas competencias por parte do alumnado xa non é tan doado. Podemonos aproximar a unha primeira ponderación dito se nos restrinximos aos estándares de aprendizaxe avaliábeis do Decreto 86/2015 en tódalas materias do currículo (e non consideramos as posibles aportacións que as

distintas metodoloxías didácticas poden aportar ás competencias clave) e se falamos do perfil das competencias clave por nivel e ignoramos a optatividade que ten o alumnado dentro deles pois, se consideramos tódalas materias que un alumno ou alumna ten ao longo da súa vida académica, para cada un deles, estes perfís competenciais serían ditintos, con posiblemente poucas variacións, pero distintos.

Como o perfil dunha competencia clave é o conxunto de tódolos estándares de aprendizaxe avaliábles de tódalas materias e de tódolos niveis, para poder comparar por niveis falaremos de:

- **O perfil dunha competencia clave nunha materia**, como o conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábles da materia nos que se traballa esa competencia, e

- **O perfil dunha competencia clave nun nivel**: como o conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábles en tódalas materias dese nivel no que se traballa a competencia clave, e

O tamaño do perfil dunha competencia clave nunha determinada materia sería entón o número de estándares que o conforman. É dicir, se a competencia clave se traballa en moitos estándares de aprendizaxe avaliábles da materia semellaría lóxico, nun principio, afirmar que o seu perfil ten un tamaño grande; pola contra, se a competencia se traballa en moi poucos estándares de aprendizaxe avaliábles, semellaría razoable falar dun perfil competencial de pequeno tamaño. A posibilidade de que os estándares de aprendizaxe avaliábles nos que se traballe a competencia estean moi concentrados en poucos criterios de avaliación fai necesaria unha matización do concepto de tamaño. No sucesivo imos falar de dous tipos de tamaño:

- **Tamaño absoluto do perfil dunha competencia clave nunha determinada materia**: número de estándares de aprendizaxe avaliábles da materia nos que se traballa a competencia.
- **Tamaño relativo do perfil dunha competencia clave nunha determinada materia**: número de criterios de avaliacións nos que se concentran os estándares de aprendizaxe avaliábles que conforman o perfil.

Non cabe dúbida de que o tamaño relativo do perfil dunha competencia nunha determinada materia é mellor indicador que o absoluto para saber “canto” e “como” se traballa a competencia nesa materia. Pensemos, por exemplo, en dúas competencias que teñen perfil de tamaño absoluto 28 nunha determinada materia. En principio, pode semellar que as dúas se traballan de xeito idéntico na materia; pero, se a continuación nos indican que a primeira ten un tamaño relativo 3 e a segunda ten un tamaño relativo 20, a diferenza é abismal: a primeira trabállase con moita intensidade

nunha parte moi pequena da materia e nada no resto; sen embargo, o traballo da segunda competencia está moi estendido por toda a materia. Resumindo: trabállase máis e mellor a competencia na segunda.

O peso do perfil dunha competencia clave nunha determinada materia vén a ser como o grao de contribución da materia á adquisición desa competencia por parte do alumnado. Evidentemente, pódese referenciar ese peso ao nivel no que está a materia (que é o máis habitual e o que imos a facer) ou ao conxunto de todos os niveis nos que se traballa a competencia. En calquera caso, a cuantificación rigorosa dese peso para despois poder falar do grao de consecución dunha competencia clave e o grao no que as distintas materias contribúen na adquisición das mesmas non é nada doado pois xurden varios problemas:

- Se dúas materias teñen curricularmente o mesmo número de estándares avaliados relacionados con unha competencia clave pero as materias teñen distinta carga lectiva, contribúen da mesma forma?

- Se o currículo dunha materia está composto por moitos máis estándares de aprendizaxe que outra, aínda que teñan a mesma carga lectiva, podemos concluir que a primeira contribúe máis nos distintos perfís das competencias clave?

- Se unha competencia clave se traballa en moitos estándares de aprendizaxe pero concentrados en poucos criterios de cualificación, se contribúe de igual forma que se esos estándares están en moitos criterios de cualificación pero ao longo de toda a materia? Moitos estándares avaliados concentrados nun criterio de cualificación dan maior peso a dito criterio, pero contribúen máis a adquisición das competencias se estas se cualifican en máis criterios de cualificación pero “menos pesados”? Tódolos estándares deberían entón de ponderar igual? Como ponderar entón, tendo en conta tamén o número de criterios de cualificación? Tódolos criterios de cualificación deberían de ponderar igual?

Non é nada doado entón ponderar o grao de contribución dunha materia ás competencias clave e tampouco axuda nada o feito de que, ata o de agora ningunha normativa concretou como se deben calcular os pesos dos perfís competenciales nunha materia.

No currículo de cada materia (ou nivel) obxecto deste documento, **imos ponderar o peso do perfil dunha determinada competencia nesa materia** como o resultado, expresado en porcentaxe, de dividir o tamaño relativo do perfil da competencia na materia entre a suma dos tamaños relativos dos perfís desa competencia en tódalas materias do mesmo nivel.

Para poder medir dalgunha maneira a contribución da materia (dentro do nivel ao que pertence) á adquisición das competencia clave en conxunto, imos a ceñirnos aos perfís descritos no Decreto 86/2015 para tódalas materias e utilizaremos un parámetro que imos chamar **peso**

competencial da materia e que estimaremos da seguinte maneira:

- En primeiro lugar, calcularemos para cada materia de nivel, o que chamaremos **tamaño relativo conxunto**, que vai ser a suma dos tamaños relativos das sete competencias clave nesa materia.
- E, en segundo lugar, **ponderaremos o peso competencial de cada materia expresando en porcentaxe o resultado de dividir o tamaño relativo conxunto que lle corresponde entre a suma de todos os tamaños relativos conxuntos**.

Cando se expoña neste documento o currículo de cada materia da área de Matemáticas, indicarse en cada unha delas:

- O perfil de cada competencia clave na materia.
- O tamaño absoluto e relativo de cada perfil competencial na materia.
- O tamaño relativo conxunto correspondente a materia.
- As ponderacións dos pesos de cada perfil competencial en todas as materias do mesmo nivel.
- As ponderacións dos pesos competenciais de todas as materias do mesmo nivel
- Unha valoración do perfil competencial da materia.
- Concreción da contribución da materia á consecución das competencias clave, especificando especialmente algún factor que vai constituír o eixo central ou prioritario na programación didáctica e tendo en conta, de ser o caso, os posibles datos sesgados que obteremos por todo o comentado con anterioridade, facendo os comentarios oportunos.

6. Os elementos transversais.

6.1. Introducción.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, trata no seu artigo 4º dos elementos transversais, é dicir, de elementos que se deben traballar en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa. O mesmo artigo cita nos seus apartados moitos elementos transversais, entre eles a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, a educación cívica e constitucional, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, establecendo, á vez, que “se evitarán os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”. Por último, e en relación coas programacións didácticas, o citado artigo no segundo parágrafo do seu apartado 2 dispón o seguinte: “a programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico”.

Por outra parte, a Resolución do 17 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, establece na súa disposición adicional segunda, no apartado 3.m, que as programacións didácticas deben incluír unha “concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda”.

A área de Matemáticas debe potenciar a ensinanza dos temas transversais en todos os grupos e niveis, contribuíndo a difundir estas ensinanzas e conseguir que as alumnas e os alumnos cheguen a ser cidadás e cidadáns responsables.

6.2. Concreción dos elementos transversais que se traballarán en tódalas materias da programación.

A igualdade entre os sexos, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia

terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico, e a educación para a paz introducirase fomentando o desenvolvemento de actividades de grupo sen distincións por razóns de sexo, e potenciando un clima, tanto nos grupos de traballo como na clase, de aceptación, respecto e valoración das solucións distintas das propias que sexan aportadas por outras persoas, independentemente do seu sexo, raza, nacionalidade, grao de discapacidade (se é o caso), condición sexual, crenza relixiosa, etc. Á vez, este tipo de actividades versarán sobre aplicacións matemáticas en contextos relacionados cos elementos transversais que se queren traballar. Así mesmo, o profesor ou profesora de Matemáticas deberá de ser a primeira persoa en dar exemplo, empregando diariamente unha linguaxe non sexista, non violenta, non discriminatoria e non irrespectuosa co alumnado e coidando de que os enunciados dos exercicios e problemas non reproduzan roles de tipo sexista ou tolerantes coa violencia.

A **educación para a saúde** farase a través do emprego, na resolución de exercicios e problemas, de contextos que se refiran a situacións de coidado da saúde e prevención de enfermidades que están presentes diariamente nos medios de comunicación. Neste sentido, convén incidir nos temas de representacións gráficas na correlación, por exemplo, entre o consumo diario de tabaco e o cancro do pulmón, ou na incidencia dos malos hábitos de saúde (falta de exercicio físico, estrés, consumo de alcohol, mala alimentación...) nas enfermidades cardiovasculares.

A **educación cívica e moral** virá aparelada coa potenciación do traballo cooperativo e, polo tanto, coa responsabilidade persoal no cumprimento das tarefas, a valoración dos distintos puntos de vista e a aceptación de decisións colectivas nas situacións onde proceda elección por parte do grupo.

A **educación para o consumo** farase desenvolvendo o espírito crítico ante as informacións expresadas mediante linguaxes numéricas, gráficas e estatísticas, como os que nos poden ofrecer situación relacionadas coas rebaixas, o IVE ou as etiquetas dos produtos de alimentación.

A **educación ambiental** promoverase, por exemplo, ante informacións de tipo estatístico e a interpretación de gráficas e táboas de datos como as relacionadas coa contaminación ambiental, a deforestación, a superpoboación mundial, a propagación de especies invasoras, as enfermidades,... Tamén se poden facer actividades unindo este tema co anterior, de educación para o consumo, traballando o consumo de produtos envasados e a xeración de toneladas de residuos non biodegradables (plástico, poliexpan, ...)

A **educación viaria** é importante introducila nos cursos inferiores como elemento motivador, aproveitando a afección do alumnado aos coches e as motos. O seu obxecto é incrementar a reflexión e a conciencia crítica ante determinados comportamentos cos vehículos. Neste aspecto, os

exercicios espazo-tempo, os exercicios de planos de estradas a escala e as estatísticas de accidentes e as súas causas conforman un bo referente.

O valor do **sentido crítico** debe ser fortalecido con enunciados de exercicios que poñan de manifesto a utilización sesgada e manipulada da información nos medios escritos e audiovisuais. O campo da probabilidade tamén pode favorecer moito unha actitude crítica ao atoparse fronte a situacións relacionadasa co azar (xogos, sorteos, ...)

A prevención do **acoso escolar** debe ser tratada na aula aproveitando as críticas ou desprezos que poidan xurdir por parte dos compañeiros e compañeiras ás preguntas, respostas ou comentarios dalgún alumno ou alumna. Neste sentido, cabe dicir que a avaliación continua e, en concreto, o análise da conduta e estado anímico do alumnado por parte do profesorado é unha boa medida preventiva desta problemática.

7. A avaliación.

7.1. Características da avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria.

De acordo co disposto polos artigos 21º do Decreto 86/1015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as características fundamentais da avaliación na educación secundaria obrigatoria e o bacharelato serán as seguintes:

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do referido decreto.

2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

3. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

4. A avaliación das aprendizaxes do alumnado terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta dende tódalas materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

6. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

7. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais. Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

8. Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación, e os criterios de promoción.

9. O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do alumno ou da alumna, coordinado pola persoa titora, actuará de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes deste, no marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación.

Pola súa banda, a Orde do 21 de decembro do 2007, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria, complementando o establecido no Decreto anteriormente citado, dispón que o profesorado de cada grupo da ESO realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de atención que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Tamén dispón a mesma Orde que, ao longo do curso, realizaranse para cada grupo, polo menos, tres sesións de avaliación (podendo coincidir a última coa final ordinaria do mes de xuño) e que nos primeiros días de setembro terá lugar unha sesión de avaliación, tras a realización das probas extraordinarias, para o alumnado que non superase todas as materias na avaliación final ordinaria.

Por último, cabe dicir que cada profesor e profesora do Departamento organizará plans de recuperación para aqueles alumnos e alumnas que non acaden resultado positivo nalgũa avaliación. Eses plans, na maioría dos casos, consistirán na proposta de tarefas individuais e específicas (repetición de traballos, resolución de exercicios, ...) para a preparación dunha proba escrita de recuperación da avaliación con resultado negativo.

7.2. Características da avaliación no Bacharelato.

De acordo co disposto polo artigo 33o do Decreto 86/1015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigato-

ria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as características fundamentais da avaliación no bacharelato serán as seguintes:

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do referido decreto.
2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
3. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.
4. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.
5. A consellería con competencias en materia de educación garantirá o dereito dos alumnos e as alumnas a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento se valoren e se recoñezan con obxectividade, para o que establecerá os oportunos procedementos.
6. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se o alumno ou a alumna lograron os obxectivos e alcanzaron o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. O equipo docente, constituído en cada caso polos profesores e as profesoras do/da estudante, coa coordinación do/da titor/a, valorará a súa evolución no conxunto das materias.

7.3. Grao mínimo de desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe.

O proceso de avaliación do alumnado en cada materia e nivel ten como referente a valoración da consecución de forma suficiente, e mesmo idónea, de cada un dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que forman o currículo da materia, independentemente da situación ou contexto no que teña que manexalo, faise necesario renunciar en determinadas situacións a semellante grao de desenvolvemento dalgúns estándares e, nalgúns casos, incluso abonda con que o alumnado sexa capaz de empregalos de forma mecánica en situacións moi sinxelas.

Coa finalidade de valorar cando o alumnado acada unha avaliación positiva na materia e nivel, **procede logo fixar os graos mínimos de desenvolvemento para os estándares de aprendizaxe avaliábeis en función da relevancia destes dentro da materia**. Pois ben, ao respecto, establécense **os seguintes graos mínimos**:

- **100%: Desenvolvemento completo** do estándar de aprendizaxe, independentemente da situación.
- **75%: Desenvolvemento notable** do estándar de aprendizaxe, na maior parte das situacións.
- **50%: Desenvolvemento suficiente** do estándar de aprendizaxe, aplicado a situacións sinxelas.
- **25%: Pequeno desenvolvemento** do estándar, aplicado a situacións moi particulares e moi sinxelas.

7.4. Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva nunha materia.

A complexidade da avaliación por estándares de aprendizaxe avaliábeis de cara ao alumnado fai necesaria a simplificación duns mínimos esixibles para unha avaliación positiva da materia para llos indicar ao alumnado e que este teña suficientemente claro “que ten que dominar para aprobar a materia”.

Por unha parte, deben ser considerados como os “**resultados de aprendizaxes imprescindibles**” que debe adquirir o alumnado para alcanzar mínimamente os obxectivos aos que dan soporte os criterios de avaliación establecidos para o currículo desta materia. Neste senso, a non adquisición destas aprendizaxes debe supoñer unha gran dificultade para que nos cursos seguintes o alumnado poida continuar con certa normalidade o proceso de ensinanza-aprendizaxe na mesma disciplina ou noutras afíns. Pero, por outra parte, tamén deben ser considerados como aquelas actitudes sen as cales é imposible adquirir esas aprendizaxes imprescindibles e, en particular, un proceso e sistemática de avaliación continua. No seu conxunto, veñen a ser, polo tanto, as evidencias que marcan a fronteira entre aprobar ou suspender a materia.

A definición precisa e explícita dos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia e o seguimento continuado por parte do profesorado da súa progresiva adquisición ou non adquisición ao longo do curso é fundamental polo tanto á hora de decidir se, ao final do curso, o alumnado supera ou non supera a materia; pero adquire tamén unha gran importancia á hora de deseñar medidas de apoio, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos ou alumnas que van avanzando no curso sen ter adquiridos os mínimos esixibles correspondentes á parte da materia que se leva desenvolvida.

Os referentes para a concreción dos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva nunha materia serán, en boa medida, os graos mínimos de desenvolvemento establecidos para os estándares de aprendizaxe desa materia.

7.5. Instrumentos de avaliación.

Durante este curso reduciremos o número de instrumentos a empregar con respecto a cursos anteriores. Pola situación sanitaria na que nos atopamos, non se realizarán traballos grupais nin se recollerán cadernos para a súa revisión periódica.

Deixando á parte a avaliación inicial (na cal se utilizarán os instrumentos que máis adiante se dirán), no resto do proceso avaliador do alumnado, empregaranse os seguintes instrumentos:

1. **Observación directa da súa actitude cara a materia.** Neste sentido, debemos ter en conta que unha parte moi importante da formación do alumnado pasa por adquirir hábitos de estudo e estratexias de traballo na aula que potencien o interese pola materia. Por este motivo, a actitude do alumnado cara a materia ten que ser tomada en consideración á hora de cualificalo e, de feito, así o recolle a propia lei, incluíndo como estándares de aprendizaxe o desenvolvemento de actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e acetación da crítica razoada, precisión, esmero e interese) no bloque I (MAB1.8.1,2) de tódolos niveis educativos. No sucesivo, denotaremos este instrumento de avaliación por **(OBS)**. No caso de ter que recurrir a unha semipresencialidade ou non presencialidade por motivos de saúde, dita observación realizarase co seguemento da participación do alumnado a través da aula virtual e os seus foros e nas clases on-line.
2. **Os traballos individuais** relativos a certos contidos do programa. Con eles se pode valorar moi ben o coidado que o alumnado pon para realizar tarefas e o esforzo e interese pola materia. No sucesivo, denotaremos este instrumento de avaliación por **(TI)**. Estes traballos poderán ser recollidos vía telemática durante todo o curso para evitar o intercambio de material co alumnado. A plataforma a empregar será a aula virtual do centro.
3. **Probos orais (PO)** frecuentes, consistentes en preguntas cortas que teñen unha dobre finalidade: por unha banda, valorar o grao de asimilación dos conceptos que se van desenvolvendo e, por outra, valorar o traballo realizado polo alumnado na materia cando está fóra do horario escolar. De ter que recurrir a unha semipresencialidade ou non presencialidade por motivos de saúde, ditas probas orais faranse de forma telemática

empregando, preferiblemente, a plataforma de video-conferencias posta pola Consellería para dito fin.

4. **Probos escritos (PE)** dunha ou máis unidades didáctica anunciadas con anterioridade. Ditas probas realizaranse de forma física, no suposto de presencialidade e semipresencialidade, e de forma on-line no caso da suspensión da docencia presencial por parte da administración.

De tódalas maneiras, cada profesor ou profesora, en función das características do seu alumnado, poderá prescindir dalgún dos instrumentos indicados anteriormente seguindo, en calquera caso, as ponderacións indicadas no punto 7.7.

7.6. Procedemento de avaliación.

Sen esquecer que a avaliación vaise facer de maneira continuada, e empregando os instrumentos establecidos ao respecto, dende o primeiro día lectivo, no seu desenvolvemento distinguiremos as seguintes fases:

- 1.- **Unha avaliación inicial** que ten fundamentalmente os obxectivos de coñecer o grao de aprendizaxe que ten da materia o alumnado, detectar a aquel alumnado que presenta deficiencias na materia, de que tipo son e propoñer medidas de reforzo ou apoio para aquel alumnado que as precisen.
- 2.- **Unha primeira avaliación ordinaria**, que rematará uns días antes do comezo das vacacións do Nadal, e ao final da cal se determinará que alumnado aproba (e como aproba) a parte da materia impartida ata ese momento e que alumnado a suspende por **non acadar o grao mínimo de desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe esixible** para a súa superación. O profesorado, coa finalidade de evitar unha acumulación excesiva de materia, poderá dividir esta fase en **dous ou máis parciais** (coas respectivas ponderacións no conxunto da avaliación que estime oportunas), **cada un dos cales rematará cunha proba escrita**.
- 3.- **Un programa de recuperación da primeira avaliación**, dirixido ao alumnado que suspenda dita avaliación e que rematará nunha proba escrita cuxa data fixará cada profesor ou profesora. Esta proba determinará que alumnado recupera (e como recupera) a primeira avaliación e que alumnado continúa con ela suspenda por **non acadar os mínimos esixibles** para a súa superación.
- 4.- **Unha segunda avaliación ordinaria**, que se desenvolverá desde o remate da primeira ata uns días antes do comezo das vacacións de Semana Santa, e ao final da cal se determinará que alumnado aproba (e como aproba) a parte da materia correspondente a esta fase e que

alumnado a suspende por **non acadar o grao mínimo de desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe esixible** para a súa superación. Do mesmo xeito que na primeira avaliación, e polas mesmas razóns, o profesorado poderá dividir esta fase en **dous ou máis parciais** (coas respectivas ponderacións no conxunto da avaliación que estime oportunas), **cada un dos cales rematará cunha proba escrita**.

- 5.- **Un programa de recuperación da segunda avaliación**, que rematará cunha proba escrita cuxa data fixará cada profesor ou profesora. Coa excepción de que agora todo está referenciado á segunda avaliación, é idéntico en todo ao programa de recuperación da primeira avaliación.
- 6.- **Unha terceira avaliación ordinaria**, que se estenderá desde o remate da segunda avaliación ata finais do mes de maio, e ao final da cal se determinará que alumnado aproba (e como aproba) a parte da materia correspondente a esta fase e que alumnado a suspende por **non acadar o grao mínimo de desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe esixible** para a súa superación. Do mesmo xeito que nas dúas avaliacións anteriores, e polas mesmas razóns, o profesorado poderá dividir esta fase en **dous ou máis parciais** (coas respectivas ponderacións no conxunto da avaliación que estime oportunas), **cada un dos cales rematará cunha proba escrita**.
- 7.- **Un programa de recuperación da terceira avaliación**, que rematará cunha proba escrita cuxa data fixará cada profesor ou profesora. Coa excepción de que agora todo está referenciado á terceira avaliación, é idéntico en todo ao programa de recuperación das dúas primeiras avaliacións.
- 8.- **Unha avaliación final ordinaria**, na cal se determinará o alumnado que promociona na materia (e como promociona), ben **polo feito de amosar, avaliación a avaliación, un dominio suficiente dos distintos estándares de aprendizaxe** ou ben por acreditar que alcanza o grao mínimo de desenvolvemento dos mesmos no conxunto das tres avaliacións e programas de recuperación.
- 9.- **Un programa para a recuperación da materia na convocatoria extraordinaria**, dirixido evidentemente ao alumnado que suspende a materia ao final da avaliación ordinaria, que rematará nunha proba escrita (a mesma para tódolos grupos da mesma materia e nivel) a finais do mes de xuño.
- 10.- **Unha avaliación extraordinaria**, na cal se determinará, en función do nivel acadado na totalidade dos estándares de aprendizaxe avaliábeis e da consecución ou non consecución dos graos mínimos de desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia, que alumnado promociona na materia e que alumnado queda coa materia suspensa de cara ao seguinte curso.

7.7. Cualificación e promoción.

Convén aclarar en primeiro lugar que, na materia de Matemáticas, o dominio dunha parte do programa non implica que se domine tódalas partes anteriores. En consecuencia, a superación dunha avaliación non supón a superación de tódalas anteriores, polo cal é totalmente posible que haxa casos nos que a nota final sexa inferior á nota da terceira avaliación.

En previsión dos posibles escenarios que podidan xurdir debido á situación sanitaria xerada polo COVID-19, este Departamento propón os seguintes procedementos cualificadores:

7.7.1. Con docencia presencial ou semipresencial:

- A nota obtida na proba escrita da avaliación (PE) supoñerá o 80% da cualificación da avaliación para o alumnado da ESO e o 90% da cualificación para o alumnado de Bacharelato. De realizarse varias probas escritas durante a avaliación, a nota final da proba escrita da avaliación será a media aritmética das probas escritas, sempre e cando todas elas cheguen a unha nota mínima dun 3 (valorado sobre 10). En caso de non poder facer a media polo descrito anteriormente, a nota da parte escrita será, como máximo, dun 4. A falta de asistencia ás probas escritas, sen xustificación oficial, consideraranse cun valor de 0. A estas probas escritas non está permitido acceder con dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, smartwatch, relóxios intelixentes (nin en modo convencional), ...). No caso de que se constate que un alumno ou alumna copia ou emprega algún aparello electrónico non permitido na realización dalgunha destas probas de avaliación, poráselle na mesma unha cualificación de 0 puntos.
- A valoración conxunta dos instrumentos de avaliación (OBS), (TI) e (PO) ao longo de cada avaliación supoñerá o 20% restante da cualificación desa avaliación para o alumnado da ESO e o 10% restante para o alumnado de Bacharelato. A porcentaxe será equitativa entre os distintos instrumentos empregados. Debido a que o profesorado, en función das características do seu alumnado, poderá prescindir dalgún dos tres instrumentos de avaliación indicados anteriormente, a porcentaxe do instrumento non empregado pasará a repartirse entre os outros instrumentos deste apartado (non pasará en ningún caso á porcentaxe da proba escrita considerada no párrafo anterior).
- A nota da avaliación será a obtida con esta media ponderada das cualificacións anteriormente descritas, redondeada a dúas cifras decimais.
- O alumnado de secundaria que acade unha nota inferior a 5 puntos terá que seguir o programa de recuperación da avaliación e deberá

presentarse a unha proba escrita que poñerá fin a dito programa. Si a cualificación desa proba escrita non é inferior a 5, considerarase que o alumno ou alumna aproba dita avaliación e a súa nota final calcularase facendo a media aritmética desta cualificación coa nota obtida anteriormente na avaliación, redondeando a dúas cifras decimais (ou a un 5 de ser dita media inferior a el). Se a cualificación desa proba escrita é inferior a 5, considerarase que o alumno ou alumna non aproba a avaliación e a súa nota final calcularase facendo a media aritmética desta cualificación coa nota obtida anteriormente na avaliación, redondeando a dúas cifras decimais.

- O alumnado de bacharelato que acade unha nota inferior a 5 puntos terá que seguir o programa de recuperación da avaliación e deberá presentarse a unha proba escrita que poñerá fin a dito programa. A cualificación da avaliación será a acadada polo alumnado en dita proba escrita e considerarase que o alumno ou alumna aproba dita avaliación se a nota en dita proba non é inferior a 5.
- Se a cualificación final da avaliación obtida por un alumno ou unha alumna nas tres avaliacións non é inferior a 5, enténdese que ese alumno ou alumna superou a materia por avaliacións e, polo tanto, promociona na materia, tendo como nota final ordinaria a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións, redondeada a dúas cifras decimais. O alumnado que, tendo aprobada a materia, queira subir nota, farase unha proba escrita específica para elo nos últimos días lectivos do curso. A nota acadada en dita proba substituirá á nota anterior.
- O alumnado que non promocioe na avaliación final ordinaria terá que seguir o programa de recuperación para a materia e deberá presentarse á proba escrita na avaliación extraordinaria que pon fin ao programa, e que se cualificará cun máximo de 10 puntos. Promocionará agora o alumnado que obteña nesta proba escrita unha cualificación non inferior a 5.

7.7.2. Con docencia non presencial:

Seguirase o mesmo procedemento que con docencia presencial pero cambiaranse as ponderacións da seguinte maneira: a nota obtida na proba escrita da avaliación (PE) supoñerá o 70% da cualificación da avaliación para o alumnado da ESO e o 80% da cualificación para o alumnado de Bacharelato. A valoración conxunta dos instrumentos de avaliación (OBS), (TI) e (PO) ao longo de cada avaliación supoñerá o 30% restante da cualificación desa avaliación para o alumnado da ESO e o 20% restante para o alumnado de Bacharelato.

7.8. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar como consecuencia dos resultados.

7.8.1. Introducción.

A Resolución do 17 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, na súa disposición segunda, apartado 3.k, indica que as programación didácticas deben incluír o “deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados”.

7.8.2. Obxectivos.

Antes de expoñer o deseño da avaliación inicial, convén ter moi claros os tres obxectivos fundamentais que se deben perseguir coa mesma:

- Coñecer a situación inicial na que se atopa cada alumno e alumna e detectar, se é o caso, as causas ou motivos polos cales esa situación non é a axeitada.
- Coñecer a evolución educativa e académica de cada alumno e alumna nos primeiros día do curso e detectar, se é o caso, as causas ou motivos polos cales esa evolución non é a desexable.
- Coñecer a dinámica, tanto desde o punto de vista da actitude como desde o punto de vista académico, do grupo non seu conxunto e detectar, se é o caso, as causas ou motivos polos cales esa dinámica non é a prevista.

7.8.3. Temporalización.

A avaliación inicial debe desenvolverse ao longo das tres primeiras semanas do curso.

7.8.4. Instrumentos.

- O expediente académico e os informes individualizados do curso anterior do alumnado, nos que constará a competencia curricular na materia de Matemáticas, as dificultades de aprendizaxe presentadas e as medidas de atención á diversidade aplicadas, se fose o caso.
- A información dos profesores do Departamento de Matemáticas que impartiron docencia a cada alumno e alumna o curso académico anterior.
- A información sobre o entorno familiar e social que poida achegar, por unha parte, o propio alumnado e, por outra, os titores do curso anterior, o Departamento de Orientación ou a Xefatura de Estudos.
- O seguimento diario da actitude e do rendemento do grupo.

- E unha proba final escrita sobre contidos mínimos que debería ter adquiridos o alumnado nos cursos anteriores e sobre contidos mínimos desenvolvidos no período establecido para a avaliación inicial.

7.8.5. Aspectos fundamentais a diagnosticar individualmente.

- Existencia ou non existencia de dificultades de comprensión.
- Nivel de base matemática.
- Falta de capacidade ou non.
- Existencia ou non existencia de hábito de traballo.
- Grao de interese pola materia.
- Actitude na aula (atención ás explicacións do profesor ou profesora, respecto, participación, puntualidade,...)
- Existencia ou non existencia de dificultades de expresión.
- Integración no grupo.
- Existencia ou non existencia dalgún tipo de problemática familiar que poida incidir no rendemento do alumno ou alumna.
- Existencia ou non existencia dalgún tipo de trastorno (hiperactividade, déficit de atención, síndrome de Asperger,..)

7.8.6. Aspectos fundamentais a diagnosticar globalmente en cada grupo.

- Nivel medio de partida na materia.
- Grao de homoxeneidade no nivel de partida na materia.
- Número de alumnos e alumnas.
- Dinámica (atención ás explicacións do profesor ou profesora, respecto, participación, puntualidade,...).

7.8.7. Medidas.

Unha vez diagnosticadas, tanto a nivel individual como a nivel de grupo, as deficiencias existentes e as súas causas, a sesión de avaliación inicial é o marco propicio para establecer as medidas que permitan corrir na medida do posible tales deficiencias. Algunhas destas medidas poden

ser as seguintes:

A nivel individual:

- Exención da segunda lingua estranxeira e reforzo fóra da aula no seu lugar por parte do profesorado da materia (nos grupos nos que se dispoña del).
- Atención máis individualizada na aula.
- Realización de actividades complementarias na casa para fortalecer a base matemática.
- Proposta dunha adaptación curricular tendo apoio fóra da aula por parte do profesorado de Pedagogía terapéutica.
- Entrevista cos pais para tratar de corrixir condutas non axeitadas ou para intentar crear un hábito de traballo diario.
- Cambio de grupo.

A nivel de grupo:

- Realización de axustes na secuenciación dos contidos que figura na Programación Didáctica.
- Modificacións na temporalización prevista das unidades didácticas.
- Cambios na metodoloxía empregada.
- Reordenación do alumnado na aula.
- Chamada de atención por parte da Xefatura de Estudos.

8. A programación na Educación Secundaria Obrigatoria.

8.1. Finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, di no seu artigo 9º que a finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria é: “lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar nel hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.”

8.2. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para

- identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
 - h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
 - i)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
 - l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
 - m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
 - n)** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
 - ñ)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
 - o)** Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

8.3. Metodoloxía didáctica na Educación Secundaria Obrigatoria

Estará baseada nos principios metodolóxicos que se enumeran no artigo 11º do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e que son os seguintes:

1. Os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.
3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.
4. No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliados previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.
5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.
6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.
7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarse un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.
8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da

biblioteca escolar.

10. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

Segundo o anterior, **as liñas mestras da metodoloxía didáctica proposta polo departamento de Matemáticas** para o presente curso académico, son:

- Tratar de propiciar unha metodoloxía na que as matemáticas se insiran na realidade da que o alumnado participa para unha mellor comprensión dos problemas plantexados, pero sempre sen perder de vista os obxectivos da etapa. Para iso, partírase de situacións concretas e pouco a pouco intentarase chegar á abstracción.
- Partindo de situacións concretas, como se dicía no parágrafo anterior, intentarase posteriormente que o alumnado aplique o aprendido noutras situacións ou contextos, considerando esta como a verdadeira utilidade das matemáticas.
- Neste proceso de aprendizaxe, promoverase que o alumnado sexa capaz de valorar os resultados obtidos na resolución de exercicios e problemas, e sexa crítico cos mesmos, interpretando se a solución é coherente co enunciado ou non e valorando o posible erro obtido ou cometido.
- Procurarase combinar a planificación de exercicios e problemas, facendo fincapé na diferenza entre o que é un exercicio e o que é un problema, e dándolle prioridade a practicar máis cos exercicios de maneira individual fóra da aula e a resolver os problemas na clase.
- Combinar o traballo individual co traballo colaborativo para que, deste xeito, o alumnado aprenda a transmitir a información que el mesmo xera utilizando a linguaxe matemática e os procedementos que el mesmo seguiu para atopar a solución dos problemas ou exercicios.
- O uso das novas tecnoloxías da información, ademais de favorecer, simplificar e clarificar a transmisión de información servirá de estímulo á hora de que o alumnado se enfrente ante un problema de carácter matemático. Fomentarase o uso das TIC e combínarase o seu uso cos tradicionais, así como calquera outro que facilite o traballo do alumnado.
- Potenciarase o traballo de investigación e de coñecemento da historia da matemática así como de diversos matemáticos importantes polos traballos desenvolvidos, no ámbito das matemáticas, ao longo da súa vida.

8.4. Materiais e recursos didácticos.

Á parte dos libros de texto, que máis adiante se indicarán, no desenvolvemento dos contidos e das actividades previstas nesta programación didáctica empregárase materiais e recursos didácticos diversos, entre os cales cabe citar aquí os seguintes:

- Calculadoras de tipo elemental, científico e gráficas.
- Material fotocopiado elaborado ou adaptado polo profesorado.
- Equipamento informático e audiovisual das aulas.
- Os libros de lectura mencionados no apartado “Accións de contribución ao proxecto lector”.
- Encerados dixitais e canóns das aulas.
- Programas informáticos (Geogebra, Maxima, Scratch, KMPlot, suites ofimáticas,...).
- Colección de transparencias.
- Planos e mapas.
- Sólidos xeométricos.
- Internet

9. O Currículo da materia de Matemáticas 1º ESO

9.1. Libro de texto.

Nivel incluído no programa EdixGal da Consellería polo que os libros de texto serán os da plataforma dixital.

9.2. Secuenciación e temporalización das unidades didácticas.

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, que logo veremos, serán distribuídos en unidades didácticas. A continuación, indícase cales son esas unidades, así como a súa secuenciación e temporalización aproximada, advertindo que, tanto a secuenciación como a temporalización, poderán ser alteradas se o profesor ou profesora, logo de avaliar en cada un dos seus grupos as características do alumnado e o seu coñecemento previo da materia, o considera oportuno:

Matemáticas 1º ESO			
<i>Trimestre</i>	<i>Bloques</i>	<i>Unidades</i>	<i>Temporalización</i>
PRIMEIRO	2. NÚMEROS E ÁLXEBRA	Unidade 1: Números naturais.	5 sesións
		Unidade 2: Potencias e raíces	10 sesións
		Unidade 3: Divisibilidade	10 sesións
		Unidade 4: Os números enteiros.	20 sesións
		Unidade 5: Os números decimais.	5 sesións
SEGUNDO	2. NÚMEROS E ÁLXEBRA	Unidade 6: As fraccións	10 sesións
		Unidade 7: Operacións con fraccións	15 sesións
		Unidade 8: Proporcionalidade e porcentaxes	15 sesións
		Unidade 9: Álgebra	20 sesións
TERCEIRO	3. XEOMETRÍA	Unidade 10: Rectas e ángulos	8 sesións
		Unidade 11: Figuras xeométricas	7 sesións
		Unidade 12: Áreas e perímetros.	10 sesións
	4. FUNCÍONS	Unidade 13: Gráficas e funcións.	10 sesións

Matemáticas 1º ESO			
<i>Trimestre</i>	<i>Bloques</i>	<i>Unidades</i>	<i>Temporalización</i>
	5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE	Unidade 14: Estadística e probabilidade.	10 sesións

9.3. Concreción dos elementos curriculares.

Na táboa que figura a continuación deste parágrafo, e respectando o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recóllense os seguintes elementos do currículo da materia de Matemáticas 1º ESO:

- Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis, relacionados entre si e relacionados tamén co logro dos obxectivos xerais.
- O grao mínimo de desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe avaliábel.
- A distribución dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe nas respectivas unidades didácticas da materia.
- O perfil de cada competencia clave na materia.
- E, a modo orientador, os instrumentos a empregar para avaliar cada estándar de aprendizaxe (e dise a modo orientador porque débese ter en conta o que se dixo, ao respecto, ao final do apartado 7.5).

Matemáticas 1º de ESO											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas											
f h	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT	50%	X	X	X			Todas
e f h	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CMCCT CMCCT	50% 50%	X	X	X			Todas Todas

Matemáticas 1º de ESO											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS	TI		
	regularidades e leis, etc.		MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.	CMCCT	50%		X	X			Todas
	B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.		MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	CMCCT CAA	50%	X	X	X		X	Todas
b e f g h	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	CMCCT CCEC	50%		X	X			Todas
			MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	CMCCT	50%		X	X			9, 14
b e f	B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT	50%			X			Todas
			MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	CMCCT CAA	50%			X			Todas
b f h	B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT	50%	X	X	X		X	Todas

Matemáticas 1º de ESO											
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS	TI		
a b c d e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC	75%			X		X	Todas
			MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CSIEE	50%			X		X	Todas
			MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT	25%	X	X	X		X	Todas
			MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT	50%			X		X	Todas
			MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT	25%			X		X	Todas
b e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC	50%		X	X		X	Todas
a b c d e f g l m n ñ	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica).	CMCCT CSIEE CSC	75%			X		X	Todas
			MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT	50%			X		X	Todas
			MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CMCCT	75%			X			Todas

Matemáticas 1º de ESO											
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS	TI		
o			MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	CMCCT CAA CCEC	50%			X			Todas
			MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CSIEE CSC	75%			X			Todas
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE	25%		X	X		X	Todas
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.	CMCCT CAA	50%		X	X			Todas
e f g	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.	B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD	25%	X		X		X	Todas
			MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT	25%			X		X	13, 14
			MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	CMCCT	25%			X		X	13, 14
			MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	CMCCT	25%			X		X	10, 11, 12
			MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.	CMCCT	25%			X		X	14

Matemáticas 1º de ESO											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS	TI		
e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC	50%	X	X	X		X	Todas
a b c d e	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC	75%			X		X	Todas
			MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese ade-	CMCCT	50%			X		X	Todas

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS	TI		
f g l m n ñ o			cuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.								
			MAPB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CMCCT	75%			X	X	Todas	
			MAPB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	CMCCT CAA CCEC	25%		X	X			Todas
			MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSIEE CSC	50%			X	X		
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAPB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE	25%	X		X	X		Todas
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras.	MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.	CMCCT CAA	50%			X	X		Todas
b e f g	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas	B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MAPB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD	25%	X		X	X		Todas
			MAPB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT	25%			X	X		Todas
			MAPB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tec-	CMCCT	25%			X	X		Todas

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
	diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.		nolóxicos. MAPB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. MAPB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estadísticas, extraer información e elaborar conclusións.	CMCCT	25%					X	Todas
			MAPB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. MAPB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. MAPB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.	CCL CD	50%			X		X	Todas
a	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.	B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.		CCL	25%		X			X	Todas
b				CD CAA	50%					X	Todas
e				CD CSC CSIEE	50%					X	Todas
Bloque 2. Números e álgebra											
b	B2.1. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais. B2.2. Diferenciación de números racionais e irracionais. Expresión decimal e representación na recta real.	B2.1. Coñecer e utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades e aproximacións, para resolver problemas relacionados coa vida diaria e outras materias do ámbito	MAPB2.1.1. Recoñece os tipos de números (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indica o criterio seguido para a súa identificación, e utilizaos para representar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa. MAPB2.1.2. Realiza os cálculos con eficacia,	CMCCT	75%	X	X			X	1 2 3
f				CMCCT	75%	X		X		X	1 2 3 4
g											

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS	TI		
	B2.3. Xerarquia das operacións. B2.4. Interpretación e utilización dos números reais e as operacións en diferentes contextos, elixindo a notación e precisión máis axeitadas en cada caso. B2.5. Utilización da calculadora e ferramentas informáticas para realizar operacións con calquera tipo de expresión numérica. Cálculos aproximados. B2.6. Intervalos. Significado e diferentes formas de expresión.	educativo, recollendo, transformando e intercambiando información.	mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas, e utiliza a notación máis axeitada para as operacións de suma, resta, produto, división e potenciación. MAPB2.1.3. Realiza estimacións e xulga se os resultados obtidos son razoables. MAPB2.1.4. Utiliza a notación científica para representar e operar (produtos e divisións) con números moi grandes ou moi pequenos. MAPB2.1.5. Compara, ordena, clasifica e representa os tipos de números reais, intervalos e semirectas, sobre a recta numérica. MAPB2.1.6. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira. MAPB2.1.7. Resolve problemas da vida cotiá nos que interveñen magnitudes directa e inversamente proporcionais.								
				CMCCT	75%		X	X			2 3 4
				CMCCT	75%	X		X		X	2 3 4
				CMCCT	50%	X		X		X	1 2 3
				CMCCT	75%	X		X		X	2 3 4
				CMCCT	100%	X		X		X	4
f	B2.9. Polinomios: raíces e factorización. Utilización de identidades notables.	B2.2. Utilizar con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.	MAPB2.2.1. Exprésase con eficacia, facendo uso da linguaxe alxébrica. MAPB2.2.2. Realiza operacións de suma, resta, produto e división de polinomios, e utiliza identidades notables. MAPB2.2.3. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao, mediante a aplicación da regra de Ruffini.	CMCCT	75%	X		X		X	5 6 7
				CMCCT	100%	X		X		X	5 6 7
				CMCCT	75%	X		X		X	6 7
f g h	B2.10. Resolución de ecuacións e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. B2.11. Resolución de problemas cotiáns mediante ecuacións e sistemas.	B2.3. Representar e analizar situacións e estruturas matemáticas, utilizando ecuacións de distintos tipos para resolver problemas.	MAPB2.3.1. Formula alxebicamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.	CMCCT	75%	X	X	X		X	6 7

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS	TI		
Bloque 3. Xeometría											
e f g h	B3.1. Figuras semellantes. B3.2. Teoremas de Tales e Pitágoras. Aplicación da semellanza para a obtención indirecta de medidas. B3.3. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de figuras e corpos semellantes. B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos.	B3.1. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuados, e aplicando a unidade de medida máis acorde coa situación descrita.	MAPB3.1.1. Utiliza instrumentos, fórmulas e técnicas apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medidas.	CMCCT	75%	X	X	X		X	10
			MAPB3.1.2. Emprega as propiedades das figuras e dos corpos (simetrías, descomposición en figuras máis coñecidas, etc.) e aplica o teorema de Tales, para estimar ou calcular medidas indirectas.	CMCCT	75%	X		X		X	10
			MAPB3.1.3. Utiliza as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes de triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades correctas.	CMCCT	75%	X				X	10
			MAPB3.1.4. Calcula medidas indirectas de lonxitude, área e volume mediante a aplicación do teorema de Pitágoras e a semellanza de triángulos.	CMCCT	75%	X		X		X	10
e f	B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos. B3.5. Uso de aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.	B3.2. Utilizar aplicacións informáticas de xeometría dinámica, representando corpos xeométricos e comprobando, mediante interacción con ela, propiedades xeométricas.	MAPB3.2.1. Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes (triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) cunha aplicación informática de xeometría dinámica, e comproba as súas propiedades xeométricas.	CMCCT	25%			X		X	10
Bloque 4. Funcións											
b e f g	B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica. B4.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa e ex-	B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación me-	MAPB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que se poden describir mediante unha relación funcional, asociando as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.	CMCCT	75%	X	X			X	8 9

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS	TI		
h	<p>ponencial. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada. Aplicación en contextos reais.</p> <p>B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.</p> <p>B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.</p>	<p>dia a partir dunha gráfica, de datos numéricos ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.</p>	MAPB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcional inversa e exponencial.	CMCCT	75%	X		X		X	8 9
			MAPB4.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos característicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, continuidade, simetrías e periodicidade).	CMCCT	75%	X	X			X	8 9
			MAPB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno, a partir da análise da gráfica que o describe ou dunha táboa de valores.	CMCCT	100%	X	X			X	8 9
			MAPB4.1.5. Analiza o crecemento ou o decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media, calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.	CMCCT	75%	X		X		X	8 9
			MAPB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais.	CMCCT	75%	X	X			X	8 9
			e f g h	<p>B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica.</p> <p>B4.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa e exponencial. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada. Aplicación en contextos reais.</p> <p>B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.</p> <p>B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.</p>	<p>B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais, obtendo información sobre o seu comportamento, a súa evolución e os posibles resultados finais.</p>	MAPB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.	CMCCT	75%		X	
MAPB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos, utilizando eixes e unidades axeitadas.	CMCCT	100%				X		X		X	8 9
MAPB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica e sinala os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan, utilizando tanto lapis e papel como medios informáticos.	CMCCT	75%				X	X			X	8 9
MAPB4.2.4. Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos, e xustifica a decisión.	CMCCT	100%				X	X			X	8 9
MAPB4.2.5. Utiliza con destreza elementos tec-	CMCCT	25%						X		X	8 9

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO												
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades	
						PE	PO	OBS		TI		
			nolóxicos específicos para debuxar gráficas.									
Bloque 5. Estatística e probabilidade												
a c d e f g h m	B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión. B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión. B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación. B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio. B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a Regra de Laplace. B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore. B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.	B5.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.	CCL CMCCT	75%	X	X	X		X	11 12 13	
			MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.	CMCCT	50%		X	X				11 12 13
			MAPB5.1.3. Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos.	CMCCT	75%	X	X	X		X		11 12 13
			MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.	CMCCT	50%					X		11 12
b e g	B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión. B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión. B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación. B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.	B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.	MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua.	CMCCT	50%		X			X	11 12	
			MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas.	CMCCT	75%	X		X		X		11 12
			MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo.	CMCCT	100%	X		X		X		11 12
			MAPB5.2.4. Representa graficamente datos es-	CMCCT	75%	X				X		11 12

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
			tatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.								
b f	B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio.	B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.	MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos.	CMCCT	100%	X	X	X		X	13
	B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace. B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore.		MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.	CMCCT	75%	X		X		X	13

13.4. Tamaño do perfil de cada competencia clave na materia

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO		
Competencia	Tamaño absoluto	Tamaño relativo
Comunicación lingüística (CCL)	6	5
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	64	21
Competencia dixital (CD)	4	2
Aprender a aprender (CAA)	6	6
Competencias sociais e cívicas (CSC)	5	4
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	5	4
Conciencia e expresión culturais (CCEC)	1	1
TAMAÑO RELATIVO CONXUNTO		46

13.5. Perfís competenciais na materia e peso competencial da mesma. Ponderacións e comparativas no mesmo nivel.

<i>Materias de 4º ESO</i>	Competencias clave														COMPETENCIAS EN CONXUNTO	
	CCL		CMCCT		CD		CAA		CSC		CSIEE		CCEC		Tamaño relativo conxunto	Peso competencial (%)
	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)		
Ciencias aplicadas á actividade profesional	6	2.5	24	13,26	6	5.6	18	8.37	17	8,72	11	11.11	1	1.05	83	7.32
Cultura científica	5	2.08	17	9,39	4	3.67	5	2.33	8	4.1	4	4.04	4	4.21	47	4.14
Cultura clásica	4	1,67	39	21,55	4	3,67	12	5,58	18	9,23	6	6,06	5	5,26	88	7,76
Educación Física	1	0.42	3	1,6	1	0.92	2	0.93	5	2.56	3	3.03	2	2.11	17	1.5
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	0	0.00	3	1,66	6	5.5	5	2.33	0	0.00	10	10.1	12	12,63	36	3.17
Filosofía	36	15	5	2,76	4	3.67	18	8.37	15	7,69	10	10.1	14	14,74	102	8,99
Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	1	0.42	7	3,87	7	6.42	8	3.72	2	1.03	9	9.09	0	0.00	34	3
Latín	29	12.08	10	5,52	15	13,76	21	9,77	9	4,62	4	4.04	10	10,53	98	8,64
Lingua castelá e Literatura	30	12.5	3	1,66	6	5.5	14	6.51	8	4.1	2	2.02	5	5.26	68	6
Lingua galega e Literatura	54	22.5	0	0.00	3	2.75	24	11.16	20	10,28	5	5.05	6	6.32	112	9,88
<i>Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas</i>	<i>5</i>	<i>2.08</i>	<i>21</i>	<i>11,6</i>	<i>2</i>	<i>1.83</i>	<i>6</i>	<i>2,79</i>	<i>4</i>	<i>2.05</i>	<i>4</i>	<i>4.04</i>	<i>1</i>	<i>1.05</i>	<i>43</i>	<i>3,79</i>
Música	8	3,33	4	2.21	8	7.34	7	3.26	13	6,67	2	2.02	12	12,63	54	4,76
Primeira lingua estranxeira	5	2.08	0	0.00	4	3.67	8	3.72	8	4.1	2	2.02	6	6.32	33	2,91
Segunda lingua estranxeira	5	2.08	0	0.00	5	4.59	5	2.33	4	2.05	0	0.00	5	5.26	24	2.12
Tecnoloxía	7	2.92	21	11,6	9	8.26	18	8.37	6	3.08	11	11.11	3	3.16	75	6,61
Tecnoloxías da información e da comunicación	9	3.75	15	8,29	17	15,6	11	5.12	10	5.13	6	6.06	5	5.26	73	6.44
Valores éticos	7	2.92	3	1,66	5	4.59	5	2.33	11	5,64	7	7.07	2	2.11	40	3.53
Xeografía e Historia	28	11.67	6	3,31	3	2.75	28	13.02	37	18,97	3	3.03	2	2.11	107	9,44
TOTAIS	240	100	181	100	109	100	215	100	195	100	99	100	95	100	1134	100

Para o estudo destes datos temos que ter en conta que os pesos estarán máis distorsionados que nos casos dos cursos anteriores debido á optatividade existente neste nivel. Cada alumno ou alumna de 4º ESO terá que cursar 11 materias entre as 18 que figuran na táboa anterior, pois esta reflicta tódalas posibilidades que ten o alumnado do centro de eleixir as materias. Tendo en conta isto e á vista dos datos que aparecen na táboa

anterior, pódense extraer as seguintes conclusións para a materia de Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO:

- **Contribúe esencialmente a adquisición da competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCCT)**, pois esta competencia é a que ten, con diferenza, o perfil con máis peso na materia. Non é a materia de nivel no que se maximiza o peso do perfil desta competencia: os pesos dos perfís desta competencia nas materias de Cultura Clásica e na materia de Ciencias aplicadas á actividade profesional supéranos claramente, pero tamén hai que ter presente que o número de estándares avaliábeis nestas materias duplican aos que ten a materia de matemáticas.
- **O peso do perfil da competencia CMCCT non é tan alto coma o peso que tiña o perfil desta mesma competencia nas materias de Matemáticas dos niveis inferiores (1º, 2º e 3º da ESO).**
- **En canto ao resto das competencias, á que máis contribúe para a súa adquisición é á competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e á que menos contribúe é á competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).** Tamén contribúe bastante pouco á adquisición da competencia en comunicación lingüística (CCL).
- **Contribúe (aínda que nalgúns casos pouco) á adquisición de todas as competencias clave**, pois, a diferenza doutras materias do mesmo nivel, non hai ningunha competencia que teña un perfil de peso cero nela.
- **O peso da súa contribución á adquisición, en conxunto, das competencias clave está por debaixo da mediana dos pesos cos que contribúen á mesma finalidade as distintas materias do mesmo nivel** (sen ter en conta que hai materias con un tamaño relativo “moi superior” ás demais, como son Lingua Galega, Ciencias aplicadas á actividade profesional, Latín, Filosofía, Cultura Clásica e Xeografía e Historia)

13.6. Aspectos máis relevantes da maneira de contribuír a materia á consecución das competencias

<i>Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4ºESO</i>	
<i>Competencia en comunicación lingüística (CCL)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Co rigor que esixe esta materia á hora de definir os conceptos. ▪ Coa expresión oral e escrita dos procesos e razoamentos realizados na resolución dos exercicios e dos problemas. ▪ Coa lectura comprensiva dos enunciados dos problemas. ▪ Co uso dunha terminoloxía moi específica, cun marcado carácter simbólico e abstracto.

<i>Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4ºESO</i>	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coas accións de contribución ao Proxecto Lector.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa progresiva adquisición de novos coñecementos (funcións exponencias, taxa de variación media ...) ▪ Co avance no emprego de argumentos, destrezas e habilidades propias do pensamento matemático. ▪ Coa utilización dun rigor cada vez máis progresivo na linguaxe matemática. ▪ Coa resolución de problemas da vida cotiá que requiren novas estratexias. ▪ Co afianzamento na Álgebra, ao resolver ecuacións de grao superior. ▪ Co afondamento na estadística e a probabilidade.
<i>Competencia dixital (CD)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Co emprego das ferramentas tecnolóxicas no proceso educativo como recuso didáctico. ▪ Coa utilización, practicamente a diario, da calculadora. ▪ Co proceso de procura, análise e selección de información para a elaboración de documentos dixitais. ▪ Coas accións de contribución ao plan TIC do centro.
<i>Competencia de aprender a aprender (CAA)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa progresiva adquisición de hábitos de autonomía, perseveranza, sistematización e reflexión na resolución de problemas e no achado das súas solucións, sobre todo nos relacionados coa vida cotiá. ▪ Co traballo dalgúns elementos transversais, especialmente o do sentido crítico.
<i>Competencias sociais e cívicas (CSC)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa utilización de estratexias matemáticas na predición de fenómenos sociais e na toma de decisións. ▪ Co traballo dos elementos transversais.
<i>Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa resolución de problemas que fomenten habilidades intelectuais baseadas no pensamento crítico e científico e no rexeitamento de dogmas e prexuízos alleos á ciencia. ▪ Coa proposta de problemas cuxas solucións requiran enfoques iniciais diferentes aos habituais e modificacións progresivas nas estratexias que conducen á solución ou solucións dos mesmos.
<i>Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa presentación das formas xeométricas como elementos de expresión artística e cultural. ▪ Co fomento de actitudes de curiosidade e indagación no alumnado, tanto na resolución de problemas como no estudo dos conceptos, como na biografía dos matemáticos cuxos nomes van aparecendo ao desenvolver a materia (Euler,...)

De todos os aspectos enunciados na táboa anterior, o **da progresiva adquisición de novos coñecementos (funcións exponenciais, taxa de variación media,..)** xunto co **afianzamento na álgebra e aprofundización na estatística e a probabilidade**, constitúen o eixo central ou prioritario da programación didáctica na materia, tanto a nivel de ensino-aprendizaxe como de enfoque metodolóxico.

13.7. Concreción dos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia

Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia de Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas 4º ESO	
<i>ME.1 Acredita unha actitude suficientemente positiva de cara a materia</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tense presentado a todas as probas escritas preceptivas realizadas ao longo do curso, agás as que, por mor de causa maior (accidente, enfermidade grave,...) ou por incorporación tardía, tivo xustificación para non facelo. 2. Ten participado, se foi o caso, nos programas de apoio, reforzo, recuperación,... que se lle aplicaron.
<i>ME.2 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Números e Álgebra</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Simplifica e compara expresións radicais e potenciais. 2. Simplifica expresións alxébricas formadas por sumas, restas e multiplicacións de polinomios e fraccións alxébricas. 3. Resolve ecuacións e sistemas de primeiro e segundo grao. 4. Resolve ecuacións exponenciais sinxelas. 5. Coñece e aplica o teorema do resto. 6. Factoriza polinomios e obtén as súas raíces. 7. Resolve problemas sinxelos usando fórmulas coñecidas ou presentando ecuacións/sistemas de primeiro ou de segundo grao.
<i>ME.3 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Xeometría</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñece e utiliza os teoremas do cateto, da altura e de Pitágoras. 2. Resolve un triángulo rectángulo. 3. Resolve problemas xeométricos de contexto real utilizando as relacións de semellanza, o teorema de Pitaógoras e/ou de Tales. 4. Calcula áreas e volúmenes de corpos xeométricos.
<i>ME.4 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Funcións</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Acha o dominio e o percorrido dunha función. 2. Elabora táboas de valores para representar variadas funcións. 3. Acha os puntos de corte dunha función cos eixes. 4. Calcula a taxa de variación dunha función nun intervalo. 5. Acha a expresión analítica dunha función lineal e represéntaa. 6. Representa graficamente funcións cuadráticas e radicais identificando curvatura e vértice. 7. Representa graficamente funcións de proporcionalidade inversa e exponenciais identificando dominio, percorrido e asíntotas. 8. Identifica continuidade – discontinuidade, crecemento – decrecemento, simetría – non simetría, máximos e mínimos partindo da súa gráfica.
<i>ME.5 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Estatística e Probabilidade</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Confecciona táboas de frecuencias con datos illados ou agrupados. 2. Obtén e interpreta os parámetros estatísticos de centralización e de dispersión manualmente. 3. Recolle datos, constrúe unha táboa de valores e debuxa unha nube de puntos. 4. Estudia se a dependencia é funcional ou aleatoria. 5. Asigna a cada diagrama o seu coeficiente de correlación. 6. Determina o espacio mostral e os sucesos asociados a un experimento aleatorio, simple ou composto. 7. Asigna probabilidades a sucesos aplicando a regra de Laplace. 8. Representa diagramas de árbore para facer recontos e calcular probabilidades.

13.8. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Complementan a metodoloxía didáctica para a etapa da ESO na súa totalidade e teñen por finalidade contribuír, por un lado, a unha axeitada comprensión dos contidos matemáticos en conexión con contextos do mundo real e significativos para o alumnado e, por outro, ao desenvolvemento das competencias clave. Estas son algunhas delas:

- Convén presentar suficientes exemplos que permitan recoñecer e distinguir os distintos tipos de números.
- As aproximacións decimais dos números irracionais débense utilizar frecuentemente nas operacións e na ordenación.
- É importante aplicar a resolución de ecuacións a exercicios que aparecen a cotío para que o alumnado entenda a súa utilidade
- Aínda que moitas das propiedades xeométricas parecen evidentes, será interesante que nalgún caso se fagan con certo coidado.
- É de especial interese presentar situacións relacionadas con escalas de planos e mapas.
- É interesante presentar o concepto de función como un dos máis importantes no estudio de diversas ciencias.
- O cálculo de dominios permite manexar unha serie de estudos anteriores.
- As funcións exponenciais pódense estudar a través das táboas e das gráficas de $y=2^x$ e $y=(1/2)^x$.
- As técnicas de recontos con diagramas e a súa aplicación en problemas cotiáns, permite sistematizar facilmente o seu cálculo.
- O cálculo de probabilidades pódese restrinxir á utilización da regra de Laplace e a exercicios inmediatos de doada interpretación.

14. A programación no Bacharelato.

14.1. Finalidade do Bacharelato.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, di no seu artigo 25º que "o bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ó alumnado para acceder á educación superior".

14.2. Obxectivos xerais do Bacharelato.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- ñ) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

14.3. Metodoloxía didáctica no Bacharelato.

Estará baseada nos **principios metodolóxicos** recollidos no artigo 27º do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que son os seguintes:

1. Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.
2. A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a

transferencia e a aplicación do aprendido.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

En resumo, estas son as liñas mestras da metodoloxía didáctica a empregar:

- 1. Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.**

- Deberanse graduar con coidado os planos de abstracción. A formulación abstracta é o obxectivo a conseguir despois da práctica de situacións concretas.
- Procurarase presentar os conceptos a partir de problemas introdutorios que ilustren, dende o concreto, a necesidade da súa definición. Consecuentemente, fuxiremos da definición axiomática e formal sen comentarios xustificativos.
- Fomentarase a utilización de razoamentos antes que o emprego de fórmulas aprendidas de memoria que non se saiban xustificar. Así por exemplo, non se debería utilizar a fórmula de resolución dunha ecuación de segundo grao se antes non aprenderon a despexalas polo método de completar cadrados. Dito de outra forma, deberíamos conseguir certa mestría nas solucións antes de automatizalas
- Non se debería esquecer a orixe concreta da Matemática, nin os procesos históricos da súa evolución.

- 2. Resolución de problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente.**

- Distinguimos entre exercicios e problemas. É necesario exercitar técnicas formais, desde logo, pero non se debe reducir a resolución de problemas a meros estereotipos nos que a receita prima sobre o razoamento. A verdadeira aprendizaxe maniféstase cando o alumnado é capaz de aplicar os conceptos ensinados en situacións diferentes dos modelos explicados
- Promover en todo o posible a autocorrección.

- 3. Uso de materiais e procedementos de resolución variados.**

- Non adoptar unha didáctica ríxida, senón adecuala na clase a cada tipo de alumno ou alumna, observándoos constantemente.
- Procurar diversificar a oferta de contidos e métodos de traballo adaptados ás diferentes capacidades do alumnado, evitando esforzos

inalcanzables para uns ou exercicios monótonos e repetitivos para outros, intentando que todo o alumnado teña éxitos que eviten o seu desalento.

4. Uso das tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.

- No referente á preparación dos materiais de clase poderanse utilizar:
 - ✓ Procesadores de texto tipo Open Office, Microsoft Word, Libre Office Writer ou TEX (Látex)
 - ✓ Para a elaboración de materiais didácticos: Follas de cálculo como Open Office Calc, Microsoft Excel ou Libre Office Calc, programas dinámicos de matemáticas como o GeoGebra e de cálculo simbólico como o Mathematica ou Maxima.
- Para o uso didáctico na transmisión de contidos na clase:
 - ✓ Presentacións con Open Office Impress, Libre Office Impress ou Power Point.
 - ✓ Programas dinámicos de matemáticas como el GeoGebra e de cálculo simbólico como o Mathematica ou Maxima.
- Para facilitar o traballo co alumnado:
 - ✓ Páxina web do centro onde se lle dan instrución, cólganse materiais e posibilita canles de comunicación
 - ✓ Aula virtual do centro onde ademais do anterior, pódense realizar traballos interactivos e colaborativos, que permiten unha atención diversificada do alumnado.

5. Valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas.

6. Fomentar o traballo en equipo promovendo a disertación e a análise rigorosa.

7. Propoñer situacións diversas que posibiliten a investigación.

8. Presentar a Matemática como unha unidade e non en compartimentos estancos sen relación ente si.

14.4. Materiais e recursos didácticos.

Á parte dos libros de texto, que máis adiante se indicarán, no desenvolvemento dos contidos e das actividades previstas nesta programación didáctica empregáranse materiais e recursos didácticos diversos, entre os cales cabe citar aquí os seguintes:

- Calculadoras de tipo elemental, científico e gráficas.
- Material fotocopiado elaborado ou adaptado polo departamento.
- Equipamento informático e audiovisual das aulas.
- Encerados dixitais e canóns das aulas.
- Os libros de lectura mencionados no apartado “Contribucións ao proxecto lector”.
- Programas informáticos (Geogebra, Maxima, Scratch, KMPlot, suites ofimáticas,...).
- Colección de transparencias.
- Planos e mapas.
- Sólidos xeométricos.
- Internet.
- Audiovisuais.

15. Currículo da materia de Matemáticas I de 1º de Bacharelato.

15.1. Libro de texto.

Non hai libro de texto

15.2. Secuenciación e temporalización das unidades didácticas.

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, que logo veremos, serán distribuídos en unidades didácticas. A continuación, indícase cales son esas unidades, así como a súa secuenciación e temporalización aproximada, advertindo que, tanto a secuenciación como a temporalización, poderán ser alteradas se o profesor ou profesora, logo de avaliar as características do alumnado e o seu coñecemento previo da materia, o considera oportuno.

<i>Matemáticas I de 1º de Bacharelato</i>			
<i>Trimestres</i>	<i>Bloques</i>	<i>Unidades</i>	<i>Temporalización</i>
PRIMEIRO	2. NÚMEROS E ÁLXEBA	Unidade 1: Números reais	8 sesións
		Unidade 2: Álgebra.	10 sesións
	4. XEOMETRÍA	Unidade 3: Trigonometría.	16 sesións
	2. NÚMEROS E ÁLXEBA	Unidade 4: Números complexos.	10 sesións
SEGUNDO	4. XEOMETRÍA	Unidade 5: Xeometría analítica.	14 sesións
		Unidade 6: Cónicas.	8 sesións
	3. ANÁLISE	Unidade 7: Funcións elementais	8 sesións
		Unidade 8: Límites de funcións.	10 sesións
TERCEIRO	3. ANÁLISE	Unidade 9: Continuidade de funcións.	10 sesións
		Unidade 10: Derivadas.	10 sesións
		Unidade 11: Aplicacións das derivadas.	12 sesións
	5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	Unidade 12: Distribucións bidimensionais.	8 sesións

15.3. Concreción dos elementos curriculares.

Na táboa que figura a continuación deste parágrafo, e respectando o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recóllense os seguintes elementos do currículo da materia de Matemáticas I do primeiro curso do Bacharelato:

- Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados, relacionados entre si e relacionados tamén co logro dos obxectivos xerais.
- O grao mínimo de desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe avaliados.
- A distribución dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe nas respectivas unidades didácticas da materia.
- O perfil de cada competencia clave na materia.
- E, a modo orientador, os instrumentos a empregar para avaliar cada estándar de aprendizaxe (e dise a modo orientador porque débese ter en conta o que se dixo, ao respecto, no apartado 7.5).

Matemáticas I. 1º de Bacharelato											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas											
e i	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	MA1B1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT	75%	X	X	X		x	Todas
i j	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables; suposición do problema resolto. B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MA1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado para resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).	CMCCT	75%	X	X	X		x	Todas
			MA1B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CMCCT	75%		X	X			Todas
			MA1B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa	CMCCT	50%		X	X			Todas

Matemáticas I. 1º de Bacharelato											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
	interesantes. B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.		utilidade e a súa eficacia. MA1B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas. MA1B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.	CMCCT CAA	75%		X	X		x	Todas
				CMCCT CAA	75%	X	X	X			Todas
17.6. Aspectos máis relevantes da maneira de contribuir a materia á consecución das competencias clave.

<i>Matemáticas II de 2º de Bacharelato</i>	
<i>Competencia en comunicación lingüística (CCL)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa expresión oral e escrita, de forma razoada, do proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. ▪ Coa esixencia da utilización de argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. ▪ Co adestramento na transmisión de certeza e seguridade na comunicación das ideas. ▪ Coa utilización de recursos tecnolóxicos para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. ▪ Coas esixencia da utilización dun vocabulario axeitado para describir situacións relacionadas coa materia que se está impartindo. ▪ Coa lectura comprensiva dos enunciados dos problemas. ▪ Coas accións de contribución ao Proxecto Lector.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa progresiva adquisición de novos coñecementos (matrices, determinantes, xeometría do espazo, integrais,..) ▪ Coa esixencia de análise e comprensión dos enunciados dos problemas que cómpren resolver. ▪ Coa utilización de estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas. ▪ Coa utilización de diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático. ▪ Co uso da linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. ▪ Co emprego de ferramentas tecnolóxicas na resolución de problemas. ▪ Co adestramento na consulta das fontes de información axeitadas para os pequenos traballos de investigación. ▪ Coa resolución de problemas asociados a fenómenos físicos, biolóxicos ou económicos.

Matemáticas II de 2º de Bacharelato	
<i>Competencia dixital (CD)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa incorporación das ferramentas tecnolóxicas ao proceso educativo como recuso didáctico. ▪ Coa utilización, practicamente a diario, da calculadora. ▪ Coa elaboración por parte do alumnado de documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), ▪ Co adestramento no proceso de procura, análise e selección de información para a elaboración de documentos dixitais. ▪ Coas accións de contribución ao plan TIC do centro.
<i>Competencia de aprender a aprender (CAA)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa progresiva adquisición de hábitos de autonomía, perseveranza, sistematización e reflexión na resolución de problemas e no achado das súas solucións, sobre todo nos relacionados coa vida cotiá. ▪ Co fomento de actitudes de curiosidade e indagación. ▪ Co traballo dalgúns elementos transversais, especialmente o do sentido crítico.
<i>Competencias sociais e cívicas (CSC)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Co fomento de actitudes sociais de cooperación e traballo en equipo. ▪ Co fomento de actitudes de aceptación da crítica razoada, de convivencia coa incerteza, de tolerancia da frustración e de autocrítica. ▪ Coa utilización de estratexias matemáticas na predición de fenómenos sociais e na toma de decisións. ▪ Coa potenciación dos problemas que conlevan conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) ▪ Co traballo dos elementos transversais.
<i>Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Co adestramento na planificación axeitada dos procesos de investigación necesarios para a realización de pequenos traballos de investigación. ▪ Coa resolución de problemas que fomenten habilidades intelectuais baseadas no pensamento crítico e científico e no rexeitamento de dogmas e prexuizos alleos á ciencia. ▪ Coa proposta de problemas cuxas solucións requiran enfoques iniciais diferentes aos habituais e modificacións progresivas nas estratexias que conducen á solución ou solucións dos mesmos.
<i>Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa posta en evidencia do gran peso cultural do mundo das matemáticas (a historia das matemáticas; as matemáticas na arte; as matemáticas no mundo da física, as matemáticas na economía). ▪ Coa presentación das figuras espaciais como elementos de expresión artística e cultural. ▪ Co fomento de actitudes de curiosidade e indagación no alumnado, tanto na resolución de problemas como no estudo dos conceptos, como na biografía dos matemáticos cuxos nomes van aparecendo ao desenvolver a materia.

De tódolos aspectos enunciados na táboa anterior, o da **progresiva adquisición de novos coñecementos (matrices, determinantes, xeometría do espazo, integrais,..)** xunto **coa progresiva adquisición de hábitos de autonomía, perseveranza e esforzo**, constitúen o eixo central ou prioritario da programación didáctica na materia, tanto a nivel de ensino-aprendizaxe como de enfoque metodolóxico.

17.7. Concreción dos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia

Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia de Matemáticas II de 2º de Bacharelato	
<i>ME.1 Acredita unha actitude suficientemente positiva de cara a materia</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tense presentado a todas as probas escritas preceptivas realizadas ao longo do curso, agás as que, por mor de causa maior (accidente, enfermidade grave,...) ou por incorporación tardía, tivo xustificación para non facelo. 2. Ten participado, se foi o caso, nos programas de apoio, reforzo, recuperación,... que se lle aplicaron.
<i>ME.2 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Números e Álgebra</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Domina as operacións básicas con matrices. 2. Acha determinantes de diferentes ordes e coñece as súas propiedades. 3. Calcula menores complementarios. 4. Calcula a matriz inversa polo método de Gauss ou por menores complementarios. 5. Resolve ecuacións matriciais. 6. Coñece o concepto de rango dunha matriz e calcúlao polo método de Gauss ou por menores complementarios. 7. Aplica o teorema de Rouché-Frobenius para discutir os sistemas lineais. 8. Resolve sistemas de ecuacións lineais por diferentes métodos, entre eles o método de Gauss e a regra de Cramer.
<i>ME.3 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Xeometría</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Calcula as diferentes ecuacións de rectas e planos no espazo. 2. Estuda a posición relativa de rectas e planos. 3. Calcula os produtos escalar, vectorial e mixto de vectores. 4. Calcula ángulos entre dúas rectas, entre unha recta e un plano e entre dous planos. 5. Acha distancias no espazo, combinando puntos, rectas e planos.
<i>ME.4 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Análise</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Calcula os diferentes tipos de límites. 2. Estuda a continuidade dunha función definida a cachos nun punto, e interpreta os diferentes tipos de discontinuidades. 3. Coñece e aplica o teorema de Bolzano. 4. Calcula, empregando a definición, a derivada dunha función sinxela nun punto. 5. Coñece as funcións derivadas de sumas, restas, produtos, cocientes e composicións de funcións elementais. 6. Coñece e aplica os teoremas do valor medio e de Rolle. 7. Aplica a regra de L'Hopital para resolver indeterminacións no cálculo de límites. 8. Aplica as derivadas para formular e resolver problemas de optimización relacionados coa xeometría ou coas ciencias sociais. 9. Calcula integrais indefinidas por distintos métodos: inmediatas, racionais, por partes e cambio de variable. 10. Coñece o aplica o teorema do valor medio e o teorema fundamental do Cálculo Integral. 11. Aplica a regra de Barrow para calcular integrais definidas. 12. Aplica as integrais definidas para determinar áreas de recintos planos limitados por rectas e curvas sinxelas.

Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia de Matemáticas II de 2º de Bacharelato

ME.5 Acredita un nivel suficiente de aprendizaxe no bloque de Estatística e Probabilidade

1. Coñece o concepto de espazo mostral e calcúlao en experimentos aleatorios sinxelos.
2. Manexa as operacións con sucesos e coñece as súas propiedades básicas.
3. Coñece as propiedades fundamentais da probabilidade.
4. Utiliza a regra de Laplace para calcular probabilidades en experimentos aleatorios con todos os seus resultados equiprobables.
5. Calcula probabilidades condicionadas.
6. Calcula probabilidades utilizando a fórmula da probabilidade composta e a fórmula das probabilidade totais e o teorema de Bayes.
7. Calcula probabilidades utilizando a lei binomial .
8. Calcula probabilidades en poboacións normais.

17.8. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Complementan a metodoloxía didáctica exposta para a etapa do Bacharelato na súa totalidade e teñen por finalidade contribuír, por un lado, a unha axeitada comprensión dos contidos matemáticos en conexión con contextos do mundo real e significativos para o alumnado e, por outro, ao desenvolvemento das competencias clave. Estas son algunhas delas:

- Os contidos de Álgebra Lineal deben ser considerados, sobre todo, como unha ferramenta para resolver mellor os problemas xeométricos de rectas, planos, áreas e volumes no espazo.
- Nos temas de cálculo diferencial e integral non se trata de que o alumnado coñeza moitas técnicas, senón de que comprenda os conceptos en que se basean, de que saiba elixir a apropiada a cada contexto que se lle presente, de que sexa capaz de aplicala e de que interprete os resultados obtidos.
- Na resolución de problemas é necesario, en moitos casos, comezar poñendo exemplos concretos que aclaren a situación.
- As calculadoras e os programas informáticos (entre os que cabe destacar os sistemas de álgebra computacional, os sistemas de xeometría dinámica e as follas de cálculo) representan unha boa ferramenta para a realización de cálculos, a elaboración de gráficas e a comprensión de conceptos e propiedades.
- A presentación das matemáticas a partir de contextos e actividades variadas axuda a que o alumnado non perciba as matemáticas como un conxunto de fórmulas e métodos carentes de sentido e sen relación coas outras ramas do saber.

18. Currículo da materia Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II de 2º de Bacharelato

18.1. Libro de texto.

Non hai libro de texto

18.2. Secuenciación e temporalización das unidades didácticas.

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, que logo veremos, serán distribuídos en unidades didácticas. A continuación, indícase cales son esas unidades, así como a súa secuenciación e temporalización aproximada, advertindo que, tanto a secuenciación como a temporalización, poderán ser alteradas se o profesor ou profesora, logo de avaliar as características do alumnado e o seu coñecemento previo da materia, o considera oportuno.

<i>Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II</i>			
<i>Trimestres</i>	<i>Bloques</i>	<i>Unidades</i>	<i>Temporalización</i>
PRIMEIRO	2. NÚMEROS E ÁLXEBRA	Unidade 1: Sistemas de ecuacións. Método de Gauss.	8 sesións
		Unidade 2: Álgebra de matricas	8 sesións
		Unidade 3: Resolución de sistemas con determinantes	8 sesións
		Unidade 4: Programación linear	8 sesións
	3. ANÁLISE	Unidade 5: Límites de funcións. Continuidade.	8 sesións
SEGUNDO	3. ANÁLISE	Unidade 6: Derivadas. Técnicas de derivación.	8 sesións
		Unidade 7: Aplicación das derivadas.	8 sesións
		Unidade 8: Representación de funcións.	8 sesións
		Unidade 9: Integrais	8 sesións
	4. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	Unidade 10: Azar e probabilidade	8 sesións
TERCEIRO	4. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	Unidade 11: As mostras estatísticas	8 sesións
		Unidade 12: Inferencia estatísticas.	12 sesións

18.3. Concreción dos elementos curriculares.

Na táboa que figura a continuación deste parágrafo, e respectando o establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recóllense os seguintes elementos do currículo da materia de Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II do segundo curso do Bacharelato:

- Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis, relacionados entre si e relacionados tamén co logro dos obxectivos xerais.
- O grao mínimo de desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe avaliábel.
- A distribución dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe nas respectivas unidades didácticas da materia.
- O perfil de cada competencia clave na materia.
- E, a modo orientador, os instrumentos a empregar para avaliar cada estándar de aprendizaxe (e dise a modo orientador porque débese ter en conta o que se dixo, ao respecto, no apartado 7.5).

Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas											
e i	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema.	MACS2B1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT	75%	X	X	X		X	Todas
i	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: Relación con outros problemas coñecidos. Modificación de variables. Suposición do problema resolto. B1.3. Análise dos resultados obtidos: revisión das operacións utilizadas, coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, procura doutros xeitos de resolución e	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MACS2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpre resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). MACS2B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	CMCCT CMCCT	75% 50%	X		X		X	Todas Todas

Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
	identificación de problemas parecidos.		MACS2B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido.	CMCCT CAA	50%	X		X		X	Todas
g i	B1.4. Elaboración e presentación oral e/ou escrita de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas. B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: recollida ordenada e a organización de datos; elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos; facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico; deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas; elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos; consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.	B1.3. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	MACS2B1.3.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación.	CMCCT	75%			X		X	Todas
			MACS2B1.3.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	CMCCT	75%			X		X	Todas
			MACS2B1.3.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema que cumpra demostrar.	CMCCT CD	75%			X		X	Todas
i m	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	B1.4. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	MACS2B1.4.1. Coñece e describe a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.).	CMCCT	25%			X		X	Todas
			MACS2B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	CMCCT CSIEE	25%			X		X	Todas
h i l	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	B1.5. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir de resolución dun problema e o	MACS2B1.5.1. Afonda na resolución dalgúns problemas formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc.	CMCCT	25%			X		X	Todas

Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
n		afondamento posterior, da xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.	MACS2B1.5.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (historia da humanidade e historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.)	CMCCT CSC CCEC	25%			X		X	Todas
e g i	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. B1.8. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o procedemento, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido. B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.	B1.6. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados.	MACS2B1.6.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación.	CMCCT	25%			X		X	Todas
			MACS2B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos axeitados ao contexto do problema de investigación.	CMCCT	25%			X		X	Todas
			MACS2B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	CCL CMCCT	25%			X		X	Todas
			MACS2B1.6.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas.	CMCCT CD	25%			X		X	Todas
			MACS2B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.	CCL	25%			X		X	Todas
			MACS2B1.6.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	CMCCT	25%			X		X	Todas.
i l	B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.	B1.7. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos,	MACS2B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC	50%			X		X	Todas

Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
		xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade.	MACS2B1.7.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT	50%			X		X	Todas
			MACS2B1.7.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT	50%			X		X	Todas
			MACS2B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT	50%			X		X	Todas
			MACS2B1.7.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT	25%			X		X	Todas
i	B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.	B1.8. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	2B1.8.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc.v, e valorando outras opinións.	CMCCT	75%			X		X	Todas
a b c d e f g h	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.9. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MACS2B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.).	CMCCT CSC CSIEE	75%			X		X	Todas.
			MACS2B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT	50%			X		X	Todas.

Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
i l m n			MACS2B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados encontrados; etc.	CMCCT CAA	50%			X		X	Todas.
			MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSC CSIEE	75%			X		X	Todas.
b i l m	B1.9. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MACS2B1.10.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE	50%	X		X			Todas.
b i l	B1.9. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.11. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia, e aprender diso para situacións similares futuras.	MACS2B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprender diso para situacións futuras.	CMCCT CAA	50%			X			Todas
g i	B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: recollida ordenada e a organización de datos; elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos; facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico; deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas; elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos; consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.	B1.12. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MACS2B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CD CMCCT	75%	X		X		X	Todas
			MACS2B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT	50%	X		X		X	Todas
			MACS2B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos	CMCCT	25%			X		X	Todas

Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS	TI		
			MACS2B1.12.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	CMCCT	25%			X	X		Todas
			MACSB1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.	CMCCT	75%			X	X		Todas
e g i	B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: recollida ordenada e a organización de datos; elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos; facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico; deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas; elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos; consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.	B1.13. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	MACS2B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	CD	50%			X	X		Todas.
			MACS2B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	CCL	50%			X	X		Todas
			MACS2B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.	CD CAA	75%			X	X		Todas
Bloque 2. Números e álgebra											
i	B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas. Clasificación de matrices. B2.2. Operacións con matrices. B2.3. Rango dunha matriz. B2.4. Matriz inversa. B2.5. Método de Gauss.	B2.1. Organizar información procedente de situacións do ámbito social utilizando a linguaxe matricial, e aplicar as operacións con matrices como instrumento para o tratamento da devandita información.	MACS2B2.1.1. Dispón en forma de matriz información procedente do ámbito social para poder resolver problemas con maior eficacia.	CMCCT	100%	X	X	X			1 2
			MACS2B2.1.2. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas e para representar sistemas de ecuacións lineais.	CMCCT	100%	X	X	X			1 2

Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
	B2.6. Determinantes ata orde 3.		MACS2B2.1.3. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual e co apoio de medios tecnolóxicos.	CMCCT	100%	X	X	X			1 2
h i	B2.7. Aplicación das operacións das matrices e B2.8. Representación matricial dun sistema de ecuacións lineais: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais (ata tres ecuacións con tres incógnitas). Método de Gauss.	B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resólvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, sistemas de ecuacións, inecuacións e programación lineal bidimensional), interpretando criticamente o significado das solucións obtidas.	MACS2B2.2.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real e o sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo nos casos que sexa posible e aplícao para resolver problemas en contextos reais.	CMCCT	100%	X	X	X			1 2 3
	B2.9. Resolución de problemas das ciencias sociais e da economía.		MACS2B2.2.2. Aplica as técnicas gráficas de programación lineal bidimensional para resolver problemas de optimización de funcións lineais que están suxeitas a restricións, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema.	CMCCT	100%	X	X	X			4
	B2.10. Inecuacións lineais cunha ou dúas incógnitas. Sistemas de inecuacións. Resolución gráfica e alxébrica.										
	B2.11. Programación lineal bidimensional. Rexión factible. Determinación e interpretación das solucións óptimas.										
	B2.12. Aplicación da programación lineal á resolución de problemas sociais, económicos e demográficos.										
Bloque 3. Análise											
i	B3.1. Continuidade: tipos. Estudo da continuidade en funcións elementais e definidas a anacos.	B3.1. Analizar e interpretar fenómenos habituais das ciencias sociais de xeito obxectivo traducindo a información á linguaxe das funcións, e describi-lo mediante o estudo cualitativo e cuantitativo das súas propiedades máis características.	MACS2B3.1.1. Modeliza con axuda de funcións problemas formulados nas ciencias sociais e descríbneos mediante o estudo da continuidade, tendencias, ramas infinitas, corte cos eixes, etc.	CMCCT	100%	X	X	X		X	5 6
			MACS2B3.1.2. Calcula as asíntotas de funcións sinxelas racionais, exponenciais e logarítmicas.	CMCCT	100%	X	X	X		X	5 6
			MACS2B3.1.3. Estuda a continuidade nun punto dunha función elemental ou definida a anacos utilizando o concepto de límite.	CMCCT	100%	X	X	X		X	5
i	B3.2. Aplicacións das derivadas ao estudo de funcións polinómicas, racionais e irracionais sinxelas, exponenciais e logarítmicas. B3.3. Problemas de optimización relacionados	B3.2. Utilizar o cálculo de derivadas para obter conclusións acerca do comportamento dunha función, para resolver problemas de optimización extraídos de	MACS2B3.2.1. Representa funcións e obtén a expresión alxébrica a partir de datos relativos ás súas propiedades locais ou globais, e extrae conclusións en problemas derivados de situacións reais.	CMCCT	100%	X	X	X		X	6 7 8

<i>Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato</i>											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
	coas ciencias sociais e a economía. B3.4. Estudo e representación gráfica de funcións polinómicas, racionais, irracionais, exponenciais e logarítmicas sinxelas a partir das súas propiedades locais e globais.	situacións reais de carácter económico ou social e extraer conclusións do fenómeno analizado.	MACS2B3.2.2. Formula problemas de optimización sobre fenómenos relacionados coas ciencias sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto.	CMCCT	75%	X	X	X		X	6 7 8
i	B3.5. Concepto de primitiva. Integral indefinida. Cálculo de primitivas: propiedades básicas. Integrais inmediatas. B3.6. Cálculo de áreas: integral definida. Regra de Barrow.	B3.3. Aplicar o cálculo de integrais na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables, utilizando técnicas de integración inmediata.	MACS2B3.3.1. Aplica a regra de Barrow ao cálculo de integrais definidas de funcións elementais inmediatas.	CMCCT	100%	X	X	X			9
			MACS2B3.3.2. Aplica o concepto de integral definida para calcular a área de recintos planos delimitados por unha ou dúas curvas.	CMCCT	100%	X	X	X			9
Bloque 4. Estatística e Probabilidade											
i l	B4.1. Afondamento na teoría da probabilidade. Axiomática de Kolmogorov. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. B4.2. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos. B4.3. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais, e verosimilitude dun suceso.	B4.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento persoais, diagramas de árbore ou táboas de continxencia, a axiomática da probabilidade e o teorema da probabilidade total, e aplica o teorema de Bayes para modificar a probabilidade asignada a un suceso (probabilidade inicial) a partir da información obtida mediante a experimentación (probabilidade final), empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais.	MACS2B4.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.	CMCCT	100%	X	X	X			10
			MACS2B4.1.2. Calcula probabilidades de sucesos a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.	CMCCT	100%	X	X	X			10
			MACS2B4.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.	CMCCT	100%	X	X	X			10
			MACS2B4.1.4. Resolve unha situación relacionada coa toma de decisións en condicións de incerteza en función da probabilidade das distintas opcións.	CMCCT	100%	X	X	X			10
i l	B4.4. Poboación e mostra. Métodos de selección dunha mostra. Tamaño e representatividade dunha mostra.	B4.2. Describir procedementos estatísticos que permiten estimar parámetros descoñecidos dunha	MACS2B4.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección.	CMCCT	100%						11

Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º Bacharelato											
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación					Unidades
						PE	PO	OBS		TI	
	<p>B4.5. Estatística paramétrica. Parámetros dunha poboación e estatísticos obtidos a partir dunha mostra. Estimación puntual.</p> <p>B4.6. Media e desviación típica da media mostral e da proporción mostral. Distribución da media mostral nunha poboación normal. Distribución da media mostral e da proporción mostral no caso de mostras grandes.</p> <p>B4.7. Estimación por intervalos de confianza. Relación entre confianza, erro e tamaño mostral.</p> <p>B4.8. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.</p> <p>B4.9. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución de modelo descoñecido e para a proporción no caso de mostras grandes.</p>	<p>poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados, calculando o tamaño mostral necesario e construíndo o intervalo de confianza para a media dunha poboación normal con desviación típica coñecida e para a media e proporción poboacional, cando o tamaño mostral é suficientemente grande.</p>	MACS2B4.2.2. Calcula estimadores puntuais para a media, varianza, desviación típica e proporción poboacionais, e aplícao a problemas reais.	CMCCT	100%	X	X	X		X	11
			MACS2B4.2.3. Calcula probabilidades asociadas á distribución da media mostral e da proporción mostral, aproximándoas pola distribución normal de parámetros axeitados a cada situación, e aplícao a problemas de situacións reais.	CMCCT	100%	X	X	X		X	11
			MACS2B4.2.4. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.	CMCCT	100%	X	X	X		X	11
			MACS2B4.2.5. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostras grandes.	CMCCT	100%	X	X	X		X	11
			MACS2B4.2.6. Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplícao en situacións reais.	CMCCT	100%	X	X	X		X	11
e i m	<p>B4.10. Identificación das fases e das tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.</p>	<p>B4.3. Presentar de forma ordenada información estatística utilizando vocabulario e representacións adecuadas, e analizar de xeito crítico e argumentado informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, na publicidade e noutros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións.</p>	MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas.	CCL CMCCT	75%	X	X	X		X	11
			MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo.	CMCCT	75%			X		X	11
			MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.	CMCCT CSC	75%			X		X	11

18.4. Tamaño do perfil de cada competencia clave.

<i>Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II de 2º de Bacharelato</i>		
Competencia	Tamaño absoluto	Tamaño relativo
Comunicación lingüística (CCL)	5	4
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	57	20
Competencia dixital (CD)	5	4
Aprender a aprender (CAA)	4	4
Competencias sociais e cívicas (CSC)	5	4
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	4	3
Conciencia e expresión culturais (CCEC)	1	1
TAMAÑO RELATIVO CONXUNTO		40

18.5. Perfís competenciais na materia e peso competencial da mesma. Ponderacións e comparativas no mesmo nivel.

Materias de 2º Bacharelato	Competencias clave														COMPETENCIAS EN CONXUNTO	
	CCL		CMCCT		CD		CAA		CSC		CSIEE		CCEC		Tamaño relativo conxunto	Peso competencial (%)
	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)		
Bioloxía	13	3,19	19	8,15	11	5,88	31	8,64	12	6,03	14	12,39	13	6,28	113	6,63
Ciencias da terra e do medio ambiente	6	1,47	41	17,6	3	1,6	32	8,91	14	7,04	14	12,39	12	5,8	122	7,16
Debuxo artístico II	3	0,74	2	0,86	2	1,07	3	0,84	4	2,01	6	5,31	9	4,35	29	1,7
Economía da empresa	4	0,98	11	4,72	10	5,35	7	1,95	5	2,51	9	7,96	0	0,00	46	2,7
Ética e filosofía do dereito	24	5,9	5	2,15	15	8,02	16	4,46	21	10,55	14	12,39	6	2,9	101	5,92
Historia da arte	62	15,23	2	0,86	6	3,21	50	13,93	18	9,05	10	8,85	62	29,95	210	12,32
Historia da filosofía	13	3,19	4	1,72	2	1,07	8	2,23	12	6,03	2	1,77	4	1,93	45	2,64
Historia da música e da danza	20	4,91	1	0,43	10	5,35	20	5,57	9	4,52	2	1,77	21	10,14	83	4,87
Historia de España	47	11,55	14	6,01	7	3,74	35	9,75	48	24,12	5	4,42	10	4,83	166	9,74
Latín II	26	6,39	7	3	9	4,81	16	4,46	5	2,51	0	0,00	11	5,31	74	4,34

Materias de 2º Bacharelato	Competencias clave														COMPETENCIAS EN CONXUNTO	
	CCL		CMCCT		CD		CAA		CSC		CSIEE		CCEC		Tamaño relativo conxunto	Peso competencial (%)
	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)	Tamaño relativo	Peso perfil (%)		
Língua castelá e Literatura II	16	3,93	1	0,43	2	1,07	9	2,51	5	2,51	3	2,65	2	0,97	38	2,23
Língua galega e Literatura II	36	8,85	0	0,00	4	2,14	16	4,46	12	6,03	3	2,65	3	1,45	74	4,34
Literatura galega do século XX e da actualidade	26	6,39	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	26	12,56	52	3,05
Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	4	0,98	20	8,58	4	2,14	4	1,11	4	2,01	3	2,65	1	0,48	40	2,35
Primeira lingua estranxeira II	5	1,23	0	0,00	5	2,67	5	1,39	5	2,51	0	0,00	5	2,42	25	1,47
Psicoloxía	8	1,97	11	4,72	12	6,42	10	2,79	9	4,52	10	8,85	4	1,93	64	3,75
Segunda lingua estranxeira II	5	1,23	0	0,00	4	2,14	5	1,39	5	2,51	0	0,00	5	2,42	24	1,41
Técnicas de expresión gráfico-plástica	4	0,98	1	0,43	2	1,07	3	0,84	2	1,01	10	8,85	9	4,35	31	1,82
Tecnoloxías da información e da comunicación II	6	1,47	10	4,29	10	5,35	7	1,95	5	2,51	8	7,08	4	1,93	50	2,93
Xeografía	79	19,41	84	36,05	69	36,9	82	22,84	4	2,01	0	0,00	0	0,00	318	18,65
TOTAIS	407	100	233	100	187	100	569	100	199	100	113	100	500	100	1705	100

Para o estudo destes datos temos que ter en conta que os pesos estarán máis distorsionados que no caso dos cursos anteriores debido á optatividade existente neste nivel. Cada alumno ou alumna de 2º Bacharelato cursará 9, 10 ou 11 materias das 20 que figuran na táboa anterior, pois esta reflexa as posibilidades que ten o alumnado do centro de elixir as materias. Tendo en conta isto e á vista dos datos que aparecen na táboa anterior, pódense extraer as seguintes conclusións para a materia de Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º de Bacharelato:

- **Contribúe esencialmente a adquisición da competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCCT)**, pois esta competencia é a que ten o perfil con máis peso na materia. Sen embargo, o peso do perfil desta competencia na materia de Matemáticas Aplicadas ás ciencias sociais é superado polos pesos dos perfís desta competencia nas materias de Ciencias da terra e do medio ambiente e Xeografía, aínda que tamén hai observar que ambas teñen moitísimos máis estándares de aprendizaxe avaliábeis ca ela (o triple no caso de Ciencias da terra e oito veces máis no caso de Xeografía).
- **En canto ao resto das competencias, ás que máis contribúe para a súa adquisición son ás competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e a competencia dixital (CD) e á que menos contribúe é á competencia en conciencia e expresións**

culturais (CCEC).

- **Contribúe (aínda que nalgúns casos pouco) á adquisición de todas as competencias clave**, pois, a diferenza doutras materias do mesmo nivel, non hai ningunha competencia que teña un perfil de peso cero nela.
- **O peso da súa contribución á adquisición, en conxunto, das competencias clave está por debaixo da mediana dos pesos cos que contribúen á mesma finalidade as distintas materias do mesmo nivel** (sen ter en conta que hai materias con un tamaño relativo “moi moi superior” ás demais, como son Bioloxía, Ciencias da terra e do medio ambiente, Ética e filosofía do dereito, Historia da arte, Xeografía e Historia de España)

18.6. Aspectos máis relevantes da maneira de contribuír a materia á consecución das competencias

<i>Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II de 2º de Bacharelato</i>	
<i>Competencia en comunicación lingüística (CCL)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa expresión oral e escrita, de forma razoada, do proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. ▪ Coa esixencia da utilización de argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. ▪ Co adestramento na transmisión de certeza e seguridade na comunicación das ideas. ▪ Coa utilización de recursos tecnolóxicos para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. ▪ Coas esixencias da utilización dun vocabulario axeitado para describir situacións relacionadas coa materia que se está impartindo. ▪ Coa lectura comprensiva dos enunciados dos problemas. ▪ Coas accións de contribución ao Proxecto Lector.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa progresiva adquisición de novos coñecementos (matrices, determinantes, programación lineal, integrais,...) ▪ Coa esixencia de análise e comprensión dos enunciados dos problemas que cómpren resolver. ▪ Coa utilización de estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas. ▪ Coa utilización de diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático. ▪ Co uso da linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. ▪ Co emprego de ferramentas tecnolóxicas na resolución de problemas. ▪ Co adestramento na consulta das fontes de información axeitadas para os pequenos traballos de investigación. ▪ Coa resolución de problemas asociados a fenómenos físicos, biolóxicos ou económicos.
<i>Competencia dixital (CD)</i>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa incorporación das ferramentas tecnolóxicas ao proceso educativo como recuso didáctico.

Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II de 2º de Bacharelato	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coa utilización, practicamente a diario, da calculadora. ▪ Coa elaboración por parte do alumnado de documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), ▪ Co adestramento no proceso de procura, análise e selección de información para a elaboración de documentos dixitais. ▪ Coas accións de contribución ao plan TIC do centro.
<p>Estatística Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas cualitativas e cuantitativas. Variable continua.</p> <p>Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Organización en táboas de datos recolleitos nunha experiencia.</p> <p>Agrupación de datos en intervalos.</p> <p>Diagramas de barras, e de sectores.</p> <p>Polígonos de frecuencias.</p> <p>Medidas de tendencia central.</p> <p>Cálculo e interpretación.</p> <p>Medidas de dispersión.</p> <p>Probabilidade Fenómenos deterministas e aleatorios.</p> <p>Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.</p> <p>Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.</p> <p>Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables. Espazo muestral en experimentos sinxelos.</p> <p>Táboas e diagramas de árbore sinxelos.</p> <p>Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.</p>	<p>1. Elaborar informacións estatísticas para describir un conxunto de datos mediante táboas e gráficas adecuadas á situación analizada e xustificando llas conclusións son representativas para a poboación estudada.</p> <p>2. Calcular e interpretar vos parámetros de posición e de dispersión dunha variable estatística para resumir vos datos e comparar distribucións estatísticas</p> <p>3. Analizar e interpretar a información estatística que aparece nos medios de comunicación valorando a súa representatividade e fiabilidade.</p> <p>1. Diferenciar os fenómenos deterministas dos aleatorios, valorando a posibilidade que ofrecen as matemáticas para analizar e facer predicións razoables achega do comportamento dos aleatorios a partir das regularidades obtidas ao repetir un número significativo de veces a experiencia aleatoria, ou o cálculo da súa probabilidade.</p> <p>2. Inducir a noción de probabilidade a partir do concepto de frecuencia relativa e como medida de incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a experimentación.</p>	<p>1. Define e distingue entre poboación, mostra e individuo desde o punto de vista da estatística, e aplícaos a casos concretos.</p> <p>1.2. Recoñece e propón exemplos de distintos tipos de variables estatísticas, tanto cualitativas como cuantitativas</p> <p>1.3. Distingue entre variable cualitativa, cuantitativa discreta e cuantitativa continua e pon exemplos.</p> <p>1.4. Organiza datos, obtidos dunha poboación, de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula as súas frecuencias absolutas, acumuladas, relativas, porcentuais e represéntaos graficamente.</p> <p>2.1. Calcula e interpreta as medidas de posición (media, moda e mediana) dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos.</p> <p>2.2. Calcula as medidas de dispersión (rango, percorrido e desviación típica).</p> <p>3.1. Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central e o rango de variables estatísticas cuantitativas.</p> <p>3.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada.</p> <p>4.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir, analizar e interpretar información estatística dos medios de comunicación.</p> <p>4.2. Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recolleitos en medios de comunicación.</p> <p>1.1. Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas.</p> <p>1.2. Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos</p> <p>1.3. Entende os conceptos de frecuencia absoluta e relativa dun suceso.</p> <p>1.4. Calcula a frecuencia relativa dun suceso mediante a experimentación. 2.1 Comprende o concepto de probabilidade inducido a partir do de frecuencia relativa dun suceso.</p> <p>2.2. Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación da mesma mediante a experimentación.</p> <p>2.3. Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.</p> <p>2.4. Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción e como porcentaxe. analizada.</p>

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (2º ESO)		
Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábles
		4.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir, analizar e interpretar información estatística dos medios de comunicación. 4.2. Interpreta gráficos estadísticos sinxelos recolleitos en medios de comunicación.
Bloque 6. A materia		Temporalización: Primeiro trimestre
Propiedades da materia. Estados de agregación. Cambios de estado. Sustancias puras e mesturas. Mesturas de especial interese: disolucións e alixaxes Métodos de separación de mesturas.	1. Recoñecer as propiedades xerais e características específicas da materia e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións. 2. Manexar convenientemente o material de laboratorio para medir magnitudes e expresalas nas unidades adecuadas 3. Xustificar as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia e os seus cambios de estado. 4. Identificar sistemas materiais como sustancias puras ou mesturas e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese. 5. Propoñer métodos de separación dos compoñentes dunha mestura.	1.1 Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, utilizando estas últimas para a caracterización de sustancias. 1.2. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido e calcula a súa densidade. 2.1. Utiliza os instrumentos adecuados para medir masas, lonxitudes, tempos e temperaturas, e expresa os resultados nas unidades adecuadas. 3.1. Xustifica que unha sustancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura nas que se atope. 3.2. Explica as propiedades dos gases, líquidos e sólidos. 3.3. Describe e interpreta os cambios de estado da materia e aplicación á interpretación de fenómenos cotiáns. 4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en sustancias puras e mesturas, especificando neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas e heteroxéneas. 4.2. Identifica o disolvente e o soluto en mesturas homoxéneas de especial interese. 4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado. 5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das sustancias que as compoñen, describindo o material de laboratorio adecuado. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, utilizando estas últimas para a caracterización de sustancias.
Bloque 7. Os cambios químicos		Temporalización: Segundo trimestre

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (2º ESO)		
Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
<p>Cambios físicos e cambios químicos. A reacción química. A química na sociedade e o medioambiente.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas sustancias. 2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas sustancias noutras. 3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas sustancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas. 4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no medioambiente. 5. Admitir que determinadas industrias químicas poden ter repercusións negativas no medioambiente. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas sustancias. 1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poñan de manifesto a formación de novas sustancias e recoñece que se trata de cambios químicos. 2.1. Identifica cales son os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética. 3.1. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas. 4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global. 5.1. Analiza e pon de manifesto os efectos negativos dalgunha industria química consultando bibliografía respecto diso
Bloque 8. O movemento e as forzas		Temporalización: Segundo trimestre
<p>As forzas. Efectos. Velocidade media. Forzas da natureza. 4 Modelos cosmolóxicos</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións. 2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo. 3. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos distintos niveis de agrupación no Universo. 4. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá. 5. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico. 6. Recoñecer os modelos xeocéntrico e heliocéntrico 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaa cos seus correspondentes efectos na deformación ou a alteración do estado de movemento dun corpo. 1.2. Comproba o alongamento producido nun peirao por distintas masas e utiliza o dinamómetro para coñecer as forzas que produciron eses alongamentos. expresando o resultado en unidades do S.I. 2.1. Realiza cálculos sinxelos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade. 2.2. Relaciona cualitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes. 3.1. Analiza cualitativamente os efectos da forza gravitatoria sobre os corpos na terra e no universo. 3.2. Recoñece que a forza da gravidade mantén aos planetas virando ao redor do sol, e á lúa ao redor da terra, xustificando o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos corpos. 4.1. Analiza situacións cotiáns nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática. 5.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo. 5.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte utilizando o campo magnético

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (2º ESO)		
Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
		terrestre. 6.1. Diferencia os modelos geocéntrico, heliocéntrico e actual describindo a evolución do pensamento ao longo da Historia
Bloque 9. A enerxía		Temporalización: Terceiro trimestre
Concepto de enerxía. Unidades. Tipos de enerxía. Transformación da enerxía e a súa conservación. Enerxía calorífica. A calor e a temperatura. Fontes de enerxía. Análise e valoración das diferentes fontes. Uso racional da enerxía.	. Comprender que a enerxía é a capacidade de producir cambios, que se transforma duns tipos noutros e que se pode medir, e identificar os diferentes tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns. 2. Relacionar os conceptos de calor e temperatura para interpretar os efectos da calor sobre os corpos, en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio. 3. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as diferentes fontes, comparar o impacto ambiental das mesmas e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable.	1.1Identifica os diferentes tipos de enerxía e as súas aplicacións, en situacións da vida cotiá. 2.1. Establece a relación matemática que existe entre a calor e a temperatura, aplicándoo a fenómenos da vida diaria. 2.2. Describe a utilidade do termómetro para medir a temperatura dos corpos expresando o resultado en unidades do Sistema Internacional. 2.3. Determina, experimentalmente a variación que se produce ao mesturar sustancias que se atopan a diferentes temperaturas. 3.1. Enumera os diferentes tipos e fontes de enerxía analizando impacto ambiental de cada unha delas. 3.2. Recoñece a necesidade dun consumo enerxético racional e sustentable para preservar a nosa contorna.

19.5. A avaliación

En resposta á lexislación vixente, a avaliación do alumnado nos ámbitos que conforman o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

19.5.1. Instrumentos de avaliación

- Observación do traballo na aula e no laboratorio. É apropiado para comprobar habilidades, valores, actitudes e comportamentos.
- Recollida de opinións e percepcións: para o que se adoitan empregar cuestionarios, formularios, entrevistas, diálogos, foros ou debates. É apropiado para valorar capacidades, habilidades, destrezas, valores e actitudes.
- Producións dos alumnos: a revisión dos cadernos de clase, dos resumos ou apuntamentos do alumno. Traballos, memorias de investigación, exposicións orais e postas en común. Son apropiadas para comprobar coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas.

- Realización de tarefas ou actividades: dindividual, secuenciáis ou puntuáis. Adóitanse expor como problemas, exercicios, respostas a preguntas, retos, e é apropiado para valorar coñecementos, capacidades, habilidades, destrezas e comportamentos.
- Realización de probas obxectivas ou abertas: exames e probas ou test de rendimento, que son apropiadas para comprobar coñecementos, capacidades e destrezas.

No caso de ter que ir a unha docencia non presencial, estes instrumentos serán empregados a través da aula virtual, coa entrega e realización de traballos e probas excritas de forma on-line e participación a través dos foros.

19.5.2. Procedementos de avaliación

Asumimos, ao establecer os procedementos de avaliación, que é avaliación continua na base da lexislación vixente. Os contidos distribúense por bloques coherentes, para que na secuencia de probas teñan que utilizar os coñecementos de exames anteriores, con carácter recorrente e non de desenvolvemento. Neste proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, débense establecer medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, axiña en canto se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. Mediante a avaliación continua valórase o proceso de aprendizaxe do estudante para partir do seguimento continuo do traballo que realiza e dos coñecementos e das competencias ou destrezas que vai adquirindo, co que poden introducirse de forma inmediata as modificacións necesarias para optimizar o proceso e mellorar os resultados obtidos. O proceso de avaliación non debe limitarse só a comprobar a progresión do estudante na adquisición de coñecementos. Na situación actual, o sistema de avaliación encamiñase máis cara á verificación das competencias (no sentido de demostrar ser competente para algo) obtidas polo propio estudante en cada materia, coa súa participación activa nun proceso continuo e ao longo do curso, pois todos os estándares de aprendizaxe a alcanzar e os obxectivos docentes propostos nunha programación didáctica deben ser avaliábeis. Os procedementos de avaliación irán sempre vinculados ós instrumentos. Con carácter xeral, establécese unha porcentaxe, invariable, entre dous bloques de instrumentos:

- Proba escrita (exame ou exames de avaliación). En caso de docencia non presencial será on-line
- Resto de instrumentos: Observación, caderno, traballos, experiencias no laboratorio, ... En caso de non docencia presencias, coa entrega de traballo e participación nos foros da aula virtual

As porcentaxes para estes dous bloques especifícanse no apartado seguinte, "Criterios de cualificación". A porcentaxe global que lle corresponde ós exames por avaliación, sempre será a mesma. No caso de varios exames farase nota media deles para calcular a nota da proba

escrita. O mesmo criterio, que o referido anteriormente, aplicarase ó resto de instrumentos. En cada avaliación o profesorado utilizará distintos instrumentos, agás para exames, cada un deles terá unha valoración ponderada equitativa ao número de instrumentos empregados.

19.5.3. Criterios de cualificación

Os criterios que se seguirán para establecer a cualificación numérica en cada avaliación parcial son os seguintes:

As probas escritas contarán un 80% da nota trimestral. En cada avaliación realizaranse como mínimo dúas probas escritas de maneira que farase unha media das cualificacións obtidas en ditas probas. É necesario ter como mínimo unha nota de 3 en cada unha das probas para obter avaliación positiva.

O 20% restante da nota trimestral estimarase do seguinte modo: tódolos aspectos relacionados co traballo e a actitude diaria como son as actividades realizadas na aula e no laboratorio, a participación, o esforzo, a asistencia e a puntualidade. A realización das actividades propostas para facer na casa. O caderno de clase (corrección de actividades, orde, presentación, etc). Os traballos ou proxectos de investigación.

Na 1ª e 2ª avaliación farase unha proba escrita de recuperación para o alumnado que non tivera unha cualificación positiva (igual ou superior a 5) en ditas avaliacións. A cualificación final do curso será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación.

Considerarase que un alumno ou alumna superou a materia se acadou unha nota mínima de 5 nas tres avaliacións.

Probas finais adicionais de xuño: O alumnado que teñan algunha avaliación suspensa, fará unha proba escrita adicional de recuperación das avaliacións correspondentes. O alumnado que non obteña cualificación positiva na convocatoria ordinaria de xuño poderá presentarse a unha proba extraordinaria, os primeiros días de setembro, de toda a materia.

19.6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade, desde o punto de vista metodolóxico, debe estar presente en todo o proceso de ensino - aprendizaxe e levar ao profesor ou profesora a:

- Detectar os coñecementos previos dos alumnos e alumnas ao empezar cada unidade. Aos alumnos e alumnas nos que se detecte unha lagoa nos seus coñecementos, débeseles propoñer un ensino compensatorio, na que debe desempeñar un papel importante o traballo en situacións concretas.

- Procurar que os contidos novos que se ensinan conecten cos coñecementos previos e sexan adecuados ao seu nivel cognitivo (aprendizaxe significativa).
- Identificar os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas e establecer as adaptacións correspondentes.
- Tentar que a comprensión do alumnado de cada contido sexa suficiente para unha adecuada aplicación e para enlazar cos contidos que se relacionan con el.

A resposta educativa á diversidade é o eixo fundamental do principio da individualización do ensino. O tratamento e a atención á diversidade realízanse desde a formulación didáctica dos distintos tipos de actividades a realizar na aula, que poden ser:

- Actividades de reforzo: concretan e relacionan os diversos contidos. Consolidan os coñecementos básicos que se pretende que alcance o alumnado, manexando reiteradamente os conceptos e procedementos. Á súa vez, contextualizan os diversos contidos en situacións moi variadas.
- Actividades finais de cada unidade didáctica: que serven para avaliar de forma diagnóstica e sumativa os coñecementos e procedementos que se pretende que alcancen os alumnos. Tamén serven para atender á diversidade do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe, dentro das distintas pautas posibles nun grupo-clase, e de acordo cos coñecementos e o desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado.

19.7. Rúbricas para a avaliación

RÚBRICA PARA AVALIAR A ACTITUDE (ATENCIÓN/PARTICIPACIÓN) NAS CLASES					
<i>Cráterios</i>	<i>Moi ben (4)</i>	<i>Ben (3)</i>	<i>Regular (2)</i>	<i>Mal (1)</i>	<i>PUNTOS</i>
INTERÉS	-Sempre chega puntual ás clases. -Trae sempre o material necesario.	-Algunha vez non chega puntual ás clases. -Algunha vez non trae o material.	-Bastantes veces non chega puntual ás clases -Bastante veces non trae o material	-Moitas veces non chega puntual ás clases. -Moitas veces (A miúdo) non trae o material necesario.	
ATENCIÓN	-Sempre garda silencio. -Sempre presta atención e non se distrae con outros temas.	-Si, garda silencio pero só cando se lle pide /avisa. -Si, presta atención pero hai momentos en que non mostra interese.	-Non garda silencio (normalmente), pero cala cando se lle chama a atención. -Non presta atención e hai momentos nos que se evade da clase con outras cousas.	-Non garda silencio nunca, (a pesares dos avisos), e falta ao respecto /molesta aos compañeiros /profesor continuamente. -Non presta atención e molesta	

RÚBRICA PARA AVALIAR A ACTITUDE (ATENCIÓN/PARTICIPACIÓN) NAS CLASES					
<i>Critérios</i>	<i>Moi ben (4)</i>	<i>Ben (3)</i>	<i>Regular (2)</i>	<i>Mal (1)</i>	<i>PUNTOS</i>
				aos demais compañeiros.	
PARTICIPACIÓN	-Atende sempre ás explicacións, concentrado e de forma activa. (Interactúa...) -Sempre participa voluntariamente nas actividades (orais ou escritas).	-Si, normalmente parece que atende á explicación (ou por momentos atende) aínda que está distraído con outras cousas. -Si, participa pero só cando se lle pregunta.	-Non atende ás explicacións pero non molesta aos demais. -Non participa voluntariamente, aínda que ás veces fai comentarios puntuais dalgún tema	-Non atende ás explicacións prefire facer outras cousas, ás veces molesta aos demais. -Non participa nin aporta ideas	

RÚBRICA PARA EVALUAR O CADERNO DE TRABALLO/ACTIVIDADES DE CLASE/AULA					
<i>Critérios</i>	<i>Moi ben (4)</i>	<i>Ben (3)</i>	<i>Regular (2)</i>	<i>Mal (1)</i>	<i>PUNTOS</i>
PRESENTACIÓN/ ORGANIZACIÓN	- Introduce as actividades ao comezo dunha páxina co número de Tema e o seu título, xunto coa data e páxina -Realiza as actividades na orde proposta, indicando aquelas que fixo no libro, e non deixa espazos nin páxinas en branco	- Non introduce algunha das unidades, ou falta algún dos elementos mencionados... - Case sempre realiza as actividades na orde proposta e indica as feitas no libro e deixa algún espazo ou páxina en branco	- Algunhas das unidades non están identificadas ou faltan a maioría dos elementos -A miúdo non realiza as actividades na orde proposta nin indica as feitas no libro e deixa bastantes espazos ou páxinas en branco..	-A maioría das unidades non están identificadas. -Nunca realiza as actividades na orde proposta nin indica as feitas no libro... e deixa moitos espazos e/ou páxinas en branco	
NORMAS DE ESCRITURA/ CALIGRAFÍA	-Copia todos os enunciados completos das actividades con bolígrafo (negro/azul) e escribe as respostas con lapis (para facilitar corxillos). -Escribe con letra clara (caligrafía lexible) e sen faltas de ortografía, respectando as normas de escritura	-Falta algún enunciados e escribe case sempre con bolígrafo e as respostas con lapis (para facilitar corxillos). -Escribe con letra bastante clara aínda que as veces costa lela, e ten algunhas faltas de ortografía ou non respecta as as normas de escritura	-Faltan bastantes enunciados ou escribe con frecuencia con lapis e/ou bolígrafos de cores inadecuados. -Escribe con letra pouco clara, é difícil a súa lectura, e ten bastantes faltas de ortografía e fallos nas normas de escritura	-Faltan a maioría (ou non copia case ningún) dos enunciados.... -A letra súa non é clara nin lexible, ten moitas faltas de ortografía, non respectando as normas de escritura	
CONTIDOS/ AUTO-CORRECCIÓN	-Ten todas as tarefas feitas completas e rematadas coas respostas -Ten todas as actividades coa	-Ten a maioría das tarefas feitas e rematadas completamente -Ten a maioría das actividades coa resposta correcta ou	-Ten bastantes tarefas sen facer e/ou sen rematar. -Ten bastantes actividades sen resposta ou sen corrixir (algúns	-Ten a maioría das tarefas sen facer e/ou sen rematar. -Ten a maioría das actividades sen resposta ou sen corrixir, e os	

RÚBRICA PARA EVALUAR O CADERNO DE TRABALLO/ACTIVIDADES DE CLASE/AULA					
<i>Cráterios</i>	<i>Moi ben (4)</i>	<i>Ben (3)</i>	<i>Regular (2)</i>	<i>Mal (1)</i>	<i>PUNTOS</i>
	reposta correcta, ou corrixidas e os erros sinalados os ten corrixidos e non os volve a repetir.	corrixidas, aínda que lle faltan algunhas, e os erros sinalados e corrixidos poucas veces os volve a repetir.	temas), e os erros sinalados e corrixidos soe volver a repetilos.	erros sinalados non soe corrixir e os volve a cometer unha e outra vez.	

20. Matemáticas manipulativas. Optativa de centro para 2º ESO

20.1. Introducción e contextualización

Moi frecuentemente nos atopamos nas nosas aulas, na materia de matemáticas, con alumnado que as observa como algo tedioso, irreal, abstracto,... e que, por máis aplicacións e problemas que se lle propoñan relacionados co seu entorno e con situacións cotiás, pouco máis sacan en claro que so son unha ferramenta e que non hai nada máis. Aprenden a empregala e non se cuestionan nada máis: esa ferramenta é a axeitada?, poderei empregala noutro sitio?, como é que funciona? ... Así é que prefiren aprender as fórmulas, onde se empregan, e non razoan nin de onde saen e moito menos se fóra deses “problemas tipo” se poden empregar. Xa nin dicir cabe que pensen, “podo tocar as matemáticas?, podo xogar con elas?, facer maxia?, ... podo disfrutar coas matemáticas?”

Coa finalidade de que o noso alumnado descubra a parte máis entretida e lúdica das matemáticas, que normalmente queda fóra dos currículos da materia, ben sexa por falta de tempo ou por cumprimento dunhas programacións enfocadas a unha matemática formal e ao seu carácter de ferramenta interdisciplinar, sae a elaboración desta programación didáctica para ofertala ao noso alumnado de 2º ESO.

“Matemáticas manipulativas” ten por finalidade a construción de materiais didácticos manipulables a través da cal se traballen distintos campos das matemáticas e, co posterior emprego dos materiais con outros compañeiros e compañeiras ou no ámbito familiar do alumnado, de dar un empuje a eliminar ese concepto de que as “mates son feas”. Por poñer un exemplo: a través da construción dun tangram o alumnado traballa a aritmética (números enteiros, racionais e irracionais, medidas aproximadas e exactas, fraccións e porcentaxes, medidas de lonxitude e superficie e as relacións de semellanza nelas), a xeometría (manipulación de figuras planas, cálculo de áreas e perímetros, clasificación de polígonos, elementos dos triángulos, o teorema de Pitágoras, semellanza de figuras planas, ...) e o razoamento a través de resolución de crebacabezas.

Trátase dunha materia con carácter procedimental e actitudinal, potenciando a aplicación de contidos e métodos de razoamento matemático. Traballarase, sobre todo, por grupos, polo que con ela se fomenta tamén o traballo cooperativo e, polo tanto, o respecto de opinións distintas ás propias. Con este enfoque cóbrense moitísimos dos obxectivos xerais da etapa.

Con esta materia intentamos que o noso alumnado coñeza as principais formas de facer en matemáticas e sexan capaces de relacionalas con situacións cotiás. Os procesos de razoamento habituais no campo das matemáticas axudan a desenvolver no alumnado a capacidade de enfrontarse

a situacións descoñecidas.

Tamén pode contribuír ao afianzamento de actitudes respectuosas e hábitos de traballo positivos, a colaborar para enfrontarse ás actividades propostas, amosándolle ao alumnado o poder do traballo en equipo.

Manipular obxectos e aplicar conceptos matemáticos, neles e con eles, pode axudar a comprendelos mellor e, neste sentido, esta materia pode reforzar á da clase ordinaria de matemáticas, pero non cremos que esa sexa a súa principal finalidade, é máis, pensamos que non pode, nin debe, empregarse para corrixir deficiencias de aprendizaxe da área de matemáticas nin para profundizar nela. Loxicamente “Matemáticas manipulativas” comparte contidos coa materia de matemáticas pero existen diferenzas como:

- O perfil de materia aplicada difire do carácter autosuficiente que rodea unha disciplina tan instrumental como o de Matemáticas.
- É unha materia que se cursará durante un ano e non condicionará o desenvolvemento posterior de ningunha outra materia. Dispoñemos, polo tanto, de tempo suficiente para dedicarllo a cuestións como o traballo en grupo ou á manipulación, aspectos que nas materias non optativas so se traballan de forma moi puntual.
- O profesorado non está coaccionado por un temario de mínimos que debe desenvolver obrigatoriamente. Isto facilita a posibilidade de adaptar ritmos e contidos ás condicións do grupo e do alumnado. Un axeitado equilibrio entre manipulación e reflexión pode ser un importante instrumento para afrontar esa diversidade.
- O comportamento do profesorado na aula tamén pode ser distinto. Nesta materia é posible unha actitude moito máis construtiva que expositiva. Conducir os procesos de investigación ou asesorar sen que o alumnado perda a iniciativa, son papeis que non pode primar o profesorado de matemáticas.

20.2. Obxectivos

O obxectivo básico é que o alumnado sexa capaz de aplicar as ferramentas matemáticas en situacións máis ou menos reais. Estas ferramentas non son só conceptos, propiedades ou fórmulas, senón tamén procedementos e hábitos típicos do traballo matemático.

- Actuar con imaxinación e creatividade, valorando a importancia non só dos resultados, senón tamén do proceso empregado para atopalos.
- Desenvolver estratexias baseadas no proceso de razoamento matemático para empregalas en situacións diversas e non sempre

relacionadas coas Matemáticas.

- Traballar en equipo para levar a cabo unha tarefa, valorando as ventaxas da cooperación.
- Mostrar actitudes propias da actividade matemática en situacións cotidiás e incorporar á linguaxe habitual as formas de expresión matemática.
- Deseñar e manipular materiais que favorezan a comprensión de conceptos e procedementos.

20.3. Metodoloxía

O desenvolvemento da materia será a través de actividades e non dos contidos matemáticos.

Esas actividades comezan cunhas instrucións iniciais que se lle dan ao alumnado e que van delimitando o problema, e outras veces comezará cun traballo previo do alumnado na casa, buscando obxectos ou fabricando material que despois se empregará na clase. O desenvolvemento posterior realizarase na aula, traballando, neste curso, de forma individual, con postas en común dirixidas polo profesorado. Ao final, cada alumno e alumna terá que elaborar un resumo da actividade incluíndo valoracións persoais (isto servirán tamén para unha memoria final da materia, podendo reorganizala en posteriores anos).

O carácter manipulativo da materia esixe unha adecuada planificación das tarefas encomendadas ao alumnado. Debido á situación sanitaria, neste curso 2020/21 todo o material preciso terao que traer cada alumno/a de forma individual, ao igual que as ferramentas necesarias para facelo. Conseguir que todo o alumnado actúe de forma responsable require convencemento e constancia. Resultaría máis doado esquecerse da manipulación (e dos problemas que ela implica) pero pensamos que manipular os obxectos facilita a comprensión dos conceptos e que a responsabilidade é un dos contidos actitudinais básicos que debe adquirir o alumnado da Educación Secundaria Obligatoria.

20.4. Concreción dos elementos curriculares.

MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS				
<i>Obxectivos da etapa</i>	<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias clave</i>
BLOQUE 1: Contidos e criterios de cualificación transversais a tódolos bloques				
<i>a b c d e f g h</i>	C1.1. Utilización de actitudes propias da actividade matemática en situacións	B1.1. Utilizar os seus coñecementos e a súa capacidade de razoamento nun ambiente próximo á vida cotiá, para resolver situacións e problemas reais e/ou lúdicos.	MM1.1.1. Utiliza os seus coñecementos previos e a súa capacidade de razoamento para resolver situacións e problemas reais próximos e/ou lúdicos.	CCL CMCCT CSIEE

MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS				
Obxectivos da etapa	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	cotidiás			CAA
			MM1.1.2. Coñece e valora a utilidade das matemáticas na vida cotiá e as súas relacións con diferentes aspectos da actividade humana e os outros campos do coñecemento (ciencia, tecnoloxía, arte, etc.).	CCL CMCCT CCEC CAA
a b c d e f g h	C1.2. Utilización das formas de pensamento lóxico para formular e comprobar conxeturas.	B1.2. Elaborar estratexias persoais para a resolución de problemas matemáticos sinxelos e cotiás, empregando distintos recursos e analizando a coherencia dos resultados para melloralos se fose preciso.	MM1.2.1. Elabora estratexias para resolver problemas matemáticos sinxelos e cotiás, empregando distintos recursos.	CCL CMCCT CD CAA CSIEE
			MM1.2.2. Analiza a coherencia dos resultados acadados e intenta melloralos de ser preciso.	CCL CMCCT CSIEE CAA
a b c d e f g h	C1.3. Procedemento de forma metódica ante situacións novas.	B1.3. Actuar con imaxinación e creatividade para resolver situacións novas.	MM1.3.1. Enfróntase a novas tarefas manuais e gráficas con creatividade e iniciativa, deseñándoas e planificándoas previamente	CCL CMCCT CD CSIEE CAA
		B1.4. Valorar a importancia non só dos resultados senón tamén do proceso seguido para acadalos.	MM1.4.1. Valora os aspectos estéticos, utilitarios e de satisfacción persoal dos procesos seguidos para a resolución de problemas.	CCL CMCCT CD CSIEE CAA
a b c d e f g h	C1.4. Elaboración de resúmenes seguindo unhas pautas e adquisición de responsabilidade.	B1.5. Elaborar de forma metódica, correcta e ordeada os resúmenes das actividades e entregalos ao remate de cada unha das actividades nos prazos indicados.	MM1.5.1. Elabora resúmenes de forma metódica, correcta e ordeada, seguindo pautas indicadas.	CCL CD CAA
			MM1.5.2. Entrega os traballos e resúmenes das actividades nos prazos acordados.	CCL CSC CAA
a b c d e f g h	C1.5. Adquisición da capacidade de traballo en equipo.	B1.6. Traballar en equipo para levar a cabo unha tarefa, sabendo: confrontar opinións, respectalas, aceptalas e valorar as vantaxes do traballo cooperativo.	MM1.6.1. Confronta as opinións propias coas dos demais compañeiros respectandoas	CCL CSC CAA
			MM1.6.2. Acepta e desenvolve en equipo as mellores solucións consensuadas	CSC CAA
			MM1.6.3. Valora as vantaxes do traballo cooperativo	CSC CSIEE

MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS				
<i>Obxectivos da etapa</i>	<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias clave</i>
				CAA
a b c d e f g h	C1.6. Interese e actitude positiva cara a materia, actividades propostas, profesorado e compañeiros/as.	B1.7. Mostrar interese e ter unha actitude positiva cara a materia, actividades propostas, profesorado e compañeiros/as.	MM1.7.1. Ten interese e actitude positiva cara a materia e as actividades propostas.	CSC CSIEE CAA
			MM1.7.2. É respetoso/a co resto de compañeiros/as e co profesorado.	CCL CSC CAA
BLOQUE 2: Materiais aritméticos				
a b c d e f g h	C2.1. Construción de barallas e dominós de fraccións	B2.1 Recoñecer os diferentes significados das fraccións e distinguir o seus diferentes usos segundo o contexto.	MM2.1.1 Recoñece os diferentes significados de fracción: como parte dun todo, división ou operador.	CMCCT
			MM2.1.2 Utiliza a interpretación de fracción adecuada ao contexto dos problemas.	CMCCT CAA
		B2.2 Desenvolver estratexias para identificar facilmente fraccións equivalentes e calcular a súa expresión decimal, aplicándoo na súa ordenación.	MM2.2.1 Identifica fraccións equivalentes.	CMCCT
			MM2.2.2 Realiza a conversión entre fracción e número decimal (ou número decimal e fracción).	CMCCT
			MM2.2.3 Ordena fraccións empregando fraccións equivalentes ou a súa expresión decimal	CMCCT
			MM2.2.4. Emprega con soltura a calculadora para facer comparacións de fraccións, calcular fraccións equivalentes e facer a conversión de fraccións a decimal e viceversa.	CD CMCCT
		B2.3 Desenvolver estratexias de cálculo para simplificar as operacións con números fraccionarios.	MM2.3.1 Deseña estratexias propias de cálculo mental que permitan simplificar as operacións de números fraccionarios.	CMCCT CSIEE CAA
			MM2.3.2. Emprega a calculadora para operar con fraccións e comprobar resultados.	CD CMCCT
a b c d e f g h	C2.2. Construción de táboas con numeración binaria	B2.4 Describir, analizar e desenvolver procesos de razoamento para a resolución de problemas aritméticos nos que se empregan as potencias e a numeración binaria.	MM2.4.1 Realiza a conversión dun números en notación decimal a binaria e de binaria a decimal.	CMCCT
			MM2.4.2 Analiza as táboas de numeración binaria e deduce as estratexias de cálculo das mesmas.	CMCCT CAA
BLOQUE 3: Materiais xeométricos				
a b c d e f g h	C3.1. Construción dun Tangram	B3.1 Recoñecer as figuras xeométricas planas.	MM3.1.1 Identifica e clasifica tódalas figuras xeométricas que forman o tangram.	CMCCT
			MM3.1.2 Elabora criterios de clasificación das figuras creadas coas	CMCCT

MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS				
Obxectivos da etapa	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			diferentes pezas do tangram.	CSIEE CAA
		B3.2 Desenvolver estratexias de cálculo de áreas e perímetros de figuras planas	MM3.2.1 Calcula a área e os perímetros das figuras básicas que forman o tangram.	CMCCT
			MM3.2.2 Elabora estratexias de cálculo da área e o perímetro das figuras realizadas coas pezas do tangram	CMCCT CSIEE CAA
		B3.3 Recoñecer figuras semellantes e construír figuras semellantes a unha dada. Establecer a relación entre as áreas e os perímetros de figuras semellantes.	MM3.3.1 Realiza un tangram a unha escala determinada.	CMCCT
MM3.3.2 Calcula a área e o perímetro das figuras dun tangram construído cunha escala determinada a partir da área e o perímetro das pezas dun tangram dado	CMCCT			
		B3.4 Empregar adecuadamente na resolución de problemas os números decimais, as súas aproximacións e os radicais para o cálculo de áreas e perímetros dependendo do grao de precisión dado polo contexto do problema.	MM3.4.1 Realiza os cálculos da área e perímetro das pezas dun tangram coa precisión pedida, sabendo distinguir se é necesario o uso de decimais e as súas aproximacións ou o uso de medidas exactas con radicais	CMCCT
a b c d e f g h	C3.2. Construción de poliminós e policubos	B3.5 Empregar o teorema de Pitágoras e os números radicais para o cálculo de lonxitudes.	MM3.5.1 Emprega o teorema de Pitágoras para calcular o diámetro dos tetraminós e pentaminós.	CMCCT
			MM3.5.2 Emprega correctamente os números radicais para o cálculo do diámetro dos tetraminós e pentaminós.	CMCCT
		B3.6 Coñecer os eixes de rotación e simetría de figuras planas.	MM3.6.1 Identifica os eixes de rotación e simetría de todos os tetraminós e pentaminós	CMCCT
		B3.7 Construír figuras planas coa mesma área e diferente perímetro.	MM3.7.1 Constrúe, empregando todos os pentaminós, rectángulos de diferente perímetro	CMCCT
		B3.8 Calcular áreas laterais e volumes de corpos xeométricos realizados con policubos.	MM3.8.1 Constrúe e calcula a superficie e o volume dos tricubos.	CMCCT
			MM3.8.2 Constrúe todos os tetracubos e verifica que todos teñen o mesmo volume e diferente área.	CMCCT
		B3.9 Coñecer os desenvolvementos planos dos policubos.	MM3.9.1 Desenvolve, na trama isométrica, os diferentes pentacubos.	CMCCT
			MM3.9.2 Constrúe un pentacubo a partir do seu desenvolvemento na trama isométrica.	CMCCT
B3.10 Aplicar a semellanza e as escalas para calcular áreas e volumes.	MM3.10.1 Calcula áreas e volumes de figuras a escala do pentacubo "L"	CMCCT		
a b c d e f g h	C3.3. Construción de poliedros	B3.11 Identificar e clasificar os diferentes tipos de poliedros, os seus desenvolvementos planos e calcular a	MM3.11.1 Identifica e constrúe os sólidos platónicos e os poliedros irregulares a través do seu desenvolvemento plano ou da papiroflexia.	CMCCT

MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS				
Objetivos da etapa	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		súa característica de Euler.	MM3.11.2 Realiza o desenvolvemento plano de calquera poliedro.	CMCCT
			MM3.11.3 Calcula a característica de Euler dos poliedros.	CMCCT
BLOQUE 4: Traballando coas unidades de medidas				
a b c d e f g h	C.4.1. Cálculo de distancias óptimas entre puntos no espazo (sobre distintas caras de poliedros)	B4.1 Elaborar modelos a escala do espazo tridimensional para resolver problemas en contextos reais	MM4.1.1 Elabora un modelo a escala para calcular a distancia mínima entre dous puntos do espazo colocados nunha mesma cara dun ortoedro.	CMCCT
			MM4.1.2 Elabora un modelo a escala para calcular a distancia mínima entre dous puntos situados en dúas caras dun ortoedro pero a unha mesma distancia das bases.	CMCCT
			MM4.1.3 Elabora un modelo a escala para calcular a distancia mínima entre dous puntos calquera situados na superficie dun ortoedro.	CMCCT
				B4.2 Calcular distancias no espazo
		B4.3 Calcular erros nos cálculos aproximados	MM4.3.1 Calcula os erros cometidos no cálculo de distancias entre dous puntos calquera no espazo.	CMCCT
a b c d e f g h	C4.2. Dedución práctica de optimización de dimensións	B4.4 Realizar modelos a escala no plano e no espazo.	MM4.4.1 Realiza un modelo a unha escala dada dun depósito en forma de prisma	CMCCT
			MM4.4.2 Realiza un modelo a unha escala dada dun depósito cilíndrico.	CMCCT
		B4.5 Elaborar táboas de recollida de información e representar graficamente a información recollida nas mesmas. Interpreta a información gráfica.	MM4.5.1 Elabora táboas nas que se recollen as medidas (lonxitude, área e volume) dos diferentes modelos a escala dos depósitos creados.	CMCCT
			MM4.5.2 Representa graficamente a información recollida nunha táboa e distingue os modelos lineais e cadráticos.	CMCCT
			MM4.5.3 Analiza as propiedades (continuidade, crecemento, máximos e mínimos) dunha gráfica construída a partir dunha táboa de datos.	CMCCT
		B4.6 Empregar a linguaxe alxébrica para expresar modelos de cálculos de áreas e volumes.	MM4.6.1 Emprega a linguaxe alxébrica para expresar as fórmulas de cálculo da área e o volume dun depósito en forma de prisma ou cilíndrico	CMCCT
			MM4.6.2 Emprega a linguaxe alxébrica para dar a expresión analítica dunha función dada en forma de táboa.	CMCCT
B4.7 Optimizar problemas en contextos reais.	MM4.7.1 Constrúe en depósito óptimo (volume máximo cunha cantidade de material fixada) en forma de prisma.	CMCCT		

MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS				
Obxectivos da etapa	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			MM4.7.2 Constrúe en depósito óptimo (volumen máximo cunha cantidade de material fixada) en forma de cilindro.	CMCCT
BLOQUE 5: Probabilidade				
a b c d e f g h	C5.1. Iniciación ao azar	B5.1. Coñecer e empregar a linguaxe propia dos estudos probabilísticos	MM5.1.1. Coñece e emprega a linguaxe propia dos estudos probabilísticos	CCL CMCCT
		B5.2. Coñecer algúns conceptos básicos da probabilidade	MM5.2.1. Coñece os conceptos de espazo muestral, suceso aleatorio, sucesos compostos, unión e intersección, suceso contrario, seguro e imposible, frecuencias relativas e absolutas, sucesos equiprobables.	CMCCT
		B5.3. Calcular frecuencias relativas y asignar probabilidades	MM5.3.1. Calcular frecuencias relativas e absolutas a través de experimentos	CMCCT
		B5.4. Deducir la lei de Laplace	MM5.4.1. Chega de forma intuitiva a la regla de Laplace.	CMCCT CAA CSIEE
		B5.5. Coñecer sucesos equiprobables dos que non o son	MM5.5.1. Distingue entre sucesos equiprobables dos que non o son. MM5.5.2. Distingue xogos equitativos dos que non o son	CMCCT CMCCT
		B5.6. Construir diagramas de árbore	MM5.6.1. Constrúe diagramas de árbore e deduce a probabilidade final polo produto de probabilidades	CMCCT
BLOQUE 6: Arte e matemáticas				
a b c d e f g h	C6.1. Balda de Moebius	B6.1. Coñecer a banda de Moebius e as súas propiedades topolóxicas.	MM6.1.1. Constrúe unha banda de Moebius.	CMCCT
			MM6.1.2. Compara as propiedades de figuras creadas cortando en partes (metade, terzo, cuarta parte) un cilindro e unha banda de Moebius.	CMCCT
a b c d e f g h l n	C6.2. Música e matemáticas.	B6.2 Coñecer as proporcións que rexen a música e relacionar as fraccións e as súas potencias cos compases, tempos e intervalos na música.	MM6.2.1 Constrúe un monocordio para reproducir as proporcións musicais (quinta, cuarta, terceira, oitava...)	CSIEE CSC
			MM6.2.2 Calcula a duración de pezas musicais empregando as fraccións que representan os compases e o tempo da obra	CMCCT CSC
			MM6.2.3 Opera con intervalos musicais e relaciona as potencias cos sostidos e os bemois	CMCCT CSC
a b c d e f g h l n	C6.3. Pintura e matemáticas	B6.3 Recoñecer as figuras xeométricas, as simetrías e as proporcións das obras de arte.	MM6.3.1 Identifica os rectángulos áureos en obras pictóricas (A <i>Gioconda</i> de Leonardo da Vinci, <i>O nacemento de Venus</i> de Sandro Boticelli...)	CMCCT CSC
			MM6.3.2 Analiza as proporcións dun corpo humano empregando o	CMCCT

MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS				
Obxectivos da etapa	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			cadro <i>O home de Vituvrio</i> de Leonardo Da Vinci	CSC
			MM6.3.3 Analiza as composicións xeométricas dos cadros de Vasili Kandinsky y Joan Miró	CMCCT CSC
a b c d e f g h l n	C6.4. Arquitectura e matemáticas.	B6.4 Coñecer como son os xiros, rotacións, traslacións e simetrías no plano e empregalos para construír mosaicos e teselacións.	MM6.4.1 Constrúe todas as teselacións do plano que se poden facer con polígonos regulares	CMCCT CSIEE
			MM6.4.2 Constrúe mosaicos uniformes e non uniformes	CSIEE CSC
			MM6.4.3 Deseña empregando as figuras xeométricas planas, xiros, rotacións, traslacións e simetrías unha vidreira.	CMCCT CSIEE CSC
		B6.5 Realizar construcións de arquitectura origámica	MM6.5.1 Realiza unha postal pop-up de arquitectura origámica	CSIEE CSC

20.5. A avaliación.

Cada bloque de contidos leva asociadas unhas actividades a desenvolver que se farán na clase e na casa. As actividades realizaranse de forma individual ou grupal e cada estudante deberá ter rexistro do traballado realizado en dita actividade. O feito de traballar con material manipulativo esixe que o alumnado sexa responsable de traelo e se esforce na súa construción para o bo desenvolvemento das clases, por iso, estes feitos terán un grande peso na cualificación final.

Para acadar a cualificación da materia o profesorado terá en conta:

- A actitude na clase, fronte á materia, o traballo e o respecto aos demais e ao seu traballo.
- O feito de traer todo o material necesario para a realización das actividades.
- A puntualidade na entrega do rexistro de actividades.
- A realización das terefas encomendadas para a casa.
- A execución e rexistro individual das actividades realizadas.
- A correcta realización dos materiais elaborados.

A valoración negativa nalgún dos puntos anteriores pode supoñer a non superación da materia pois son puntos que valoran contidos e criterios de cualificacións transversais a tódolos bloques da materia.

Os dous primeiros puntos valerán o 30% da nota final e será cualificados coa observación directa e diaria na aula. Os outros catro puntos, que serán 70% da nota da avaliación, serán cualificados a través da recollida dos rexistros escritos do alumnado que recollen de forma individual a realización das actividades e a recollida do material realizado polo alumnado.

O alumnado que non leve unha cualificación positiva nalgúnhas das avaliacións deberá realizar unhas tarefas de recuperación establecidas polo profesorado e que deberá entregar en prazo e forma indicados polo mesmo. A nota final será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións. En caso de non ter unha cualificación final positiva, o alumnado deberá presentar correctamente, na convocatoria extraordinaria, todo o material, actividades e tarefas de recuperación establecidas polo profesor/a durante o curso.

20.6. Rúbricas para a avaliación.

RÚBRICA PARA AVALIAR A ACTITUDE (ATENCIÓN/PARTICIPACIÓN) NAS CLASES					
<i>Cráterios</i>	<i>Moi ben (3)</i>	<i>Ben (2)</i>	<i>Regular (1)</i>	<i>Mal (0)</i>	<i>PUNTOS</i>
PUNTUALIDADE	-Sempre chega puntual ás clases.	-Algunha vez non chega puntual ás clases.	-Bastantes veces non chega puntual ás clases	-Moitas veces non chega puntual ás clases.	
COMPOSTURA NA CLASE	-Sempre garda silencio.	- Normalmente garda silencio e cala cando se lle pide /avisa.	-Non garda silencio (normalmente), pero cala cando se lle chama a atención.	-Non garda silencio nunca, (a pesares dos avisos), e falta ao respecto /molesta aos compañeiros /profesor continuamente.	
ATENCIÓN E TRABALLO	-Sempre presta atención e non se distrae con outros temas. -Sempre está traballando ben	-Si, presta atención pero hai momentos en que non mostra interese. -Normalmente está traballando ben	-Non presta atención e hai momentos nos que se evade da clase con outras cousas. -Traballa irregularmente (deixa pasar o tempo para rematar na casa)	-Non presta atención e molesta aos demais compañeiros. -Non traballa nada.	
PARTICIPACIÓN	-Atende sempre ás explicacións, concentrado e de forma activa.	-Si, normalmente parece que atende á explicación (ou por momentos atende)	-Non atende ás explicacións pero non molesta aos demais.	-Non atende ás explicacións prefere facer outra cousas, ás	

RÚBRICA PARA AVALIAR A ACTITUDE (ATENCIÓN/PARTICIPACIÓN) NAS CLASES					
<i>Critérios</i>	<i>Moi ben (3)</i>	<i>Ben (2)</i>	<i>Regular (1)</i>	<i>Mal (0)</i>	<i>PUNTOS</i>
	(Interactúa...) -Sempre participa voluntariamente nas actividades (orais ou escritas).	aínda que está distraído con outras cousas. -Si, participa pero só cando se lle pregunta.	-Non participa voluntariamente, aínda que ás veces fai comentarios puntuais dalgún tema	vezes molesta aos demais. -Non participa nin aporta ideas	
MATERIAL PARA EMPREGAR NA CLASE	-Sempre ben co material necesario para seguir a clase	- Algunhas veces ben sen material pero solventa as necesidades atendendo e seguindo a clase	- Algunhas veces ben sen material e non segue a clase.	- Moitas veces sen material que lle impide traballar na aula	

RÚBRICA PARA EVALUAR O CADERNO DE TRABALLO/ACTIVIDADES DE CLASE/AULA					
<i>Critérios</i>	<i>Moi ben (4)</i>	<i>Ben (3)</i>	<i>Regular (2)</i>	<i>Mal (1)</i>	<i>PUNTOS</i>
PRESENTACIÓN/ ORGANIZACIÓN	- Introduce as actividades ao comezo dunha páxina co número de unidade e o seu título. -Realiza e organiza as actividades na orde proposta e non deixa espazos en branco	- Non introduce algunha das unidades, ou falta algún dos elementos mencionados. - Case sempre realiza e clasifica as actividades na orde proposta e deixa algún espazo en branco	- Algunhas das unidades non están identificadas ou faltan a maioría dos elementos -A miúdo non realiza e/ou clasifica as actividades na orde proposta e deixando espazos en branco.	-A maioría das unidades non están identificadas. -Nunca realiza nin clasifica as actividades na orde proposta e deixa moitos espazos en branco	
NORMAS DE ESCRITURA/ CALIGRAFÍA	- Ten tódolos enunciados e pasos a realizar nas actividades completos. -Escribe con letra clara (caligrafía lexible) e sen faltas de ortografía, respectando as normas de escritura - Emprega sempre a linguaxe matemática adecuada	-Falta algún enunciado e/ou pasos a realizar nas actividades -Escribe con letra bastante clara aínda que as veces costa lela, e ten algunhas faltas de ortografía ou non respecta as as normas de escritura. - Normalmente emprega a linguaxe matemática adecuada	-Faltan bastantes enunciados e pasos a realizar nas actividades -Escribe con letra pouco clara, é difícil a súa lectura, e ten bastantes faltas de ortografía e fallos nas normas de escritura. - Case nunca emprega a linguaxe matemática adecuada	-Faltan a maioría dos enunciados e pasos a realizar nas actividades -A letra súa non é clara nin lexible, ten moitas faltas de ortografía, non respectando as normas de escritura. - Nunca emprega a linguaxe matemática adecuada	
CONTIDOS/ AUTO-CORRECCIÓN/ MATERIAL ELABORADO	-Ten tódalas tarefas feitas completas e rematadas coas respostas -Ten tódalas actividades coa reposta correcta, ou corrixidas e os erros sinalados os ten corrixidos e non os volve a repetir. -Ten todo o material ben feito	-Ten a maioría das tarefas feitas e rematadas completamente -Ten a maioría das actividades coa resposta correcta ou corrixidas, aínda que lle faltan algunhas, e os erros sinalados e corrixidos poucas veces os volve a repetir. - Ten case todo o material feito e ben.	-Ten bastantes tarefas sen facer e/ou sen rematar. -Ten bastantes actividades sen resposta ou sen corrixir e os erros sinalados e corrixidos soe volver a repetilos. - Fáltalle material ou non o ten ben feito	-Ten a maioría das tarefas sen facer e/ou sen rematar. -Ten a maioría das actividades sen resposta ou sen corrixir, e os erros sinalados non os soe corrixir e os volve a cometer unha e outra vez. - Fáltalle moito material e/ou teno mal feito	

RÚBRICA PARA AVALIAR A ACTITUDE E TRABALLO NA CASA					
<i>Critérios</i>	<i>Moi ben (3)</i>	<i>Ben (2)</i>	<i>Regular (1)</i>	<i>Mal (0)</i>	<i>PUNTOS</i>
REALIZACIÓN DE TAREFAS	- Sempre entrega as tarefas correctamente feitas, amosando interese en facelas ben.	- Normalmente entrega as tarefas feitas, amosando interese en facelas.	- Bastantes veces non entrega as tarefas e/ou están realizadas con pouco interese por facer as cousas ben.	- Case nunca entrega as tarefas e/ou están mal feitas. Non mostra interese pola realización correcta das mesmas.	
ENTREGA DE TAREFAS	- Sempre entrega as tarefas en prazo.	- Algunha vez non entrega as tarefas en prazo.	- Bastantes veces non entrega as tarefas en prazo.	- Case nunca entrega as tarefas en prazo.	

21. Módulo de ciencias aplicadas de FP Básica II

21.1. Introducción e contextualización

Na FP Básica, a programación didáctica é unha planificación detallada dos módulos asignados ao Título Profesional Básico concreto e non só é un documento prescriptivo da acción docente que hai que elaborar para o seu envío á administración, pois toda programación didáctica debe ser útil para:

- Guiar a aprendizaxe do alumnado, na medida en que a través da guía ofrécense os elementos informativos suficientes para determinar que é o que se pretende que se aprenda, como se vai a facer, baixo que condicións e como vai ser avaliado o alumnado.
- Lograr a transparencia na información da oferta académica. A programación didáctica debe ser para a comunidade escolar un documento público fácilmente comprensible e comparable.
- Facilitar un material básico para a avaliación tanto da docencia como do docente, xa que representa o compromiso do profesorado e o seu departamento ao redor de diferentes criterios (contidos, formas de traballo ou metodoloxía e avaliación de aprendizaxes) sobre os que ir desenvolvendo o ensino e reflicte o modelo educativo do docente.
- Mellorar a calidade educativa e innovar a docencia. Como documento público para a comunidade escolar está suxeito a análise, crítica e mellora.
- Axudar ao profesorado para reflexionar sobre a súa propia práctica docente.

21.2. Orientacións pedagóxicas

O módulo de Ciencias Aplicadas II contribúe a alcanzar as competencias para a aprendizaxe permanente e contén a formación para que, utilizando os pasos do razoamento científico, basicamente a observación e a experimentación, o alumnado aprenda a interpretar fenómenos naturais e, do mesmo modo, poida afianzar e aplicar hábitos saudables en tódolos aspectos da súa vida cotiá.

Igualmente, fórmase para que utilice a linguaxe operacional das matemáticas na resolución de problemas de distinta índole, aplicados a calquera situación, na súa vida cotiá e na súa vida laboral.

A estratexia de aprendizaxe para o ensino deste módulo, que integra ciencias como as matemáticas, a física e a química, a bioloxía e a xeoloxía, enfocarase aos conceptos principais e aos principios das ciencias, involucrando ao alumnado na solución de problemas e noutras tarefas significativas, e permitiralles traballar de xeito autónomo para construír a súa propia aprendizaxe e culminar en resultados reais xerados por eles mesmos.

Adaptacións pedagóxicas do curso 21/22

Por mor da situación que estamos a vivir, neste curso 2021/2022 pola covid-19, priorizaranse dende comezos de curso os contidos cun marcado carácter práctico, para poder tratalos dun xeito presencial e utilizando os ordenadores cos que contamos na aula (cada alumno/a dispón dun ordenador).

21.3. Competencias do módulo de ciencias aplicadas II e liñas de actuación.

A formación no módulo Ciencias Aplicadas II contribúe a alcanzar as seguintes competencias profesionais, persoais, sociais e as competencias para a aprendizaxe permanente:

- Resolver problemas predicibles relacionados coa súa contorna física, social, persoal e produtivo, utilizando o razoamento científico e os elementos proporcionados polas ciencias aplicadas.
- Actuar de forma saudable en distintos contextos cotiáns que favorezan o desenvolvemento persoal e social, analizando hábitos e influencias positivas para a saúde humana.
- Valorar actuacións encamiñadas á conservación do medio ambiente diferenciando as consecuencias das actividades cotiáns que poida afectar o equilibrio do mesmo.
- Obter e comunicar información destinada ao autoaprendizaxe e ao seu uso en distintos contextos da súa contorna persoal, social ou profesional mediante recursos ao seu alcance e os propios das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Comunicarse con claridade, precisión e fluidez en distintos contextos sociais ou profesionais e por distintos medios, canles e soportes ao seu alcance, utilizando e adecuando recursos lingüísticos orais e escritos propios da lingua.
- Realizar explicacións sinxelas sobre acontecementos e fenómenos característicos científicos a partir da información dispoñible.

- Cumprir as tarefas propias do seu nivel con autonomía e responsabilidade, empregando criterios de calidade e eficiencia no traballo asignado e efectuándoo de forma individual ou como membro dun equipo.
- Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das distintas persoas que interveñen no seu ámbito de traballo, contribuíndo á calidade do traballo realizado.
- Asumir e cumprir as normas de calidade e as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades nun laboratorio evitando danos persoais, laborais e ambientais.
- Actuar con espírito emprendedor, iniciativa persoal e responsabilidade na elección dos procedementos da súa actividade profesional.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar as competencias do módulo versarán sobre:

- Resolución de problemas, tanto no ámbito científico como no cotián.
- Interpretación de gráficos e curvas.
- Aplicación, cando proceda, do método científico.
- Valoración do ambiente e da influencia dos contaminantes.
- Características da enerxía nuclear.
- Aplicación de procedementos físicos e químicos elementais.
- Realización de exercicios de expresión oral.
- Representación de forzas.

21.4. Obxectivos xerais do módulo de Ciencias Aplicadas II

A formación no módulo Ciencias Aplicadas II contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos:

- Interpretar manuais de uso de máquinas, equipos, útiles e instalacións.
- Comprender os fenómenos que acontecen na contorna natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver habilidades para formular, expor, interpretar e resolver problemas aplicar o razoamento de cálculo matemático para

desenvolverse na sociedade, na contorna laboral e xestionar os seus recursos económicos.

- Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e poñelos en relación coa saúde individual e colectiva e valorar a hixiene e a saúde para permitir o desenvolvemento e afianzamento de hábitos saudables de vida en función da contorna no que se atopa.
- Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e sustentabilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural para valorar as consecuencias que se derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental.
- Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando con sentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación para obter e comunicar información na contorna persoal, social ou profesional, aprender e facilitar as tarefas laborais.
- Comparar e seleccionar recursos e ofertas formativas existentes para a aprendizaxe ao longo da vida para adaptarse ás novas situacións laborais e persoais.
- Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo, a participación e o espírito crítico para resolver situacións e incidencias tanto da actividade profesional como da persoal.
- Desenvolver traballos en equipo, asumindo os seus deberes, respectando aos demais e cooperando con eles, actuando con tolerancia e respecto aos demais para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.
- Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral co propósito de utilizar as medidas preventivas correspondentes para a protección persoal, evitando danos ás demais persoas e no medio ambiente.

21.5. Contidos do módulo de Ciencias Aplicadas II

BC1. Resolución de ecuacións e de sistemas en situacións cotiás	<ul style="list-style-type: none"> – Transformación de expresións alxébricas. Operacións alxébricas de suma, diferenza, produto, cociente e factor común. – Obtención de valores numéricos en fórmulas. Regra de Ruffini. – Polinomios: raíces e factorización. Teorema do resto e teorema do factor. – Resolución alxébrica e gráfica de ecuacións de primeiro e de segundo grao. – Resolución de sistemas de ecuacións sinxelos. – Técnicas de resolución de problemas con ecuacións e sistemas. – Linguaxe alxébrica. Precisión e simplicidade na tradución de situacións reais.
-----------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

BC2. Resolución de problemas sinxelos	<ul style="list-style-type: none"> –Método científico. –Fases do método científico: observación, elaboración de hipóteses, experimentación, análise de resultados, e leis ou teorías. –Aplicación das fases do método científico a situacións sinxelas. –Traballo en equipo: repartición de tarefas e de responsabilidades, cooperación, respecto e orde. Elaboración de informes.
BC3. Realización de medidas en figuras xeométricas	<ul style="list-style-type: none"> –Puntos e rectas. –Rectas secantes e paralelas. –Ángulo: medida. –Polígonos: descrición dos seus elementos e clasificación. –Triángulos. Semellanza; teoremas de Tales e de Pitágoras. –Circunferencia e os seus elementos. Medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes. Asignación de unidades. –Cálculo de medidas indirectas. Semellanzas; descomposición en figuras máis simples. –Traballo en equipo: repartición de tarefas e de responsabilidades, cooperación e respecto. Presentación de resultados. –Uso de aplicacións informáticas de xeometría dinámica para o estudo e a representación de figuras xeométricas.
BC4. Interpretación de gráficos	<ul style="list-style-type: none"> –Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, una gráfica ou unha expresión analítica. –Funcións lineais. Ecuación da recta. –Funcións cuadráticas. Representación gráfica. –Representación gráfica da función inversa e da función exponencial. –Uso de aplicacións informáticas para a representación, a simulación e a análise da gráfica dunha función. –Estatística. Táboas e gráficos estatísticos. Medidas de centralización e dispersión. –Cálculo de probabilidades. Propiedades dos sucesos e da probabilidade. Resolución de problemas
BC5. Aplicación de técnicas físicas ou químicas	<ul style="list-style-type: none"> –Material básico no laboratorio. Inventario. –Normas de traballo no laboratorio. –Medida de magnitudes fundamentais: lonxitude, masa, peso, volume, densidade, temperatura, etc. –Recoñecemento de biomoléculas orgánicas e inorgánicas. –Microscopio óptico e lupa binocular: fundamentos ópticos e manexo; utilización para describir a célula, e os tecidos animais e vexetais. –Informes de traballo no laboratorio: estrutura e formato.
BC6. Recoñecemento	<ul style="list-style-type: none"> –Reacción química. Componentes e procesos. Ensaio de laboratorio.

de reaccións químicas cotiás	<ul style="list-style-type: none"> –Condicións de produción das reaccións químicas: intervención de enerxía. –Reaccións químicas en ámbitos da vida cotiá, da natureza e na industria. –Reaccións químicas básicas: combustión, oxidación, descomposición, neutralización, síntese, aeróbica e anaeróbica. –Procesos que teñen lugar nas industrias máis salientables (alimentarias, cosmética e de reciclaxe). –Normas de seguridade no traballo de laboratorio.
BC7. Identificación de aspectos relativos á contaminación nuclear	<ul style="list-style-type: none"> –Orixe da enerxía nuclear. –Tipos de procesos para a obtención e o uso da enerxía nuclear: fusión e fisión. –Residuos radioactivos provenientes das centrais nucleares: problemática da súa xestión e do seu tratamento. –Traballo en equipo: repartición de tarefas e de responsabilidades, normas, orde e elaboración de informes.
BC8. Identificación dos cambios no relevo e na paisaxe da Terra	<ul style="list-style-type: none"> –Axentes xeolóxicos externos e internos. –Acción dos axentes xeolóxicos externos: meteorización, erosión, transporte e sedimentación. –Identificación dos resultados da acción dos axentes xeolóxicos. –Relevo e paisaxe. Factores condicionantes.
BC9. Categorización dos contaminantes atmosféricos principais	<ul style="list-style-type: none"> –Concepto. –Chuvia ácida. –Efecto invernadoiro. –Destrución da capa de ozono.
BC10. Identificación de contaminantes da auga	<ul style="list-style-type: none"> –Auga: factor esencial para a vida no planeta. –Contaminación da auga: causas e efectos. –Tratamentos de depuración e potabilización de auga. –Métodos de almacenamento da auga proveniente dos desxeamentos, as descargas fluviais e a chuvia.
BC11. Equilibrio ambiental e desenvolvemento sustentable	<ul style="list-style-type: none"> –Concepto e aplicacións do desenvolvemento sustentable. –Factores que inciden sobre a conservación do ambiente. –Accións que contribúen ao mantemento e na mellora do equilibrio ambiental.
BC12. Influencia das forzas sobre o estado de repouso e de movemento dos corpos	<ul style="list-style-type: none"> –Clasificación dos movementos segundo a súa traxectoria e a súa aceleración. –Distancia percorrida, velocidade e aceleración. Unidades do Sistema Internacional e máis habituais. Cálculos en movementos con aceleración constante. –Magnitudes escalares e vectoriais: distancia percorrida, velocidade e aceleración. –Movemento rectilíneo uniforme: características. Interpretación gráfica.

	<ul style="list-style-type: none"> –Forza: resultado dunha interacción. Relación entre forzas e movementos. –Representación de forzas aplicadas a un sólido en situacións habituais. Resultante. –Leis de Newton.
BC13. Produción e utilización da enerxía eléctrica	<ul style="list-style-type: none"> –Electricidade e desenvolvemento tecnolóxico. –Materia e electricidade. –Magnitudes básicas manexadas no consumo de electricidade: enerxía e potencia. Aplicacións na vida cotiá: interpretación do recibo da luz. –Hábitos de consumo e aforro de electricidade. –Sistemas de produción de enerxía eléctrica: tipos de centrais eléctricas, as súas vantaxes e as súas desvantaxes. –Transporte e distribución da enerxía eléctrica: etapas. –Traballo en equipo: repartición de tarefas e de responsabilidades; elaboración de informes.
BC14. Identificación compoñentes de circuítos básicos	<ul style="list-style-type: none"> –Elementos dun circuíto eléctrico. –Compoñentes básicos dun circuíto eléctrico. Cálculo da resistencia dun condutor. –Elaboración e interpretación de esquemas eléctricos. –Circuítos serie, paralelo e mixto. –Magnitudes eléctricas básicas. –Realización de medidas experimentais de resistencia, voltaxe e intensidade. –Cálculo da enerxía consumida e da potencia disipada nos compoñentes eléctricos.

NOTA IMPORTANTE: a formación profesional básica organízase de acordo co principio de atención á diversidade dos alumnos e as alumnas; por iso, en todo momento, os contidos anteriores adaptaranse ás necesidades do alumnado e á adquisición progresiva das competencias da aprendizaxe permanente, para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.

Como consecuencia, tanto os propios contidos impartidos como a propia metodoloxía serán adaptados na medida do posible para responder á diversidade do alumnado.

21.6. Unidades didácticas e temporalización

Faise unha temporalización de unidades tendo en conta que no terceiro trimestre do curso impártese o módulo de FCT, polo que se acurta o traballo no devandito trimestre do módulo de Ciencias Aplicadas II, de maneira que a distribución trimestral das once unidades didácticas do curso escolar é a seguinte:

1º TRIMESTRE	Unidade 1. O método científico e a aplicación de técnicas físicas e químicas.
	Unidade 2. Figuras xeométricas.
	Unidade 3. Cambios no relevo e paisaxe da Terra.
	Unidade 4. Equilibrio ambiental e desenvolvemento sustentable.
	Unidade 5. A contaminación do medio ambiente.
	Unidade 6. Álgebra, ecuacións e sistemas.
2º TRIMESTRE	Unidade 7. A reacción química.
	Unidade 8. Reaccións químicas e nucleares.
	Unidade 9. Funcións e estatística.
	Unidade 10. Forzas e movemento.
	Unidade 11. A enerxía eléctrica.

21.7. Metodoloxía didáctica

Desde o punto de vista da participación e actividade do alumno na súa aprendizaxe (para responder a modelos de docencia centrados no desenvolvemento de competencias do alumnado), as metodoloxías para utilizar na aula serán:

- Clases teóricas. Exposición da teoría polo profesorado, e o alumno ou alumna toma apuntamentos (lección maxistral), ou ben participa ante preguntas do profesor.
- Aprendizaxe baseada en aplicación de casos ou discusións propiciadas polo profesor.
- Clases prácticas. Clases onde o alumnado debe aplicar contidos aprendidos na teoría.
- Clases de problemas e exercicios. O alumnado resolve un problema ou toma decisións facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría.
- Resolución de problemas ou exercicios, método do caso, exercicios de simulación con computador, etc.

Durante este curso, non será posible o traballo na aula por parellas ou pequenos grupos, debido á necesidade de manter as distancias interpersoais, pero farase de xeito individual, tratando de detectar tódalas dificultades que vaian xurdindo, para poder resolvelas e ir avanzando.

Todos os recursos se irán publicando na aula virtual para que o alumnado os poida revisar na casa e continuar traballando sobre eles cando sexa preciso.

De darse o caso de ir a un ensino non presencial, o alumnado traballaría novos contidos dunha forma máis autónoma a partir de orientacións do profesorado con material didáctico deseñado para o efecto, mediante o visionado de vídeos, procura de información na internet: aprendizaxe autónoma, autoaprendizaxe, estudo dirixido, traballo virtual en rede mediante o uso da aula virtual.

No caso de que se pase a unha situación de semipresencialidade ou de ensino a distancia, substituiranse a clases normais de exposición de novos conceptos por pequenos vídeos coas explicacións, que se publicarán na aula virtual do centro para que o alumnado poda acceder a eles en calquera momento. Deste xeito, evítase a problemática que pode xurdir cando se comparten equipos na casa ou falla a conexión a internet nun momento dado e o/a alumno/a ten unha videoconferencia á que asistir.

Pasado o prazo de resolución das tarefas, a profesora publicaraas resultas, con aclaracións para facilitar a súa comprensión. Algunhas das tarefas recolleranse e avaliaranse, facilitando o documento coas correccións oportunas a cada alumno/a.

21.8. Materiais e recursos didácticos

Para a aplicación deste módulo, os contidos desenvolveranse mediante a entrega de fichas por parte do profesorado e documentación variada obtida da internet. A aula asignada para impartir o módulo esta dotada dun computador por alumno/a.

Utilizaremos os seguintes recursos:

- Cuestionarios e probas obxectivas escritas
- Bibliografía específica
- Material escrito: libros de consulta

- Artigos de revistas de divulgación científica
- Artigos de prensa local e nacional
- Xogos de dicionarios específicos e xerais
- Colección de actividades específicas de cada unidade
- Vídeos
- Material dispoñible na rede (páxinas web con contidos da área, youtube, etc).
- Ordenador e canón.

Empregarase a aula virtual do centro para propoñer tarefas periodicamente, facilitando así que o alumnado se afaga a ela, por se fose preciso pasar a un ensino non presencial nalgún momento do curso.

21.9. Resultados da aprendizaxe e criterios de avaliación

Resultado da aprendizaxe	Criterios de avaliación
RA1. Resolve situacións cotiás aplicando vos métodos de resolución de ecuacións e de sistemas, valorando a precisión, a simplicidade e a utilidade da linguaxe alxébrica.	CA1.1. Utilizáronse identidades notables nas operacións con polinomios.
	CA1.2. Obtivéronse valores numéricos a partir dunha expresión alxébrica.
	CA1.3. Resolvéronse ecuacións de primeiro e segundo grao sinxelas de modo alxébrico e gráfico.
	CA1.4. Resolvéronse problemas cotiáns e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas.
	CA1.5. Valorouse a precisión, a simplicidade e a utilidade da linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas na vida real.
	CA1.6. Resolvéronse sistemas de ecuacións sinxelos.
RA2. Resolve problemas sinxelos de diversa índole, a través da súa análise contrastada e aplicando as fases do método científico	CA2.1. Formuláronse hipóteses sinxelas, a partir de observacións directas ou indirectas compiladas por distintos medios
	CA2.2. Analizáronse diversas hipóteses e emitíuse unha primeira aproximación á súa explicación.
	CA2.3. Planificáronse métodos e procedementos experimentais sinxelos de diversa índole para refutar ou non a súa hipótese.
	CA2.4. Traballouse en equipo na formulación dá solución.

Resultado da aprendizaxe	Criterios de avaliación
	CA2.5. Compiláronse vos resultados dous ensaios de verificación e reflectíronse nun documento de xeito coherente.
	CA2.6. Defendeuse ou resultado con argumentacións e probas, e verificacións ou refutacións das hipóteses emitidas.
RA3. Realiza medidas directas e indirectas de figuras xeométricas presentes en contextos reais, utilizando os instrumentos, as fórmulas e as técnicas necesarias.	CA3.1. Utilizáronse instrumentos apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medida.
	CA3.2. Utilizáronse estratexias (semellanzas e descomposición en figuras máis sinxelas, etc.) para estimar ou calcular medidas indirectas non mundo físico.
	CA3.3. Utilizáronse as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes, e asignáronse as unidades correctas.
	CA3.4. Traballouse en equipo na obtención de medidas.
	CA3.5. Utilizáronse as TIC para representar figuras.
RA4. Interpreta gráficas de dúas magnitudes calculando os parámetros significativos destas e relacionándoo con funcións matemáticas elementais e os principais valores estatísticos	CA4.1. Expresouse a ecuación da recta de diversas formas.
	CA4.2. Representouse graficamente a función cuadrática aplicando métodos sinxelos para a súa representación.
	CA4.3. Representouse graficamente a función inversa.
	CA4.4. Representouse graficamente a función exponencial.
	CA4.5. Extraeuse información de gráficas que representen os tipos de función asociadas a situacións reais.
	CA4.6. Utilizouse ou vocabulario adecuado para a descrición de situacións elacionadas co azar e coa estatística.
	CA4.7. Elaboráronse e interpretáronse táboas e gráficos estatísticos.
	CA4.8. Analizáronse características da distribución estatística obtendo medidas de centralización e de dispersión.
	CA4.9. Aplicáronse as propiedades dos sucesos e a probabilidade.
	CA4.10. Resolvéronse problemas cotiáns mediante cálculos de probabilidade sinxelos

Resultado da aprendizaxe	Criterios de avaliación
RA5. Aplica técnicas físicas ou químicas, utilizando ou material necesario para a realización de prácticas de laboratorio sinxelas, medindo as magnitudes implicadas	CA5.1. Verifícase a dispoñibilidade do material básico utilizado nun laboratorio.
	CA5.2. Identifícanse e médense magnitudes básicas (masa, peso, volume, densidade, temperatura, etc.).
	CA5.3. Identifícanse tipos de biomoléculas presentes en materiais orgánicos e inorgánicos.
	CA5.4. Descríbense a célula e os tecidos animais e vexetais mediante a súa observación a través de instrumentos ópticos
	CA5.5. Elaboráronse informes de ensaios onde se inclúa a xustificación, o procedemento seguido, os resultados obtidos e as conclusións.
	CA5.6. Aplícanse as normas de traballo no laboratorio
RA6. Recoñece as reaccións químicas que se producen nos procesos biolóxicos e na industria, argumentando a súa importancia na vida cotiá e describindo os cambios que se producen.	CA6.1. Identifícanse reaccións químicas principais da vida cotiá, da natureza e da industria.
	CA6.2. Descríbense as manifestacións de reaccións químicas.
	CA6.3. Descríbense os compoñentes principais dunha reacción química e a intervención da enerxía nela.
	CA6.4. Recoñécéronse algunhas reaccións químicas tipo (combustión, oxidación, descomposición, neutralización, síntese, aeróbica e anaeróbica).
	CA6.5. Identifícanse os compoñentes e o proceso de reaccións químicas sinxelas mediante ensaios de laboratorio.
	CA6.6. Elaboráronse informes utilizando as TIC sobre as industrias máis salientables (alimentaria, cosmética e de reciclaxe), describindo de forma sinxela os procesos que teñen lugar nelas.
	CA6.7. Aplícanse as normas de seguridade no traballo de laboratorio.
RA7. Identifica aspectos positivos e negativos do uso da enerxía nuclear, e escribe os efectos da contaminación xerada na súa aplicación.	CA7.1. Analízanse efectos positivos e negativos do uso da enerxía nuclear.
	CA7.2. Diferenciáronse os procesos de fusión e de fisión nuclear.
	CA7.3. Identifícanse algúns problemas sobre verteduras nucleares produto de catástrofes naturais ou de mala xestión e mal mantemento das centrais nucleares.
	CA7.4. Argumentouse sobre a problemática dos residuos nucleares
	CA7.5. Traballouse en equipo e utilizáronse as TIC

Resultado da aprendizaxe	Criterios de avaliación
RA8. Identifica os cambios que se producen no planeta Terra argumentando as súas causas e tendo en conta as diferenzas entre relevo e paisaxe.	CA8.1. Identificáronse os axentes xeolóxicos externos e cal é a súa acción sobre o relevo.
	CA8.2. Diferenciáronse os tipos de meteorización e identificáronse as súas consecuencias no relevo
	CA8.3. Analizouse o proceso de erosión, recoñecendo os axentes xeolóxicos externos que interveñen e as consecuencias no relevo
	CA8.4. Describiuse o proceso de transporte discriminando os axentes xeolóxicos externos que interveñen e as consecuencias no relevo.
	CA8.5. Analizouse o proceso de sedimentación discriminando os axentes xeolóxicos externos que interveñen, as situacións e as consecuencias no relevo.
RA9. Categoriza os contaminantes atmosféricos principais identificando as súas orixes e relacionándoas cos seus efectos.	CA9.1. Recoñecéronse os fenómenos da contaminación atmosférica e os principais axentes que a causan.
	CA9.2. Investigouse sobre o fenómeno da chuvia ácida, as súas consecuencias inmediatas e futuras, e como sería posible evitala.
	CA9.3. Describiuse o efecto invernadoiro argumentando as súas causas ou axentes que contribúen a el, así como as medidas para a súa redución.
	CA9.4. Describiuse a problemática que ocasiona a perda paulatina da capa de ozono, e as consecuencias para a saúde das persoas, o equilibrio da hidrosfera e as poboacións.
RA10. Identifica os contaminantes da auga tendo en conta a relación entre o seu efecto no ambiente e o seu tratamento de depuración.	CA10.1. Recoñeceuse e valorouse o papel da auga na existencia e na supervivencia da vida no planeta.
	CA10.2. Identificouse o efecto nocivo da contaminación dos acuíferos nas poboacións de seres vivos.
	CA10.3. Identificáronse posibles contaminantes en mostras de auga de distinta orixe, planificando e realizando ensaios de laboratorio.
	CA10.4. Analizáronse os efectos producidos pola contaminación da auga e o uso responsable desta.
RA11. Contribúe ao equilibrio ambiental, analizando e argumentando as liñas básicas sobre o desenvolvemento sustentable e propondo accións para a súa mellora e a súa conservación.	CA11.1. Analizáronse as implicacións positivas dun desenvolvemento sustentable.
	CA11.2. Propuxéronse medidas elementais encamiñadas a favorecer o desenvolvemento sustentable.
	CA11.3. Deseñáronse estratexias básicas para posibilitar o mantemento do ambiente.
	CA11.4. Traballouse en equipo na identificación dos obxectivos para a mellora ambiental.

Resultado da aprendizaxe	Criterios de avaliación
RA12. Relaciona as forzas que aparecen en situacións habituais cos efectos reducidos tendo en conta a súa contribución ao movemento ou ao repouso dos obxectos e as magnitudes postas en xogo.	CA12.1. Discrimináronse movementos cotiáns en función da súa traxectoria e da súa celeridade.
	CA12.2. Relacionáronse entre si a distancia percorrida, a velocidade, o tempo e a aceleración, expresándoas en unidades de uso habitual.
	CA12.3. Representáronse vectorialmente determinadas magnitudes como a velocidade e a aceleración.
	CA12.4. Relacionáronse os parámetros que definen o movemento rectilíneo uniforme utilizando as expresións gráfica e matemática.
	CA12.5. Realizáronse cálculos sinxelos de velocidades en movementos con aceleración constante.
	CA12.5. Realizáronse cálculos sinxelos de velocidades en movementos con aceleración constante.
	CA12.6. Describiuse a relación causa e efecto en distintas situacións, para atopar a relación entre forzas e movementos
RA13. Identifica os aspectos básicos da produción, o transporte e a utilización da enerxía eléctrica, e os factores que interveñen no seu consumo, describindo os cambios producidos e as magnitudes e valores característicos.	CA12.7. Aplicáronse as leis de Newton en situacións da vida cotiá
	CA13.1. Identificáronse e manexáronse as magnitudes físicas básicas para ter en conta no consumo de electricidade na vida cotiá.
	CA13.2. Analizáronse os hábitos de consumo e de aforro eléctrico e establecéronse liñas de mellora neles.
	CA13.3. Clasificáronse as centrais eléctricas e describiuse a transformación enerxética nelas.
	CA13.4. Analizáronse as vantaxes e as desvantaxes das centrais eléctricas.
	CA13.5. Describíronse basicamente as etapas da distribución da enerxía eléctrica desde a súa xénese á persoa usuaria
RA14. Identifica os compoñentes básicos de circuitos eléctricos sinxelos, realizando medidas e determinando os valores das magnitudes que os caracterizan.	CA13.6. Traballouse en equipo na compilación de información sobre centrais eléctricas en España
	CA14.1. Identificáronse os elementos básicos dun circuito sinxelo en relación cos existentes na vida cotiá.
	CA14.2. Puxéronse de manifesto os factores dos que depende a resistencia dun condutor.
	CA14.3. Experimentáronse sobre circuitos elementais as variacións dunha magnitude básica en función dos cambios producidos nas outras.
	CA14.4. Realizáronse esquemas de circuitos eléctricos sinxelos interpretando as situacións sobre estes.

Resultado da aprendizaxe	Criterios de avaliación
	CA14.5. Descríbóronse e exemplificáronse as variacións producidas nas asociación serie, paralelo e mixtas.
	CA14.6. Calculáronse magnitudes eléctricas elementais no contorno habitual de consumo.

21.10. Avaliación do módulo de ciencias aplicadas II

21.10.1. Criterios de cualificación

Para aprobar a avaliación deberase obter unha nota de 5 ou máis puntos. A ponderación dos distintos instrumentos de avaliación será:

Exames: 40 %

Fichas e realización de traballos: 50 %

Traballo diario na aula: 10 %

Valorarase o uso correcto do vocabulario, os erros ortográficos, a formulación dos exercicios, a limpeza e a orde, a utilización correcta das magnitudes e unidades, etc.

O atraso na entrega de traballos e prácticas poderá supoñer, a xuízo do profesorado, o recorte da cualificación ou ser cualificados coa nota mínima segundo as circunstancias.

O mal uso das instalacións e equipos, tanto na aula taller como na aula de informática, poderá supoñer, a xuízo do profesorado, a suspensión da actividade para realizar. Igualmente, o profesorado tomará todas aquelas medidas correctoras de tipo organizativo que considere oportunas para asegurar o desenvolvemento normal das clases.

A nota final do curso será a media aritmética das notas das dúas avaliacións, unha vez que se presentaron ás recuperacións necesarias.

21.10.2. Instrumentos de avaliación:

- Probas orais e/ou escritas: Terase en conta se o alumnado comprende os conceptos, como se expresa e a capacidade para explicar, interpretar e relacionar a información.

- Tarefas de clase e TICs: Valóranse as tarefas que realiza e o grao de utilización das novas tecnoloxías da comunicación e a información.
- Tarefas de casa: Valóranse as tarefas que realiza e a súa entrega en prazo e forma.
- Realización de proxectos, memorias, actividades e traballos.

21.11.3. Procedemento de recuperación de avaliacións pendentes

Para aprobar a materia será necesario obter un 5 na cualificación final. Se un alumno ou alumna ten tódalas avaliacións aprobadas durante o curso, obterá como cualificación final a media das notas obtidas durante o curso.

Para poder realizar a media das avaliacións será necesario ter un mínimo de 5 puntos en cada avaliación.

No caso de que o módulo non sexa superado, asignaráselle actividades de recuperación e seguimento, con indicación expresa da data en que serán avaliados, previa avaliación final do ciclo.

21.11.4. Superación de módulos pendentes

No proceso de avaliación continua do curso, o alumnado que non superase os obxectivos terá os seguintes procedementos de recuperación:

- Encomendaráselles traballos relacionados cos contidos programados para cada avaliación.
- Resolveranse dúbidas que quedasen pendentes observando a disposición do alumno ou alumna para superar o nivel mínimo establecido.
- Realizaranse probas escritas que permitan comprobar se o alumno ou alumna superou as carencias anteriores.

A programación destas actividades de recuperación realizarase agrupando polos distintos bloques temáticos que constitúen a materia, para facilitar ao alumnado a superación dos mínimos e dar maior coherencia aos contidos.

A posible valoración negativa indicará que o alumno ou alumna non superou os obxectivos mínimos esixibles.

21.12. Medidas de atención á diversidade

Atenderase á diversidade do alumnado a través das seguintes estratexias:

- Realizaranse agrupamentos flexibles e ritmos diferentes de traballo, sen discriminación.
- Asíumense as diferenzas no interior do grupo e propóñense exercicios de diversa dificultade de execución.

- Distínguense os exercicios que se consideran realizables pola maioría do alumnado.
- Utilízase o material didáctico complementario necesario.
- Facílítase a avaliación individualizada na que se fixan as metas que o alumno ten que acadar a partir de criterios derivados da súa propia situación inicial.
- Graduarase a dificultade do exercicio práctico técnico a resolver.
- Guiarase en maior ou menor medida o proceso de solución.

21.13. Actividades destinadas ao fomento da lectura

De forma habitual nas aulas realizaranse actividades de fomento da lectura e escritura tales como:

- Manexo de dicionarios.
- Consulta de material: permitindo o libro de texto, apuntes ou outros materiais, plantexaranse cuestión sinxelas para que o alumnado busque a información necesaria e elabore a resposta. Con esta práctica búscase a adquisición de habilidades para seleccionar información relevante nun tempo limitado.
- Utilización de linguaxe matemática e gráfica: dada a natureza práctica da materia resolveranse cuestións que a miúdo necesitarán da linguaxe matemática. Farase fincapé na correcta interpretación e elaboración de gráficos.
- Ao rematar cada tema ou unidade, para desenvolver a capacidade de síntese, pedirase ao alumnado que elabore un esquema ou un mapa conceptual da mesma.
- Aproximadamente unha vez ao mes realizaranse lecturas de textos. As respostas atoparanse claramente no texto. Pedirase a continuación un resumo moi breve do contido e a súa opinión persoal.

21.14. Usa das TICS

Durante este curso vai ser fundamental o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación:

- Apuntes
- Cuestionarios autoavaliabes

- Enlaces a webs interesantes desde o punto de vista da materia.
- Sección con tarefas que debe enviar o alumnado a través da rede.
- Foros, como instrumentos de comunicación entre o alumnado e o profesor.
- Exercicios resoltos.

22. Atención á diversidade.

22.1. Introducción.

O Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE (DOG 21/12/2011), establece as distintas medidas que se deben levar a cabo para proporcionar unha resposta axeitada ás necesidades educativas do alumnado.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no apartado 5 do seu artigo 11º que “a intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares”. Tamén dispón o mesmo Decreto no apartado 2 do seu artigo 21º que “no proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo”.

22.2. Planificación da atención á diversidade.

Non tódolos alumnos e alumnas teñen as mesmas capacidades e interese de cara ás matemáticas. Para atender a diversidade diaria da aula é conveniente ter en conta algúns aspectos como os seguintes:

- Detectar os coñecementos previos dos alumnos e alumnas ó començar un tema, propondo actividades de reforzo destinadas a aqueles alumnos e alumnas nos que se detecte un retraso significativo. Nestas actividades de reforzo procurarase priorizar o enfoque procedemental sobre o traballo con contidos conceptuais.
- Procurar que os novos contidos que se pretenden ensinar sexan axeitados o nivel de desenvolvemento cognitivo do alumnado.
- Propor actividades abertas, onde tódolos alumnos e alumnas poidan acadar algunha meta máis ou menos complexa dependendo da súa capacidade.

- Intentar que a comprensión dun contido por parte do alumnado lle sexa suficiente para facer unha mínima utilización del e para enlazar os contidos que se relacionan con el.
- Propor actividades de reforzo ou ampliación para alumnos que o precisen.

Ademais destas consideracións “do día a día da aula”, podémonos atopar con casos de maiores dificultades de aprendizaxe e que xa precisen de medidas que involucren a máis profesionais e ás familias:

En primeiro lugar, convén aclarar que, para o curso 2021-22, e unha vez consultado o Departamento de Orientación do centro, hai constancia do mesmo número de alumnado que precisa de adaptacións curriculares significativas e aumenta o alumnado con necesidades educativas específicas. O Departamento non conta para este curso con ningún apoio na aula para traballar con este alumnado. Tamén serán atendidos polo profesorado de Pedagogía Terapéutica.

Este curso o profesorado de matemáticas non impartirá reforzo da mesma ao alumnado con exencións de francés, onde vai todo aquel alumnado que, por algúnha característica ou dificultade de aprendizaxe está exento da segunda lingua extranxeira, teña dificultades na materia de matemáticas ou non. Sí é certo que o departamento de tecnoloxía ten adxudicados tres desptes reforzo e o departamento de economía outros tres e que deberá haber coordinación co profesorado encargado dos mesmos.

Unha vez exposto o anterior, procede dicir que o profesorado que imparta a materia de Matemáticas nas distintas etapas encargarse de:

- Detectar nos primeiros días do curso o alumnado que, ben por carencia de coñecementos previos, ben por dificultades de comprensión, ben por padecemento dalgún trastorno ou síndrome, ou ben por altas capacidades intelectuais, semelle que vai ter problemas para seguir unha aprendizaxe axeitada na materia de Matemáticas.
- Propoñer, na correspondente xunta de avaliación inicial, ao alumnado que precisa algún tipo de medida de atención á diversidade na materia de Matemáticas.
- Colaborar co profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) nos apoios que que desenvolvan, informándoo das carencias e problemas de aprendizaxe máis importantes que presenta cada un dos alumnos e alumnas afectados pola medida, achegándolles os mínimos esixibles que debe alcanzar o alumnado afectado, pasándolles o material que precisen e procurando a maior coordinación posible co que se está facendo no grupo de referencia.

- Detectar, no proceso de avaliación continua, o alumnado que nun determinado momento do curso comeza a precisar dunha medida de atención á diversidade, informando entón do feito ao titor ou titora, ao departamento de Orientación e as familias, e propoñendo, as medidas que estimen oportunas.
- Seguir as pautas establecidas polo Departamento de Orientación para o alumnado con trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH), das cales se falará no apartado seguinte.
- Seguir as pautas establecidas polo Departamento de Orientación para o alumnado con síndrome de Asperger, das cales se falará tamén nun apartado posterior.
- Seguir as pautas que logo se dirán para a atención ao alumnado de altas capacidades.

22.3. Reforzos educativos fora da aula

Son medidas ordinarias de atención á diversidade dirixidas ao alumnado que ten certas dificultades na aprendizaxe dunha determinada parte da materia. En ningún caso, supoñen adaptación de contidos ou modificación de obxectivos e, por outra parte, os referentes de avaliación continúan sendo os mesmos que os do grupo ordinario ao que pertencen. **Trátase, en definitiva, de “repasar” e “insistir” nos mesmos contidos que se están desenvolvendo no grupo ordinario.**

Neste curso 2021/22, o Departamento non ten asignados grupos de reforzo educativo na materia de Matemáticas para o alumnado de 2º da ESO coma outros anos (están asignados aos departamentos de tecnoloxía e economía). Este alumnado é o de 2º ESO que está exento da segunda lingua estranxeira polo que vai ao reforzo con distintos niveis de dificultades (haberáos con dificultades en linguas pero non en matemáticas, por exemplo). Xunto con eles sae tamén o alumnado con adaptacións curriculares significativas que ademáis saen mais horas co personal de Pedagogía terapeutica.

22.4. Apoios na ESO

Aínda que a maioría dos apoios que se imparten por persoal especializado levan aparelladas adaptacións curriculares, hai casos nos que non é así. É alumnado que, ben polas deficiencias que vai arrastrando, ben pola súa forma de ser, ou ben por algún trastorno que padece (TDAH, síndrome de Asperger, ...), precisan dunha atención moi individualizada para seguir o ritmo da aprendizaxe en varias materias. Son medidas extraordinarias de atención á diversidade, en canto conlevan un cambio esencial no ámbito organizativo (e curricular nalgúns casos). Serán impartidas polo profesorado de Pedagogía

Terapéutica do centro e están dirixidas ao alumnado que, polas dificultades que presenta, está exento da segunda lingua estranxeira. Estase a falar logo dun tipo de medida na que o destinatario non só aprende a dominar contidos, senón que tamén aprende a organizarse á vez que gana confianza e colle seguridade. E todo iso, ao igual que no caso dos reforzos educativos, sen necesidade de tocar, en moitos casos, contidos ou obxectivos e mantendo os mesmos referentes da avaliación que no grupo ordinario.

Neste curso, prevese que reciba apoio o seguinte alumnado:

1. O alumnado que, ben polos informes recibidos dos colexios de primaria ou ben polo que se foi falando deles nas avaliacións do curso pasado, xa foron preseleccionados polo Departamento de Orientación, antes do comezo do curso, para recibir o citado apoio. Este alumnado terá exención da segunda lingua estranxeira.
2. O alumnado que á proposta do equipo docente, ben na avaliación inicial ou ben noutra avaliación posterior, e logo da autorización da correspondente familia, deba incorporarse a esta medida, podendo quedar entón exento da segunda lingua estranxeira.
3. Alumnado que ten unha adaptación curricular significativa, que para este curso serán uns 10 alumnos/as entre 1º e 2º da ESO.

22.5. Medidas de atención específicas para o alumnado con TDAH

De acordo coas directrices marcadas polo Departamento de Orientación do IES, o profesorado encargado de impartir a materia de Matemáticas naqueles grupos onde hai alumnos con TDAH tomarán con cada un deles as seguintes medidas:

- Colocalo cerca do/a profesor/a, cun compañeiro/a que o “titorice”, rodeado de alumnado tranquilo e lonxe de estímulos distractorios.
- Asegurarse de que apunta na axenda as tarefas ou traballos a facer e as datas en que debe entregalos, pedíndollos expresamente o día anterior ao marcado para a súa entrega.
- Comunicarlle ao titor ou titora, canto antes, calquera incidencia que deba ser posta en coñecemento da familia.
- Realizar un seguimento moi continuo da súa actitude e do seu proceso de aprendizaxe.
- Establecer con el un sinal segredo de aviso para evitar ter que chamarlle a atención constantemente diante dos compañeiros e compañeiras.
- Ignorar no posible as condutas non axeitadas e resaltar as positivas.

- Ser firmes, sen implicación emocional, cando haxa que aplicar as correccións, procurando que participe activamente nas solucións
- Evitar exames longos e complexos e, no seu lugar, poñerlle probas con predominio de preguntas cortas, claras e escritas con letra grande e ben espazadas entre si, destacando as palabras clave en negriña ou subliñadas, e apoiándoas, se é preciso, con debuxos, esquemas ou imaxes.
- Escribir, ao final das probas, frases como “REPASA o exame e asegúrate de que respondiches a todas as preguntas” ou ao final dos exercicios “ A SOLUCIÓN é...” para que complete (sobre todo se se piden varias cousas)
- Deixarlle, se o precisa, máis tempo do inicialmente marcado para a realización dos exames.
- Asegurarse de que entende ben o que se lle pide en cada pregunta dunha proba, permitindo, nese sentido, que lle pregunte ao profesor o que estime oportuno.
- Revisar, de cando en vez, o que está facendo nos exames, preguntándolle que tal lle vai e aclarándolle calquera dúbida que lle xurda. Todo isto para que se sinta seguro e tranquilo.
- Impedir que entregue os exames de maneira precipitada e non recollerllo ata que o entreguen a maioría dos seus compañeiros e compañeiras.
- Facerlle bastantes probas orais, pois este tipo de alumnado ten bastante dificultade para organizar mentalmente a información que debe plasmar por escrito.
- Tomar en consideración as intervencións orais na clase á hora de cualificalo.

22.6. Medidas de atención específicas para o alumnado con síndrome de Asperger

De acordo coas directrices marcadas polo Departamento de Orientación do IES, o profesorado encargado de impartir a materia de Matemáticas naqueles grupos dos niveis nos que hai alumnado con síndrome de Asperger tomarán con cada un deles as seguintes medidas:

- Asegurarse de que os pais estean ao corrente dos deberes, exames e actividades de calquera tipo, anotándollo, se é preciso, na axenda escolar.
- Evitar explicarlle algo con frases ambiguas que poidan levalo a unha interpretación errónea do que se lle quere transmitir.

- Asegurarse de que comprendeu perfectamente as instrucións ou tarefas encomendadas.
- Procurar buscarlle un/ha compañeiro/a que o “titorice”. A elección debe contar sempre coa aceptación de ambas as dúas partes.
- Transmitirlle confianza e valorar moito os seus logros.
- Inducilo a que participe nos xogos de grupo, pero tendo en conta as súas dificultades e respectando aqueles momentos nos que desexe estar só.
- Ser firmes, sen implicación emocional, cando haxa que aplicar as correccións, procurando que participe activamente nas solucións.
- Reducir o número de actividades esixidas para a casa, especialmente aquelas nas que deba escribir moito.
- Evitar exames longos e complexos e, no seu lugar, poñerlle probas con predominio de preguntas cortas, claras e escritas con letra grande e ben espazadas entre si, destacando as palabras clave en negriña ou subliñadas, e apoiándoas, se é preciso, con debuxos, esquemas ou imaxes.
- Escribir, ao final das probas, frases como “REPASA o exame e asegúrate de que respondiches a todas as preguntas”.
- Deixarlle, se o precisa, máis tempo do inicialmente marcado para a realización dos exames.
- Asegurarse de que entende ben o que se lle pide en cada pregunta dunha proba, permitindo, nese sentido, que lle pregunte ao profesor o que estime oportuno.
- Revisar, de cando en vez, o que está facendo nos exames, preguntándolle que tal lle vai e aclarándolle calquera dúbida que lle xurda. Todo isto para que se sinta seguro e tranquilo.
- Non penalizar a incorrecta escritura, desorganización ou faltas de ortografía, agás, claro está, nas preguntas específicas de corrección ortográficas.
- Avaliar as probas escritas máis en función do contido que da presentación ou mala estruturación.
- Comprender a súa problemática e destacar moi positivamente o seu esforzo.

22.7. Medidas de atención específicas para o alumnado con altas capacidades

A pesar de que os propios especialistas na materia recoñecen que o concepto de “altas capacidades” non é doado e que, dependendo de certos matices, é máis axeitado falar de “talento” ou “precocidade intelectual”, o certo é que o alumnado de altas capacidades caracterízase

fundamentalmente pola posesión destas tres cualidades:

- Unha capacidade intelectual superior á media, en relación tanto a habilidades xerais como específicas.
- Un alto grado de dedicación ás tarefas que lle resulten interesantes, amosando unha gran perseveranza, resistencia e confianza en si mesmo.
- Altos niveis de creatividade, considerando a creatividade como capacidade das persoas para responder con fluidez, flexibilidade e orixinalidade.

A identificación do alumnado de altas capacidades non é sinxela, ao cal contribúen en moitos casos as ideas equivocadas que temos o profesorado sobre este tipo de alumnado (falsos estereotipos):

- Pensamos que sempre deberían sobresaír en todas as materias.
- Pensamos que sempre deberían ter bos resultados académicos e, cando isto non sucede, apresurámonos a pensar que “non lle notamos nada especial” ou “que están rendendo por debaixo das súas posibilidades”.
- Cremos que deberían ser maduros, que deberían amosar autocontrol, que deberían ser independentes e autónomos na súa aprendizaxe, que deberían ser responsables,...
- Cremos que deberían ser sempre extravertidos, inquedados, activos e moi participativos.
- Imaxinámoslos coma os alumnos “ideais”: aplicados, obedientes, responsables, brillantes, comprometidos, maduros, reflexivos, ...

A realidade normalmente é moi diferente:

- Son alumnos cun potencial moi elevado, pero moitas veces cun rendemento moi baixo.
- Quedan sen motivación con bastante facilidade.
- Soen cometer moitos erros por querer rematar axiña.
- Debido a súa facilidade de aprendizaxe, case nunca acadan bos hábitos de estudo.
- Teñen bastante fracaso escolar.
- A súa madurez emocional non sempre coincide coa súa idade mental.

- É habitual que teñan problemas de adaptación, de comportamento e de autoestima.
- A miúdo cústalles atopar amigos cos que compartir os seus intereses.
- A relación cos compañeiros da súa idade soe ser complicada, sendo moitas veces vítimas do acoso escolar.

Afortunadamente, á etapa da ESO, a gran maioría do alumnado con altas capacidades xa chega diagnosticado e incluso con **flexibilización de etapa** (xeralmente por pasar da ESO cun ano de adianto). O Departamento de Orientación, en canto ten constancia destas circunstancias, xa llo comunica ao profesorado afectado.

De todas as maneiras, e independentemente do que se acaba de expoñer convén estar atento cando nun alumno ou alumna se observen os seguintes comportamentos:

- Resolve mentalmente problemas matemáticas.
- Desfruta traballando con problemas e xogos lóxicos e tamén con actividades de categorización.
- Aмосa pensamento abstracto.
- Le con facilidade diagramas e esquemas gráficos.
- Escribe e exprésase mellor que a media.
- Desfruta cos xogos de palabras.
- Presentan gran curiosidade e un desexo constante sobre o por que das cousas.
- Ten un forte sentido da independencia e da vontade.
- Síntese cómodo traballando só.
- Ten unha gran memoria.
- Presenta perseveranza naquelas actividades e tarefas que lle motivan e interesan.
- Prefire actividades nas que experimenta, descubre, investiga, etc
- Distráese moito cando algo non lle interesa.
- Non se concentra cando ten que facer actividades de xeito “mecánico” ou “repetitivo”.

- Non ten hábitos de estudo

As pautas que o departamento de Matemáticas propón á hora de traballar cun alumno ou aluma de altas capacidades son medidas ordinarias que afectan fundamentalmente á metodoloxía e que teñen por obxectivo fomentar a súa motivación e evitar a frustración. E, aínda que moitas delas conlevan un enriquecemento e un maior afondamento nos contidos que se desenvolven, non van ter en ningún caso un carácter extraordinario (nin desde un punto de vista organizativo nin desde un punto de vista curricular). É dicir, nin a este tipo de alumnado se lle vai esixir máis que o resto nin se lle van aplicar criterios de avaliación diferentes. Esta pautas son as seguintes:

1. Comunicarlle que está identificado como alumnado de altas capacidade e que se lle vai aplicar unha metodoloxía axeitada ao seu potencial.
2. Procurar coñecer os temas que máis lle interesan.
3. Evitar a distracción na clase, estimulando a súa motivación e potenciando a súa autonomía e o seu interese, substituíndo o seu traballo da aula correspondente a contidos que xa ten perfectamente asimilados por actividades na aula de enriquecemento ou afondamento neses mesmos contidos que esixan maior nivel intelectual, tales como:
 - Elaboración e deseño dun problema de enxeño que propondrá para que o resolvan os seus compañeiros e compañeiras.
 - Elaboración do enunciado dun problema, dadas as operacións e o resultado.
 - Resolución de xeroglíficos relacionados co tema que se está traballando.
 - Invención dun xeroglífico relacionado cos contidos que se están desenvolvendo.
 - Transformación dun problema nunha noticia periodística ou viceversa.
4. Estimular a súa receptividade coa programación de actividades fóra da aula do seguinte tipo:
 - Actividades que lle esixan pensar a un nivel máis sofisticado.
 - Actividades que esixan a incorporación de todos os recursos materiais e ferramentas educativas dispoñibles.
 - Actividades que inviten a realizar traballos fóra do habitual.
 - Actividades que conecten coas súas áreas de esforzo e interese.
 - Actividades que lle axuden a estudar novos temas dentro e fóra do programa.

- Actividades coas cales poda aplicar as súas habilidades para propoñer solucións a problemas reais da súa contorna máis ou menos próxima.
5. Propoñerlle a planificación e organización de debates na aula (por exemplo, unha vez por trimestre) que lle permitan expoñer e discutir a súas ideas sobre temas do seu interese.
 6. Procurar, a través do Departamento de Orientación, directrices propias ou de plataformas de apoio a este tipo de alumnado.

22.8. Medidas de atención específicas para o alumnado de tardía incorporación ao centro

O IESP de Ames está contínuamente recibindo alumnado durante o curso. Se esté alumnado ben doutro centro de Galicia ou doutro centro estatal, o alumnado chega co seu expediente académico e danos información sobre o seu desenvolvemento da aprendizaxe e contidos impartidos pero, cando o alumnado ven procedente do extranxeiro non temos referencia do nivel curricular que este trae.

O Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas pola Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, establece as distintas actuacións que un centro, e a administración, deben seguir cando un alumno ou alumna de secundaria chega ao centro procedente do extranxeiro, e regula a súa incorporación ao mesmo. Non pasa o mesmo co alumnado do Bacharelato e, en calquera dos casos, tampouco fala do modo de cualificación do alumnado.

En calquera dos casos, cando un alumno ou alumna, de secundaria ou de bacharelato, chega ao centro, o primeiro que se fará será unha avaliación inicial para ver o nivel curricular dende o que partimos. Emitirase un informe que se remitirá ao departamento de Orientación e dirección para que tomen as medidas oportunas e dispoñibles para a mellor inmersión deste alumnado.

As medidas que o alumnado de bacharelato procedente doutro sistema educativo distinto ao español ten, fora do reforzo e apoio do profesorado das distintas áreas, son nulas, así como a regulación das súas cualificacións fora das programacións didácticas dos departamentos polo que, para este alumnado, o departamento decide ter os seguintes criterios de avaliación e cualificación:

- No momento no que un alumno/a chega ao centro, xa comezado o curso escolar e impartidos algúns contidos, o profesorado fará unha proba ao alumnado sobre os coñecementos de ditos contidos. Se con esa proba se constata que o alumnado ten adquiridos ditos contidos ou que os seus coñecementos previos non imposibilitan a consecución final dos mínimos esixibles da materia, o alumnado será cualificado cunha nota de 5 nas

avaliacións nas que non estivo escolarizado no centro. De non ter adquiridos ditos contidos ou querer obter unha nota superior en ditas avaliacións, o profesorado porá en marcha un programa de reforzo para este alumnado, que finalizará coa realización dunha proba escrita que engloba os contidos da avaliación a cualificar. A cualificación desa proba será a súa nota final das avaliacións ás que se presenta.

- As sucesivas cualificacións das avaliacións faranse da forma contemplada nesta programación para os distintos niveis.

23. Programa de recuperación de materias pendientes

23.1. Introducción

Segundo o apartado 3) do artigo 23º do Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, **o alumnado da ESO que promocione ao curso seguinte coas Matemáticas pendientes** seguirá o programa de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes a ditos programas de reforzo. Por outra parte, o último parágrafo do apartado 2c do referido artigo establece que na ESO as materias coa mesma denominación en diferentes cursos considéranse como materias distintas. Do anterior dedúcese que na ESO **a avaliación da materia pendente é totalmente independente da materia do propio curso, polo cal convén ter moi claro que a superación desta última non implica unha avaliación automática positiva da materia pendente.**

En canto ao Bacharelato, do contido do apartado 1) do artigo 35º do citado Decreto 68/2015, dedúcese que o Departamento de Matemáticas deberá organizar actividades de recuperación e avaliación para **o alumnado de Bacharelato que promocione a 2º coas Matemáticas pendientes.** Convén precisar ao respecto que, de acordo co tenor do artigo 36º do mesmo Decreto, a superación das Matemáticas II (Matemáticas aplicadas II) estará condicionada a superación das Matemáticas I (Matemáticas aplicadas I) ao tratarse de materias entre as cales hai continuidade.

23.2. Información inicial.

Cada alumno e alumna con Matemáticas pendientes recibirá ao principio do curso unhas follas explicativas nas que se recollerán os seguintes aspectos sobre a materia pendente: libro de texto (que será o mesmo que se utilizou o curso pasado), contidos esixibles para a recuperación da materia (son os contidos que o departamento considera mínimos e son contidos traballados amplamente polo profesorado na aula), criterios de avaliación, plan de traballo, procedemento de avaliación e cualificación, profesor ou profesora encargado do seguimento do plan de traballo e horario e lugar de atención ao alumnado afectado.

23.3. Plan de traballo.

Ao comezo do curso facilitaráselle ao alumnado afectado unha serie de actividades para o traballo persoal da materia pendente. Estas actividades serán elaboradas polo Departamento e serán deseñadas, de acordo cos contidos esixibles e os criterios de avaliación referidos

anteriormente, para orientar o máximo posible ao alumnado de cara a proba escrita que deberán facer ao final do programa (de feito, a práctica totalidade das preguntas desas probas escritas serán similares ás das actividades propostas). Este plan de traballo será controlado polo profesorado do nivel no que estea o/a alumno/a matriculado durante o curso académico que lle irá solicitando ditas actividades.

23.4. Procedemento de avaliación.

Durante o curso haberá tres probas escritas, que se realizarán antes de cada avaliación e cuxas datas de realización programará a Xefatura de Estudos, e nas que o alumnado poderá superar a materia pendente.

As dúas primeiras probas serán parciais que dividen a materia á metade e a terceira será unha proba global.

Se un alumno ou alumna saca nas probas parciais escritas unha nota mínima de 5, superará a materia pendente e non terá que presentarse á terceira proba global. A súa nota global será a media aritmética das notas dos parciais.

De non acadar a nota mínima de 5 nalgunha das probas parciais, terase que presentar á proba global coas partes que non teña superadas e acreditar nela que alcanza os mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva na materia.

O alumnado que non logre superar a materia pendente despois do proceso referido, terá oportunidade de facelo nunha cuarta proba, na convocatoria extraordinaria e que abarcará toda a materia.

O Departamento considera que o currículo das materias de matemáticas, na etapa da Educación Secundaria Obligatoria, vai traballando e profundizando os contidos de cursos inferiores polo que, outra maneira que terá o alumnado da ESO para superar as materias pendentes será aprobando a materia de matemáticas do curso de referencia. A nota da materia pendiente, neste caso, será de 5.

Para o alumnado de 2º Bacharelato coas matemáticas de 1º de Bacharelato suspensas, terá que superar a materia pendente a través das probas escritas arriba referidas, pois a superación da materia do segundo curso está condicionada á superación da do primeiro curso.

24. Acreditación de coñecementos previos en segundo de Bacharelato

24.1. Introducción

Na resolución do 17 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, establece, na súa disposición adicional segunda, no apartado 3j, que as programacións didácticas recollerán a “organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato”.

En relación co alumnado de segundo curso de Bacharelato que, como consecuencia dun cambio de modalidade, deba acreditar coñecementos nalgunha materia de primeiro, a citada Resolución establece no apartado décimo noveno dúas fórmulas para tal acreditación:

a) Cursando e superando esa materia. No caso de non poder asistir simultaneamente ás clases, a materia do primeiro curso levarase coma se fose unha materia pendente. Neste segundo suposto, a mesma norma dispón que o departamento didáctico que a imparte proporá ao alumnado un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas e programará probas parciais para verificar a superación desa materias.

b) Que o profesorado da materia de segundo curso decida, empregando criterios obxectivos e avaliábeis, que o alumno ou alumna reúna as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. Esta acreditación ten que ser antes do comezo do periodo lectivo.

24.2. Procedemento

Haberá que distinguir os seguintes tres casos:

1. **Alumnado que vai cursar Matemáticas aplicadas II tendo cursadas e superadas en primeiro as Matemáticas I.**

Acreditación: automática. Neste caso, a nota que se adxudicará á materia de Matemáticas aplicadas ás ciencias Sociais I será a mesma que a que o alumno ou alumna acadou na materia de Matemáticas I. De querer subir a súa nota, poderá presentarse como se fora unha materia pendente. A nota final resultante será a máis alta das dúas

2. **Alumnado que vai cursar Matemáticas aplicadas II tendo cursadas e non superadas en primeiro as Matemáticas I ou non tendo cursada**

ningunha materia de matemáticas en 1º de Bacharelato.

Neste suposto, ofrécenselle ao alumnado tres opcións:

- Que curse e supere as Matemáticas aplicadas I
- Que leve as Matemáticas aplicadas I como unha materia pendente. Nesta opción, será de aplicación todo o exposto no apartado “Programas para a recuperación das materias pendentes”.
- Que se presente e supere o exame da convocatoria extraordinaria de Matemáticas Aplicadas I para acreditar, previo ao comezo das clases, de forma obxectiva e avaliable, os seus coñecementos da materia.

3. Alumnado que vai cursar Matemáticas II tendo cursadas (superadas ou non superadas) en primeiro as Matemáticas aplicadas I ou non tendo cursada ningunha materia de matemáticas en 1º de Bacharelato.

Neste suposto, ofrécenselle ao alumado tres opcións:

- Que curse e supere as Matemáticas I
- Que leve as Matemáticas I como unha materia pendente. Nesta opción, será de aplicación todo o exposto no apartado “Programas para a recuperación das materias pendentes”.
- Que se presente e supere o exame da convocatoria extraordinaria de Matemáticas I para acreditar, previo ao comezo das clases, de forma obxectiva e avaliable, os seus coñecementos da materia.

25. Actividades complementarias e extraescolares.

O Departamento de Matemáticas ten previstas, para este curso escolar, as seguintes actividades, que se realizarán se as condicións sanitarias o permiten e/ou a realización das mesmas garanten a seguridade para o noso alumnado:

- Selección e preparación de alumnado de 1º ESO para participar nas probas de selección de alumnado que entrará o próximo curso no proxecto “ESTALMAT”.
- Selección e preparación de alumnado de 2º ESO para participar nas distintas fases da “Olimpíada de matemáticas de 2º ESO”.
- Preparación do alumnado interesado en participar no Canguro Matemático.
- Selección e preparación de alumnado de 2º de Bacharelato de cara a participar, no mes de xaneiro, na “Olimpíada Matemática”.
- Asistencia co alumnado a algunha exposición de temas relativos ás Ciencias
- Asistencia co alumnado a algunha conferencia sobre temas matemáticos que se considere axeitada para as súas idades.
- Organización do IV Concurso de fotografía matemática do IES de Ames

Con carácter máis xeral, o departamento colabora coas actividades propostas polo centro e actividades organizadas pola biblioteca.

26. Acciões de contribución aos proxectos do centro

26.1. Acciões de contribución ao Plan TIC

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no apartado 8 do seu artigo 11º, o seguinte: “promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe”.

As Programación Xerais Anuais do IES Plurilingüe de Ames veñen recollendo, curso a curso, a intención de seguir progresando no uso das TIC no centro.

Neste sentido, ademais de continuar utilizando nos cursos de primeiro e segundo da ESO os recursos que ofrece o Proxecto Abalar, o departamento de Matemáticas formula as seguintes accións para contribuír ao fomento das TIC no centro:

- Adestrar ao alumnado no emprego eficaz da calculadora nos curso de bacharelato e últimos da ESO.
- Utilizar follas de cálculo ocasionalmente, por exemplo na simulación da obtención das cualificacións, na obtención de gráficas sinxelas, no cálculo de medidas estatísticas, en diagramas de dispersión,...
- Deseñar prácticas periódicas con programas informáticos destinados a realización de operacións, a construción de figuras xeométricas, a medición de áreas, a composición de movementos e o tratamento de gráficos e datos estatísticos.
- Propoñer algunha actividade consistente en buscar información na rede sobre un determinado matemático.
- Propoñer algunha actividade consistente en buscar nas páxinas web doutros centros algún exercicio curioso relacionado coa materia que se está a desenvolver.
- Avanzar na utilización do encerado dixital, por parte do profesorado, para a exposición de certos contidos.
- Avanzar na utilización de presentacións dixitais con diapositivas, por parte do profesorado, para que o alumnado poda entender mellor as súas explicacións.
- Propoñerlle ao alumnado un traballo en grupo ao longo do curso deseñado como presentación de diapositiva e relacionado co tratamento

estadístico de datos recollidos, con desenvolvemento plano de poliedros, cos movementos no plano e a súa aplicación nas artes, coa fotografía matemática, ou con calquera tema que os docentes estimemos de interese.

26.2. Accións de contribución ao Proxecto lector

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no apartado 7 do seu artigo 11º, que “coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicárase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias”.

Por outra parte, o **Plan Anual de Lectura do IES Plurilingüe de Ames** fixa, entre os seus obxectivos, os seguintes:

- Crear e fomentar hábitos lectores no alumnado, dentro e fora da comunidade educativa.
- Desenvolver e mellorar a comprensión lectora.
- Desenvolver e mellorar a competencia escrita do alumnado.
- Familiarizar ao alumnado co manexo de todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos,
- Fomentar as capacidades de creación literari e artística do alumnado.
- Fomentar a capacidade investigadora do alumnado mellorando a súa destreza no manexo de distintas fontes de información
- Trasladar ao ámbito extraescolar e familiar o interese pola lectura.

Este mesmo Plan Anual de Lectura considera establece varias estratexias para conseguir os seus obxectivos. Entre elas, a de “implicar a toda comunidade educativa”.

O propio Plan Lector propón que dende os departamentos didácticos se realicen actividades para cubrir varios aspectos como son, entre outros, a formación de usuarios e educación documental (levar ao alumnado á biblioteca para coñecer os fondos que posúe respecto á materia), a divulgación e adquisición de novos fondos e o fomento da lectura e a creación literaria. Durante este curso, coa biblioteca transformada nunha aula, estas actividades vernase mermadas sen poder potenciar a formación como lectores máis aló de que consulten no MEIGA os libros dos que dispón a biblioteca e os soliciten no recreo semanal correspondente ao seu curso.

Aproveitando a temática das biblioteca escolares deste curso 2020/21: Xeografías Literarias (constelacións temáticas), realizaranse traballos de

cartografía e proxeccións celestes naqueles cursos onde sexan posibles.

Ademáis, o Departamento de Matemáticas, vai propoñer ao alumnado a lectura de libros de narrativa relacionados coas Matemáticas.

O profesorado poderá, para estimular a lectura destes libros, calificar a realización voluntaria das mesmas e subir, ata un punto, na media final da materia, sempre e cando esta sexa superior ou igual a 5. A proba necesaria para calificala poderá ser oral ou escrita. O profesorado elixirá o método que considere oportuno para elo (en ningún caso, a lectura voluntaria destes textos servirá para aprobar a materia).

27. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no apartado 3 do seu artigo 21º, o seguinte: “o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas”.

Por outra parte, a resolución do 17 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, establece na súa disposición adicional segunda, apartado 3h, que as programacións didácticas deben incluír “indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente”

Nese proceso de avaliación dos procesos de ensino e da súa propia práctica docente, o Departamento de Matemáticas establece os indicadores de logro que figuran nas táboas que aparecen a continuación deste parágrafo cunha escala de 1 a 4 aparellada, na cal 1 indica logro mínimo ou inexistente; 2, logro baixo; 3, logro importante; e 4, o logro total desexado.

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.				
2. Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe.				
3. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguir a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado.				
8. Utilizar distintos instrumentos de avaliación.				
9. Valorar realmente a observación do traballo na aula.				
10. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado.				

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado.				
2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise				
3. Elaborar actividades atendendo á diversidade.				
4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo.				
6. Potenciar estratexias de animación á lectura.				
7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.				
8. Incorporar as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
9. Prestar atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
10. Corrixir rapidamente as probas e traballos				
11. Debater co alumnado sobre a corrección das probas e traballos				
12. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.				
13. Implicarse nas funcións de titoría e orientación.				
14. Adecuar os apoios e reforzos aos estándares de aprendizaxe.				
15. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación				

28. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no apartado 2 do seu artigo 21º, o seguinte: “a avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe”.

Por outra parte, a resolución do 17 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, establece na súa disposición adicional segunda, apartado 3º, que as programacións didácticas deben incluír “mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora”

Ao longo do proceso de desenvolvemento da programación, cada profesor/a do departamento irá avaliando unha diversidade de aspectos tales como: se os contidos e obxectivos se adecúan por igual ás realidades existentes nos seus respectivos grupos, se é posible respectar en tódolos seus grupos as temporalizacións fixadas para o tratamento das distintas unidades, se os mínimos esixibles son os axeitados, se o aproveitamento dos recursos é o óptimo, se as medidas de atención á diversidade funcionan, ...

Por outra parte, é case seguro que ao longo do curso académico xurdan actividades interesantes que non figuraban na programación e novas ideas sobre un ou máis aspectos da programación inicial.

As reunións do Departamento conforman o escenario propicio para debater sobre todo o comentado anteriormente. E dicir, **conforman o instrumento fundamental para avaliar conxuntamente o desenvolvemento da programación e para acordar, se procede, adaptacións ou modificacións parciais en calquera momento do curso que resolvan os problemas que van aparecendo.**

De todas as maneiras, debe ser no momento en que o Departamento elabore a memoria final cando se avalíe a fondo o grao de desenvolvemento de cada un dos elementos máis importantes da programación, analizando, nos casos en que ese desenvolvemento sexa deficiente, as súas causas, a maneira de corrixilas e a conveniencia de introducir modificacións ao seu respecto na programación do seguinte curso. Para facilitar a citada avaliación, o departamento de Matemáticas establece os seguintes indicadores do grao de desenvolvemento dos elementos máis importantes da programación cunha escala de 1 a 4, na cal 1 indica desenvolvemento mínimo ou inexistente; 2, desenvolvemento deficiente; 3,

desenvolvemento aceptable; e 4, desenvolvemento esperado e desexado.

Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela	Escala			
	1	2	3	4
Respectar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas				
Respectar a secuenciación prevista dos estándares para cada unha das unidades.				
Respectar o grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.				
Utilizar todos os materiais didácticos previstos.				
Utilizar o libro de texto como material didáctico fundamental.				
Respectar o plan de avaliación inicial fixado.				
Respectar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.				
Respectar os criterios establecidos para as recuperacións.				
Respectar os criterios establecidos para a avaliación final.				
Respectar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
Respectar os criterios establecidos para o seguimento e avaliación das materias pendentes.				
Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias				
Informar ao titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.				
Adequar os exames aos estándares establecidos.				
Realizar as actividades complementarias previstas.				
Informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
Contribuír desde a materia ao plan de lectura do centro.				
Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.				
Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación				

29. Aprobación da programación

Os compoñentes do departamento de Matemáticas do IES Plurilingüe de Ames, aproban, por unanimidade, a presente PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021-2022 e, en sinal de conformidade, asinan a continuación a mesma:

Profesor ou profesora	Sinatura	Profesor ou profesora	Sinatura
Carreira Rodríguez, Julio		Santiago Díaz, Lucía	
López Álvarez, Sara María		Giménez Insua, Miguel	
Mosquera Pérez, Lila Beatriz		Pérez Fernández, Alba	
Rodríguez Fernández, Ana María		Raposo Rodríguez, Fernando	
Vázquez López, Marta		Rodríguez Pereira, Laura	